



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 97

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 11 de febreiro de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en pleno

4.4 30933 (09/PNP-002247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecustos, garantir a transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 10.12.2014

4.6 31926 (09/PNP-002317)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva, e Ron Fernández, José Javier
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles aos doentes de hepatite C o acceso ás novas terapias existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.1.2015

4.7 31929 (09/PNP-002318)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles aos doentes de hepatite C o acceso ás novas terapias existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.1.2015

4.8 32076 (09/PNP-002333)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para implantar de xeito progresivo un ensino plurilingüe nos centros educativos de bacharelato, formación profesional e outras ensinanzas postobrigatorias.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 404, do 22.1.2015

Punto 5. Interpelacións

5.1 1811 (09/INT-000106)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre a construción dos quince novos centros de saúde comprometidos na campaña electoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 7.1.2013

5.2 26027 (09/INT-000947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis
Sobre o Plan de xestión da sardiña para os próximos tres anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336, do 8.9.2014

5.3 26099 (09/INT-000956)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón, e Díaz Pérez, Yolanda
Sobre o Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336, do 8.9.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 32859 (09/POPX-000112)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a perda de dereitos dos cidadáns galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

6.2 32873 (09/POPX-000113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a rectificación da política lingüística do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

6.3 32886 (09/POPX-000114)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda
Sobre o horizonte temporal da política de austeridade do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 32887 (09/PUP-000172)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Beiras Torrado, Xosé Manuel e 6 máis
Sobre a sentenza xudicial referida ao proceso selectivo para a cobertura temporal de 12 prazas de persoal laboral para o Grupo de Emerxencias e Salvamento de Mugardos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

7.2 31945 (09/POP-002855)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a actuación prevista pola Xunta de Galicia en relación cos desafuzamentos no sector do Parque Ofimático da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.01.2015

7.3 32600 (09/POP-002963)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e sete deputados/as máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto dos principais factores que contribuíron a reducir a taxa de abandono escolar dende o ano 2009 ata a actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

7.4 32888 (09/PUP-000173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel, e tres deputados/as máis
Sobre o número de doentes galegos que están a recibir os novos tratamentos contra a hepatite C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

7.5 32380 (09/POP-002929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento da Lei de inclusión social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

7.6 32897 (09/PUP-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar o peche do centro especial de emprego para persoas con discapacidade de ASPANAS-TERMAL de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

7.7 31999 (09/POP-002866)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e tres deputados/as máis

Sobre o número de explotacións galegas que arrendaron cota láctea na última campaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.1.2015

7.8 32926 (09/PUP-000176)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Pacín, María Isabel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a busca dunha estrutura que asegure a viabilidade do sector lácteo galego no marco da desaparición das cotas do leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 5.2.2015

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a perda de dereitos dos cidadáns galegos. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. .10)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a rectificación da política lingüística do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o horizonte temporal da política de austeridade do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecustos e garantir a transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto. (Punto cuarto da orde do día)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 19.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. González Santín (S).* (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 23.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 23.) e *Sr. Gómez Alonso (P).* (Páx. 25.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervéñ para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 26.)

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia o debate acumulado das seguintes iniciativas. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles aos doentes de hepatitis C o acceso ás novas terapias existentes. (Punto cuarto da orde do día)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles aos doentes de hepatitis C o acceso ás novas terapias existentes. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 27.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 31.), *Sr. Vázquez Fernández (S)* (Páx. 31.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 33.)

A señora Solla Fernández (AGE) (Páx. 35.) e *a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 36.) *interveñen para pechar o debate.*

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para implantar de xeito progresivo un ensino plurilingüe nos centros educativos de bacharelato, formación profesional e outras ensinanzas postobrigatorias. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Piñeiro Martínez (P).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 39.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 41.) e *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 43.)

A señora Piñeiro Martínez (P) intervéñ para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 44.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas quendas de traballo propostas na xuntanza do 21 de novembro de 2014 para o persoal adscrito aos centros asistenciais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Ourense: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ante o Goberno central e a Unión Europea en relación con terceiros países que non cumpran os requisitos establecidos no Regulamento europeo sobre pesca ilegal non declarada e non regulamentada, ou pesca INDNR: *aprobado por 64 votos a favor, ningún en contra e 7 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar e nove deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de actuacións de obra pública nos concellos de Marín, Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación do punto primeiro da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecustos, garantir a transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto: *rexeitado por 16 votos a favor, 39 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecustos, garantir a transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles aos doentes da hepatite C o acceso ás novas terapias existentes: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirles aos doentes da hepatitis C o acceso ás novas terapias existentes: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para implantar de xeito progresivo un ensino plurilingüe nos centros educativos de bacharelato, formación profesional e outras ensinanzas postobrigatorias: *aprobada por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Interpelación de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a construción dos quince novos centros de saúde comprometidos na campaña electoral. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 48.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 50.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 51.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 52.)

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o Plan de xestión da sardiña para os próximos tres anos. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 54.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 56.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 59.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 62.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 65.)

Declaración institucional

A señora Presidenta le unha declaración institucional, presentada por todos os grupos parlamentarios, referida á decisión da Asemblea Xeral das Nacións Unidas do 1 de novembro de 2005 de designar o día 27 de xaneiro como o Día Internacional da Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto. (Páx. 66.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a sentenza xudicial referida ao proceso selectivo para a cobertura temporal de 12 prazas de persoal laboral para o Grupo de Emerxencias e Salvamento de Mugardos. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 69.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a actuación prevista pola Xunta de Galicia en relación cos desafuzamentos no sector do Parque Ofimático da Coruña. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 72.)

Modificación da orde do día

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia a retirada da pregunta que figuraba en terceiro lugar e o debate a continuación da que figuraba en cuarto lugar. (Páx. 72.)

Pregunta de D. Manuel Vázquez Fernández e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número de doentes galegos que están a recibir os novos tratamentos contra a hepatitis C. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 73.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Mosquera Álvarez)*. (Páx. 75.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento da Lei de inclusión social de Galicia. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 78.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar o peche do centro especial de emprego para persoas con discapacidade de Aspanas Termal de Ourense. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 79.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 81.)

Pregunta de D. Pablo García García e tres deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número de explotacións galegas que arrendaron cota láctea na última campaña. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. García García (S)*. (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 82.)

Réplica do autor: *Sr. García García (S)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 84.)

Pregunta de D.^a María Isabel García Pacín e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a busca dunha estrutura que asegure a viabilidade do sector lácteo galego no marco da desaparición das cotas do leite. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 86.)

Remata a sesión ás cinco e cincuenta e sete minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Vaian ocupando os seus escanos.

Bo día.

Reiniciamos a sesión co punto seis, de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a perda de dereitos dos cidadáns galegos

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señor Méndez Romeu, para formular a súa pregunta.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, seguramente vostede recibe moitas cartas e, loxicamente, as lerán os seus colaboradores. Os membros desta Cámara tamén as recibimos, pero temos a obriga de lelas e atendelas. Voulle ler extractos de dúas cartas que son suficientemente representativas dun problema moi amplo no noso país.

Escribeme Jesús Vidal, que vive en Culleredo e ten 74 anos. Dime: “Por favor, preséntelle isto no meu nome ao señor Feijóo. Estou tirado no leito e dependendo da miña muller, que ten 72 anos, mesmo para as miñas necesidades fisiolóxicas. Eu non teño pensión, a miña muller ten unha pensión de 780,90 euros. Pregúntelle, por favor, ao señor Feijóo, que pasa cos millóns de euros que prometeron ata o 2020 para servizos sociais, para a xente que ten necesidades e se é que eu non entro neses plans”. E dime isto porque este señor recibiu un escrito da señora conselleira de Traballo e Benestar no que lle recoñecen –despois dunha solicitude formulada no ano 2009– no ano 2012 que ten dereito, naturalmente, á atención da dependencia. O problema é que estamos no ano 2015 e Jesús non recibiu ningún tipo de axuda. E mesmo me di no seu escrito: Eu non entendo nada na fotocopia que me mandan. Señor Feijóo, nin eu tampouco. Porque a fotocopia que lle mandan é un escrito que di que si, pero tamén di que non; é un escrito que acorda pero non ten contido, é un escrito que engana sen rubor.

Pero tamén, entre outras, escribeme unha muller do sur, Guadalupe, para fálame da súa nai, Trinidad, á que tamén

no ano 2009 lle recoñeceron o grao 2 de demencia: “Eu deixei todo para poder coidala porque non a podía deixar soa. Solicitamos a lei para coidadores familiares. No ano 2012 cámbianlle a valoración, e aínda non cobrou nada; e no ano 2012 dinlle que ten alzheimer. E, ademais, como ten unha fractura de cadeira, está nunha cadeira de rodas e hai que facerllo todo, non é autónoma. E agora dinme, cinco anos despois, que volva presentar unha nova solicitude de axuda. Levo cinco anos coidándoa sen máis ingresos que a miña pensión”. E engade tristemente: “Sempre pagamos os máis desfavorecidos”. Tamén esta muller ten unha carta que é un prodixio, un alarde de cinismo sofisticado por parte da señora conselleira.

Señor Feijóo, hai 16.000 persoas como Guadalupe e Jesús. Ademais delas morreron 7.000 persoas nestes anos con dereito a unha prestación e sen tela percibido. ¿Que lles ten que dicir vostede ás Guadalupe ou aos Jesús, que teñen que morrer sen recibir ningunha prestación e sen recibir ningunha atención por parte do seu goberno? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, se lle parece ben, esas cartas seguro que vostede ao final do pleno mas pasará para escoitar, para ler, ver e estudar a situación de Jesús e de Guadalupe.

Sen dúbida, vostede e a Cámara saben que cando chegamos ao Goberno no ano 2009 había 14.000 persoas que cobraban a Lei de dependencia e había 46.000 pendentes de cobrar a Lei de dependencia. Non sei se se refiren vostedes a esas 46.000 que deixaron sen cobrar a Lei de dependencia ou ás que aínda hoxe, por unha falta de capacidade presupostaria, seguen esperando a Lei de dependencia. O que si lle digo é que cando vostedes estaban no Goberno se atendía o 30 % dos dependentes e agora aténdese o 68,5 %. En consecuencia, haberá moitos Jesús e Guadalupe que cando vostedes estaban no Goberno non cobraban a Lei de dependencia e hoxe hai moitos que si cobran a Lei de dependencia.

É certo, señoría, que nós estamos a traballar por Galicia con 2.000 millóns de euros menos ca vostedes; 2.000 millóns de euros menos cada ano. E é certo que, ademais, temos que devolver ao Goberno de España, a razón de 100 millóns de euros ao ano, o diñeiro que vostedes gastaron sen presupostar. Tan só se non tiveramos que atender esa obriga –100 millóns de euros cada ano– poderíamos financiar ao cen por cento das persoas que agardan unha prestación por dependencia. O problema é que temos que pagar o que vostedes deixaron a deber e ademais pasar de 14.000 persoas atendidas a 77.000 que levamos atendidas nos últimos anos.

Señoría, claro que me preocupa esa situación; unha situación, por certo, moi semellante en todo o Estado, porque, como vostede sabe mellor ca ninguén, non hai máis recortes que deixar recortado todo; é dicir, recortadas as pensións, recortados os presupostos do Estado, recortada a situación dos bancos do país, recortada a situación das eléctricas do país. Vostedes deixáronnos un gran recorte –monumental–: a piques de ser recortada a soberanía de España a través do rescate. Como vostede comprenderá, nós ao que nos adicamos, con 2.000 millóns de euros menos ca vostedes, é a pasar do 30 % das persoas que cobraban a dependencia a que hoxe a cobren o 68 %.

Moitísimas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, vostede ten estas cartas, recibíunas. Pero o que vostede lle tiña que dicir a Guadalupe, a Jesús, aos outros 7.000 que xa morreron e aos 16.000 que están esperando unha resposta é que a culpa é do Goberno que houbo hai seis anos en faltarlle ao respecto mínimo á súa intelixencia.

Señor Feijóo, responda do seu porque, mire, Guadalupe, por exemplo, dirixiuse ao Valedor do Pobo. Entón, o Valedor do Pobo mesmo lle mandou un escrito á señora Guadalupe. O escrito era o mesmo que xa lle mandara a propia conselleira nesos termos tan escandalosos. Aínda así, o Valedor tivo un xesto e mandoulle unha resolución á señora conselleira dicíndolle: habería que pagarlle a esta persoa unha prestación; e a conselleira contestoulle que non, e inmediatamente

o Valedor arquivouna. ¿Dous millóns de euros na institución do Valedor para acabar de aplastar os cidadáns? ¿Un alto funcionario que cobra 100.000 euros para poñerse de costas ás demandas dos cidadáns? Claro, non me estraña que vostede queira ter todas as institucións independentes en precario, porque así as ten dirixidas por servos dóciles máis prestos a lamberlles a man a quen lles paga que a defender os intereses dos cidadáns. (*Murmurios.*) Iso é o que está ocorrendo: un pesebre onde con xenerosos estipendios públicos os que os dirixen están de costas aos intereses dos cidadáns.

Pero volvo a Guadalupe e volvo a Jesús, señor presidente. Levan seis anos co dereito recoñecido, recoñecido polo seu goberno, e estannos enganando demorando sistematicamente a atención. Sabe vostede suficientemente que é posible facer economías orzamentarias para atender estes casos máis escandalosos. O que non hai é un resto de sensibilidade, o que non hai é un resto de compaixón; abonda con ver a súa traxectoria, señor Feijóo, que en seis anos endexamais tivo un minuto para reunirse coa xente que sofre.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: A vostede o que lle vai é o contacto cos poderosos, cos que lle ditan a política que ten que facer para producir precisamente esta tremenda fenda social. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Sorpréndeme que despois de poñer a persoas nas institucións rexeiten as súas propias votacións e os seus propios apoios; vostede saberá por que. Primeiro votan o Consello de Contas, e agora din que non é correcto; votan a institución do Valedor do Pobo, e agora din que non é correcta. Non se preocupe, señoría, teremos ocasión de falar desas institucións de forma inmediata.

Señoría, o que é preocupante en todo isto é que vostede colla a situación de dúas persoas para volver outra vez mentir, porque as persoas teñen dereito; ao que non hai dereito é a

que vostede me veña aquí con casos que vostedes deixaron sen arranxar, miles e miles e miles.

Señoría, se vostede quere falar do ano 2009, non hai ningún problema, porque as realidades non se poden soslayar. Señoría, non se pode negar, por exemplo, que no hospital da Coruña, en urxencias, multiplicáramos por tres as capacidades do hospital. Non se pode negar, señoría, que nunha parroquia de Vigo, en Beade, esteamos facendo un hospital novo; vostedes, iso si, presentaron maquetas, pero non fixeron nada na sanidade en Vigo. Non se pode negar, señoría, que os estudantes galegos teñan as taxas universitarias máis baixas de España –cando vostedes gobernan, as máis altas–. Non se pode negar que hai 10.000 prazas de comedores escolares en Galicia no ensino público. Non se pode negar que hai 85.000 rapaces e rapazas estudando no ensino público unha terceira lingua. Non se pode negar que teñamos o fracaso escolar máis baixo desde que hai rexistros en Galicia. Non se pode negar, señoría, que cando vostedes gobernaban destruían 50.000 postos de traballo no último ano e que agora creamos, no último ano, 22.000 postos de traballo. Señoría, non se pode negar que cando vostedes estaban no Goberno baixara a afiliación á Seguridade Social en Galicia 50.000 persoas e que agora subiu 12.000.

Todo este tipo de cuestións se llelas explicamos a Jesús e a Guadalupe estou convencido de que serían moi interesantes. Sería moi interesante unha charla súa e unha charla miña con Jesús e Guadalupe para explicar exactamente o que fixeron, o que deixaron e como deixaron a situación dos servizos sanitarios, educativos e sociais en Galicia. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Non sería ningún problema, señoría. (*Aplausos.*)

Señorías, creamos 7.000 prazas públicas nos servizos sociais –7.000–, mantivemos as pensións non contributivas durante a crise económica, somos a comunidade de España con maior pensión non contributiva –digo de España– porque pagamos un plus de máis de 200 euros. Se Jesús tivera dereito á pensión non contributiva, tramitáramoslla. ¿Ten dereito ou non ten dereito, señor Méndez Romeu? (*Aplausos.*) ¿Ou é que agora as leis dos dereitos tamén vostede as vai cuestionar? (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Mire, señoría, ao que non hai dereito é a que despois de tanto tempo sigan enganando a xente. Ao que non hai dereito é que a min me diga vostede, con 2.000 millóns de euros menos cada ano, que non só teño que facer máis que o Partido Socialista –que iso é evidente– senón que me negue que en Galicia hoxe o 68 % dos dependentes están cobrando, e con vostedes, menos da metade.

Moitísimas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a rectificación da política lingüística do Goberno galego

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

“Non fai falla falar galego para saber que o que se está a facer con el é levalo á desaparición”. Isto foi o que dixo Alba, castelánfalante, estudante de Vigo, asistente á manifestación de Queremos galego! “O galego é de todos, non só dos que o falamos; é un patrimonio de todo o mundo, non só de Galiza. Non podemos permitir que desapareza” –dixo Carlos, da Coruña–. Porque o galego non separa, señor Feijóo, é a lingua que nos une, que nos identifica como pobo. Xa o dixo Castelao: “Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”. “Por iso” –como dixo Marcos, activista en defensa da lingua– “quen non respecta o idioma desprézanos como pobo”.

E vostede, señor Feijóo, ¿vai seguir desprezando o pobo que ten a honra de presidir? ¿En que consiste para vostede o plurilingüismo?, ¿en impoñer de facto o monolingüismo en castelán? Porque iso é o que está pasando, señor Feijóo. Nos últimos anos o galego perdeu máis de 300.000 falantes. A enquisa do IGE confirma a perda continuada de falantes, perda que se acentuou desde que vostede é presidente. O 75 % dos menores de 15 anos non falan nunca ou case nunca en galego, e apenas un de cada catro sabe falar en galego; cativos que falan galego e deixan de facelo ao escolarizarse. Ese é o resul-

tado de políticas que tratan o galego coma se fose unha lingua estranxeira no propio país, que negan o dereito elemental a vivir con normalidade na lingua propia, que chegan ao disparate de subvencionar con diñeiro público a educación na ignorancia, señor Feijóo, como se vai facer coas catro familias que solicitaron educación privada en castelán, subvencionada con cartos públicos, en aplicación da LOMCE. ¡Catro familias, señor Feijóo!, e vostede serviuse delas para inventar a presunta imposición do galego en Galicia.

O galego está nunha situación límite. Existe un clamor social exixindo o fin das súas políticas lingüicidas; clamor ao que tamén se sumaron as institucións representativas da nosa cultura. Señor Feijóo, ¿está disposto a escoitar ou prefire pasar á historia como o presidente que máis dano fixo á nosa maior obra colectiva como pobo, que máis dano fixo á lingua galega?

Por iso, señor Feijóo, ¿ten previsto rectificar a súa política lingüística ante a gravísima situación do idioma galego?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señoría, permítame que lle lea o que dixeron non uns galegos –todos, por suposto, respectuosos–, senón a maioría dos galegos: “A lingua propia de Galicia é o galego. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia, e todos teñen dereito de coñecelos e usalos. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.” Este é o mandato estatutario que está a cumprir o Goberno, e este é exactamente o artigo 5 do Estatuto de autonomía, grazas ao cal son presidente da Xunta, e cumprirei no taxativamente, como non podía ser doutro xeito.

Xa sei que vostedes non estaban de acordo con el, pero agrádame que agora se poñan de acordo –espero– con este artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia. (*Aplausos.*)

Señorías, vaia repasar; repasemos a enquisa da Xunta e do Instituto Galego de Estatística, que, como ven, se non estiveramos preocupados por este asunto, non faríamos a enquisa. Pero a nós o que nos interesa é coñecer a realidade. Si, señoría, é que vostedes non o facían. Permítanme que lles dea os datos:

O galego continúa a ser a lingua maioritaria de Galicia, o 51,5 %.

Segundo. O cambio de tendencia en favor do galego incrementase, os que coñecen o galego, os que teñen capacidade para falar o galego e os que teñen capacidade para escribir en galego. E o grao de coñecemento da lingua entre os galegos é o máis elevado que nunca.

Señorías, isto é o que di a enquisa. O índice de coñecemento oral e escrito do galego, cando vostedes gobernaban, era do 96,8 %; agora, do 97,5 %; melloramos. Os que non coñecían o galego con vostedes eran o 3 %; con nós, o 2 %. E para escribir, con vostedes escribían galego o 81 %; agora, o 83,5 %. Señorías, cando vostedes estaban no Goberno non sabía escribir galego case o 19 % da poboación; agora, o 16 % da poboación. Iso é o que di a enquisa. Leamos a enquisa na súa totalidade, señoría.

Cando se lles pregunta aos galegos se teñen a percepción de que se utiliza máis ou menos o galego que antes, o 35 % cre que máis; o 43 % cre que igual; e o 21 % cre que menos. É dicir, tan só 2 de cada 100 galegos cre que utilizamos menos o galego que antes. Sigamos coa enquisa, señoría; sigamos coa enquisa.

Cando vostedes gobernaban, no ano 2008, fronte ao ano 2007, baixaron 12 puntos os xóvenes que utilizaban galego con frecuencia...;

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...12 puntos, do 27 % ao 15 %; agora baixaron 2 puntos.

Señoría, eu estou preocupado, non porque se coñeza o galego, que o coñecemos e o sabemos falar e escribir; polo que estou preocupado é por qué non utilizamos o galego se o sabemos e o coñecemos, e se o sabemos escribir.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, vostede ten a rara habilidade de debuxarnos sempre nas súas comparecencias nesta Cámara o mundo ao revés.

Mire, hai unha frase que vostede repite con frecuencia: que o amor ao galego non é exclusivo de ninguén, e niso doulle a razón. Efectivamente, non é exclusivo de ninguén, pero hai distintas formas de amar, e algunhas, incluso, antagónicas. E a súa cada vez me lembra máis á letra dun coñecido tango: “*La maté porque era mía*”. Pois nós non entendemos así o amor ao galego. (*Aplausos*.)

Mire, non se escude na sociedade para eludir as súas responsabilidades. Vostede apela á liberdade, pero para que haxa liberdade hai que acabar coa discriminación que padece o galego; para que haxa liberdade ten que haber igualdade. E, ¿cal é a realidade, señor Feijóo, pese ao mundo ao revés que vostede nos debuxa? Que o ensino en galego non chega ao 20 % no ensino non universitario. Se falamos das cidades, non chega ao 4 % no ensino infantil. Niso consiste o seu plurilingüismo, señor Feijóo. Cincocentas disposicións legais protexen o castelán, e as poucas que existían para protexer o galego vostede anulounas. Cumpra o Plan de normalización lingüística, se quere consenso, e derroque o Decreto de plurilingüismo.

Mire, señor Feijóo, o galego é o espello de Galiza. No debate do Estado da nación lembrei unha frase de Castelao: “A dominación de Galicia endexamais será efectiva entementes fale un idioma diferente do castelán”. E ese é o problema, señor Feijóo, a decadencia do galego é o reflexo da decadencia política, social e económica á que conducen ao noso país as súas políticas. O retroceso do galego vai da man da destrución do noso tecido produtivo, vai da man do devalo demográfico de Galiza, da ruína do país á que conducen as súas políticas.

Por iso queremos galego para que Galiza poida desenvolverse plenamente. Defendemos o galego porque defender o galego é defender o futuro dun pobo, defender o futuro dun país. E, señor Feijóo, naquel debate tamén lembrei unha frase de Nebrija –e xa conclúo, señora presidenta–: “*Siem-*

pre la lengua fue compañera del imperio”, e o seu problema é que prefire ser un servidor do imperio en vez de exercer como presidente deste país. Señor Feijóo, renuncie a ser servidor da doma e castración de Galiza, non condene a morte o galego. Se de verdade ama este país, rectifique e acabe coas súas políticas lingüicidas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agradézolle, señoría, a cita do tango en español para falar do que fago co galego. Como é natural, vostede ten un sentimento que ás veces non se entende na Cámara, porque falar dun tango e en español para falar do galego...

Mire, eu vou falar do que di... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Si, señoría, é que tangos en galego de momento non escoitei ningún. Digo que vou falar do que di, non eu, senón a Real Academia, da súa postura.

Mire, señoría, estamos un pouco fartos xa de facer dúas Galicia, as dos bos galegos e as dos malos galegos, e de que vostedes dean o carné de bo galego e de mal galego. Señoría, se a Galicia dos bos galegos soamente fora dos que votan o BNG, comprenderá que a inmensa maioría de Galicia estaría perdida. (*Aplausos*.) Pois eu pídolle a Galicia que non identifique a lingua co nacionalismo; señoría, que non identifique a lingua co nacionalismo, porque sería o peor que lle pode pasar á lingua.

“O BNG coa lingua é como esas nais que queren tanto os fillos que os apertan ata abafalos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Hai que defender o galego máis intelixentemente”. Señoría, eu non dixen isto, díxoo o presidente da Real Academia da Lingua Galega. Inmediatamente xa lle chamaron vostedes –cítoo– “españolista extremista”. Como é natural, señoría, é difícil de entender, se vostedes nin están de acordo coa Academia da Lingua.

E chama a atención, señoría, que sigan aproveitando calquera ocasión para dividir, para rachar, para enfrontar. Chama a atención que vostedes falen de que hai alguén que insulta a lingua cando vostedes están a boicotear a celebración do Día das Letras Galegas do ano 2015, que é unha celebración que,

no ámbito da autonomía que lle corresponde á Real Academia, decidiu adicar a unha figura da cultura de Galicia... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso chámase politización e partidismo na lingua, señoría; politización e partidismo na lingua. (*Aplausos.*)

En todo caso, o que queda claro, señoría, é que hoxe hai máis galegos que coñecen galego que cando vostedes gobernaban, e hai máis galegos que saben escribir en galego que cando vostedes gobernaban. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Se agora quere vostede, igual ca min, mirar e buscar por que, coñecendo o galego máis que nunca, por que sabendo falar galego máis que nunca e por que sabendo escribir galego máis que nunca, hai mozos que o utilizan menos, a iso está vostede invitado, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) a propoñer e a acordar.

Señoría, a Dirección Xeral de Política Lingüística, xunto coa Real Academia e outras institucións, imos presentar un proxecto para dinamizar o galego no ámbito social e no ámbito económico. Gustaríame contar con vostedes, sería bo. En todo caso, seguiremos cumprindo a nosa obriga. ¿A nosa obriga de que? De dar a coñecer o idioma galego en liberdade, de que os galegos sexamos quen de falar o noso idioma, porque para falar un idioma o primeiro que hai que facer é coñecelo. En Galicia o 97 % da xente sabe falar galego...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e a inmensa maioría da xente sabe escribir galego. Por iso, señoría, imos seguir traballando nas novas tecnoloxías, e temos un dominio, por primeira vez na historia, o dominio .gal, e por iso temos dúas canles, unha máis de radio e outra de televisión só en galego, e por iso aprobamos unha nova toponimia, e por iso temos o dobre de universidades no estranxeiro, onde...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se imparte galego, e por iso aprobamos a Lei Paz Andrade, e por iso faremos un convenio co Instituto Camões, para acercar o galego ao mundo lusófono.

Señoría...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...eu son tan galego coma vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o horizonte temporal da política de austeridade do Goberno galego

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra dona Yolanda Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días, presidenta.

Bos días, señor Feijóo.

Supoño que sabe o día que é hoxe, 11 de febreiro; supoño que coñecerá –tamén hai que facer pedagogía– que un día como hoxe, a instancias de Pi y Margall, se proclamaba a I República. Non é unha cousa menor, seguramente, falar de republicanismo, e mesmo de valores cívicos para combater a súa política de austeridade.

Señor Feijóo, vostede sempre gusta de comparar os datos macroeconómicos do noso país en relación coas medias ou cos datos do Estado. Bueno, pois eu voulle dicir que a súa política de austeridade mata, e que vostede, cos seus froitos e coas súas consecuencias, vai convertelo realmente nun auténtico Atila social para o noso país, e non porque o digamos nós, senón porque o están a sinalar, insisto, todos os grandes indicadores cos que pechamos, en termos económicos, o ano 2014.

Fíxese, a min gustaríame que nos explicase que é o que está facendo mal vostede como presidente, porque, mire, en datos de PIB –falar de PIB é falar do tamaño dun país, algo

substancial; un PIB en decrecemento, como sabe, desde que goberna vostede o noso país—, dende o ciclo, tomando a media dende que goberna o señor Rajoy no Estado e vostede en Galicia, o PIB galego decreceu nun -4,5 %. A media estatal está na metade, señor Feijóo, exactamente na metade. Algo está a facer vostede mal, xustamente cando, ademais, promete ou se compara coas medias estatais.

Pero non soamente é o PIB, señor Feijóo, tamén o que ten que ver cos datos de emprego. É certo que nós combatemos as políticas do Partido Popular porque son malas e porque converten en escravos a clase traballadora. Pero, fíxese, pechou o ano 2014 cunha media estatal de creación de emprego de mala calidade, mala en España, do 1,2 %, pero vostede pechou o exercicio en Galicia destruíndo emprego, exactamente o -0,8 %. Vostede é o campión da austeridade, dos recortes e da destrución de emprego. Insisto, naméntres que a media estatal, aínda que mala, de mala calidade e con salarios ínfimos e convertendo a xente en pobre, realmente creceu no 1,2 %. Pero non soamente iso, é que a media de destrución de emprego dese ciclo político do Partido Popular se sitúa en Galicia no -10 % e a media do Estado no -7 %.

E, finalmente, señor Feijóo, explíquenos por que o paro creceu en Galicia a un ritmo, dende que goberna vostede, do 35 % e a media estatal é do 21 %. E tamén explíquenos por que pecha o exercicio 2014 cunha caída brutal do índice de produción industrial no noso país que nos coloca no peor ou no vagón da cola xustamente da política estatal.

Señor Feijóo, ¿vai mudar as súas políticas ou vai seguir empecinado en conseguir máis pobreza, máis parados e, sen lugar a dúbidas, na única receita que ten para esta situación...,

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que é propiciar o exilio económico da nosa xente nova fóra do noso país?

¿Que vai facer, señor Feijóo? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, transmitireille ao presidente Rajoy os seus parabéns de que a súa política económica a vostede lle parece correcta e está tendo bos resultados tanto no PIB como na diminución do paro. Creo que iso é o importante, porque hoxe depende con quen se fale en Izquierda Unida che di unha cousa ou che di a contraria.

Pero, en todo caso, señoría, a min si me gustaría dicirlle que, mire, a austeridade non é a causa dos problemas, a austeridade é a consecuencia de non resolver os problemas a tempo. A austeridade é a consecuencia de negar a situación do noso país durante os anos 2008, 2009, 2010 e 2011 e ter que tomar as decisións para enderezar a economía do país a partir do ano 2012. Esa é exactamente a consecuencia, señoría.

Vostede sabe perfectamente, porque o sofre no seu grupo, que cando se lle van deputados, vostede ten que axustar os ingresos porque lle baixan eses ingresos e ten que axustar os gastos. Sábeo perfectamente. As organizacións sindicais tamén o saben, as familias tamén o saben e os gobernos tamén o saben. Dícialle ao seu compañeiro, o portavoz do PSdeG-PSOE, que nós estamos a traballar con 2.000 millóns de euros menos cada ano. Dise pronto, pero supón un 20 % menos de capacidade presupostaria.

E o que me sorprende é que as políticas que vostedes defenden, polo menos unha parte da súa coalición, non se aplican en ningún lugar de Europa: nin en Francia nin en Italia nin en Portugal. ¿Onde aplican vostedes esas propostas? ¿Hai algún país hispanoamericano? Diga cal é. Dende logo, europeo, ningún; ningún. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dígame un, señoría, e seguro que na réplica tere-mos ocasión de confrontalo.

Mire, señoría, dicir que en Galicia non baixou o paro é un insulto a todos os funcionarios que traballan nas oficinas do Inem, porque en Galicia o paro baixou no ano 2014 un 7 % (*Murmurios.*) e en España, un 5 %. É dicir, baixou en Galicia dous puntos máis que na media de España.

Hoxe en Galicia, en xaneiro, temos 22.000 persoas menos en paro que no ano 2014, 31.000 persoas menos en paro que no ano 2013, 12.000 menos en paro que no ano 2012, e temos

12.000 afiliados máis á Seguridade Social que hai un ano. ¿A que se refire vostede cando di que non baixa o desemprego na comunidade autónoma?

Señoría, nós coñecemos a situación do noso país e as condicións económicas tamén. Xa dixemos que o índice de produción industrial este ano 2014 non ía ser bo, pero que o índice de pedidos, si que era bo. E, de feito, os estaleiros están empezando a construír barcos e conseguimos que Citroën tivera unha carteira de pedidos garantida para os últimos dez anos. Xa sei que vostedes onde teñen capacidade de influír sindicalmente sempre boicotean os acordos que benefician o conxunto dos traballadores.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Pero, señoría, nós pactamos cos axentes sociais unha política de incentivación para a contratación de mozos e parados de longa duración. ¡Menos mal, señoría, que de momento os axentes sociais son un pouco máis responsables que algúns responsables políticos!

Moitísimas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, a verdade é que nesta sesión de control hai que ter sentido do humor, porque escoitalo a vostede é para chorar.

Mire, a min non me falta ao respecto dicindo esas cousas que di nesta Cámara, creo sinceramente que lles está faltando ao respecto aos milleiros de persoas que hoxe están en desemprego, a esas persoas que hoxe –que nos están escoitando– tan só 1 de cada 3 ten unha protección social, señor Feijóo. A esa xente é á que vostede lle está faltando ao respecto, á xente que non ten para comer, que son de carne e óso, que son seres humanos. Xa sabemos, señor Feijóo, que na súa familia non padecen das súas receitas, non padecen da austeridade, das súas consecuencias; pero a xente do común ten xente no paro e saben o que é.

E, mire, quen lles falta ao respecto aos funcionarios é vostede, porque se algo foi quen de conseguir foi demoler o Servizo Público de Emprego. E vólvolle dicir que a señora Mato

está pagando ás ETT a razón de 3.000 euros por cada persoa que incorpora ao mercado de traballo. ¡Certo, señora Mato, certo! Esta é a súa política: privatizar tamén as políticas da desgraza, da dor e do sufrimento, señor Feijóo. A min non me está insultando por moito que queira levarme aí; está insultando a xente que aí fóra quere que vostede teña unha resposta. Non é certo o que vostede está dicindo, está practicando a austeridade, que é o decano. O Atila social do Partido Popular do Estado é vostede, como foi no seu día Gallardón, xustamente para demoler as conquistas sociais que temos, para que a xente traballe por debaixo do salario mínimo interprofesional, para que teñamos as condicións de vida que estamos tendo. Ese é o seu modelo social.

E, señor Feijóo, alén das políticas latinoamericanas, siga algún economista brillante que hai en Latinoamérica ou algún presidente brillante como o que temos, por exemplo, en Ecuador, para mudar as súas políticas, pero, fíxese, mire cara a Grecia, señor Feijóo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* mire cara a Grecia...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...porque os tempos roxen... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...doutra maneira, e os tempos, señor Feijóo...,

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...van acabar con vostedes e coas súas políticas.

Mire o exemplo de Grecia: 751 euros, salario mínimo interprofesional. *(Murmurios.)* Xa nos gustaría, señor Feijóo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Xa nos gustaría! *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

Por favor, prego silencio. *(Murmurios.)*

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señora presidenta.

En Galicia hai 259.000 parados. Iso que vostede di de que nunhas familias hai parados e noutras non... Vostede non sabe nada das familias, da situación das familias. Do que si me dá a sensación é de que vostede non vive mal, e ás veces á conta dos que sofren, pero ese é o seu problema. O meu problema son os que sofren e os que están no paro.

Señoría, cando estamos a dicir que Galicia foi capaz de reducir o paro máis que o resto de España, polo menos recoñézaos, porque é así. Cando estamos a dicir que entre todos financiamos 7.700 prazas novas, públicas, de servizos sociais, é así. E cando pasamos de 14.000 persoas atendidas a máis de 77.000 na dependencia é así. Señoría, e cando incrementamos a renda de integración social a unha media dun 15 % e dun 20 % cada ano é así. E cando hoxe volven saír os datos de pobreza e temos menos pobreza en termos constantes que no ano 2009 e temos menos pobreza que no resto de España é así.

Por iso, señoría, sorpréndeme, pero, despois de coñecer o seu modelo económico, xa me sorprende menos. Resulta que o seu espello é Grecia, un país rescatado dúas veces por Europa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) con fondos dos españois. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)(*O señor Fajardo Recouso: ¡Mentira!*)

Señorías, vostedes sacan peito agora por Grecia. Falemos de Grecia. O partido que gañou as eleccións en Grecia sacou o 36 % dos votos, e ten un plus de 50 deputados por ser a primeira forza política. ¿Parécelle ben, señoría, que fagamos ese réxime electoral aquí en España e en Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Segunda cuestión, señoría...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Segunda cuestión, ¿parécelle ben que o primeiro que fai o Goberno grego é pactar coa extrema dereita de Grecia? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)
¿Señoría, parécelle ben, por exemplo, que no Goberno grego non haxa ningunha muller e que o seu xefe neste Parlamen-

to diga que iso é normal? ¿Será porque non haberá mulleres suficientes e capaces en Grecia? Non, xa sei que vostede non está de acordo, pero sería bo que unificaran criterio, non vaia ser que se incremente o Grupo Mixto. (*Risos.*)

¿Señoría, exactamente, de que fala vostede para dicir que Grecia é o modelo? ¿O modelo de que, señoría?, ¿o modelo dun país que ten a soberanía cuestionada?, ¿o modelo dun país no que perderon a renda todos os seus habitantes?, ¿o modelo dun país onde a xente está sacando o diñeiro do país?

Señoría, sei que están nerviosos coa situación de Grecia e con outras situacións que estamos a vivir... (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo, segunda chamada á orde. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Grazas, señoría.

Eu o nerviosismo de Izquierda Unida láméntoo. Vostedes teñen problemas en todos os sitios: en Andalucía son desprezados polo Partido Socialista e en Madrid desprézanse entre vostedes mesmos. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E o problema que temos aquí, señoría, é que nos gustaría que algunha proposta súa fora seria e sensata e, de momento, o que fai vostede é celebrar a República.

Moitísimas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 4, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Monde-lo e de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecustos e garantir a

transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto

(Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Prego silencio, por favor.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do señor González Santín.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos González Santín, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 30933).

Emenda de modificación do punto 1.

Débese modificar o punto 1 da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“1. Esixir o cumprimento estrito do estipulado para modificados e complementarios dos contratos de obra pública e servizos na vixente lei de contratos.”

Emenda de adición do punto 8.

Débese engadir ao final do punto 8 a seguinte expresión:

Engadir in fine: “..., sempre e cando estas variacións non puidesen ser previstas razoablemente cos datos obrantes no expediente.”)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pontón Mondelo, do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que hai mañás en que vir ao Parlamento de Galicia se converte realmente en algo triste. E para min é, desde logo, moi triste ver como o presidente da Xunta pretende converter as sesións de control no “club da comedia” ou

escoitar tamén algunhas das cousas que di con absoluta frivolidade neste Parlamento.

Como cremos...

A señora PRESIDENTA: Perdón, señora Pontón, perdoe un momento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, silencio, que, se non, non se escoita ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Faga o favor, xa estou eu para moderar. Si, faga o favor.

Señora Pontón, pode continuar.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, moitas grazas, señora presidenta.

Pois, o presidente da Xunta, nesa confusión que ten do Parlamento, nun plató televisivo e hai poucos días tamén nesta sesión á que veu comparecer, dicía, viñanos prometer, rexeneración democrática, loita contra a corrupción e un goberno máis transparente. E dicimos que son actos de frivolidade porque vemos como, ao día seguinte, despois de prometermos rexeneración democrática, recorta a democracia e aplícase un recorte de iniciativas do Grupo Parlamentar do BNG e do Grupo Parlamentar de AGE. Isto faise en nome da democracia.

Tamén vemos como este goberno, e o presidente da Xunta de Galiza, tamén presidente do Partido Popular, mentres nos di que vai loitar contra a corrupción, pois permite que no seu goberno se manteña a persoas imputadas en casos graves de corrupción –fixoo con algúns outros cargos–, e vemos tamén como alcaldes imputados seguen sendo os seus candidatos nas vindeiras municipais. Ou tamén vemos como se nos promete máis democracia e mesmo se nos prometen leis moito máis exixentes. Pero, ¿que pasa ao mesmo tempo? Pois que se incumpre a lexislación sobre transparencia que hai neste momento, algo que, por certo, tamén fai a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; unha consellería que nos nega documentación e información neste Parlamento ou da que tampouco sabemos quen son os seus asesores.

En todo caso, isto é só unha mostra de como temos un goberno que fai o contrario do que di. E o tema do que hoxe imos

falar, que son as conclusións dun informe do Consello de Contas, é tamén a constatación da mentira do Goberno do señor Núñez Feijóo sobre que son un goberno transparente, que son un goberno que xestiona con eficacia os fondos públicos ou que son un goberno que é absolutamente cumpridor da legalidade vixente. Fíxense, nós hoxe imos falar sobre un informe do Consello de Contas que destapa que durante dous anos, durante os dous anos 2010 e 2011, a Consellería de Medio Ambiente e Territorio destinou a sobrecostos en obra pública máis de 200.000 euros, o que supón un 31 % de incremento do custo deses contratos. Polo tanto, estamos falando de algo que en termos económicos supón un despilfarro importante de fondos públicos. E esta iniciativa o que pretende é que se consolide un acordo nesta Cámara para que non se permitan estes sobrecostos na obra pública.

O que pretendemos con esta iniciativa é unha boa administración, un bo goberno e, polo tanto, evitar estes sobrecostos, que, ademais, no imaxinario colectivo de moitos cidadáns —con razón ou sen ela— están claramente vinculados con prácticas de corrupción ou con corruptela na xestión dos fondos públicos.

Polo tanto, nós hoxe o que propoñemos é unha medida de transparencia, unha medida de loita contra a corrupción e unha medida de boa xestión dos fondos públicos neste Parlamento, porque, como dicimos, ese informe do Consello de Contas é demoledor sobre a xestión que vén facendo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e demoledor sobre a xestión dos fondos públicos da Xunta de Galiza.

Fíxense, estannos dicindo neste informe non só que hai uns sobrecostos en dous anos que superan o 30 % do que estaba previsto, senón que tamén nos están dicindo que algunhas fórmulas de contratación que utilizou a Consellería de Medio Ambiente, que son máis opacas, como poden ser, por exemplo, os contratos negociados sen publicidade, que realmente se xustifican porque din que é para poder facer unha tramitación máis áxil. Pois ben, unha vez analizados unha parte destes contratos, o Consello de Contas conclúe que non hai, desde logo, un tempo de tramitación que xustifique a utilización destes fondos.

Tamén di que nos procedementos negociados en ningún caso se motivou cales eran os motivos polos que se seleccionaban unhas empresas e non outras. Tamén nos di que en 6 dos 24

contratos fiscalizados —é dicir, nun 25 % destes contratos— a concorrencia exixida pola Lei de contratos do sector público se viu alterada.

E tamén conclúe, en relación con isto e con algunhas outras cuestións, que en moitos dos que foron tramitados pola vía de urxencia as circunstancias non estaban debidamente xustificadas en ningún dos contratos, a pesar de que este é un requisito da lexislación vixente.

Hai outro aspecto que tamén salienta, e que nos parece importante, sobre como está contratando a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no que se di que hai un fraccionamento do obxecto contractual que non ten xustificación. Polo tanto, o que desvela o Consello de Contas é como a Xunta de Galiza fai contratos máis pequenos da mesma obra para poder adxudicalos sen ter que pasar por un concurso público.

Fai referencia tamén, como xa dixemos, a cuestións dos sobrecostos que a nós nos parece que son cuestións moi relevantes e moi importantes desde o punto de vista da xestión pública. Porque o que nos vén dicir é que tamén o 83 % dos contratos que analizou o Consello de Contas viron incrementado o prezo polo que se adxudicaron inicialmente e que realmente o custo final o que di é que as bases polas que se adxudicaron estes contratos non se cumpriron, que realmente en moitos contratos o que se está utilizando é unha baixa moi importante do prezo final do contrato para conseguilo, pero logo faise mediante modificacións unha renegociación do prezo vantaxosa para a empresa, e que en todo caso estes modificados —e isto dío o propio Consello de Contas— non obedecen a causas non previstas, senón que obedecen a cuestións e a circunstancias que tiñan que estar xa previstas no proxecto orixinal. Polo tanto, hai unha convivencia neste ámbito que nós cremos que é importante que se rompa.

Pareceunos tamén relevante, desde o punto de vista de como o Goberno vende cousas que logo non son realidade, a análise que fai o Consello de Contas sobre os prazos nos que paga a Xunta de Galicia, porque as súas señorías lembrarán que o señor Feijóo nas sesións do “club da comedia” vén aquí dicirnos que é unha administración que paga, que cumpre a lei e que mesmo está por riba de todas as administracións non sei se do mundo mundial, polo menos el di que do Estado español. Porén, os datos deste informe do Consello

de Contas desmontan que a Administración do Goberno Feijóo, e en concreto a Consellería de Medio Ambiente, pague conforme o que está establecido na Lei de contratos do sector público, e di, por exemplo, que nas 71 certificacións analizadas correspondentes ao exercicio 2010 se superou en 55 días o prazo sinalado na lei para realizar o pago.

Con respecto ao exercicio 2011, obsérvase que o promedio de pago para as certificacións analizadas acadou os 138,93 días, o que supón máis do dobre do permitido. É dicir, que é unha constatación e unha certificación de toda a propaganda e das mentiras que este goberno leva dito en relación con como está xestionando os fondos públicos.

Por iso nós hoxe propoñemos esta iniciativa que imaxinamos que o Grupo Parlamentario Popular vai apoiar; imaxinámoslo porque responde realmente a aplicar medidas dunha boa xestión dos fondos públicos e a aplicar as medidas que está dicindo o Consello de Contas neste informe. E nós propoñemos que non se permitan modificados nin complementarios dos contratos de obra pública e servizos sempre e cando estes teñan un valor superior ao 1%; que se realicen as contratacións de forma primordial a través de procedementos abertos; que, no caso de proceder, de recorrer a eses procedementos negociados, se aproben unhas instrucións ou guías nas que se establezan procedementos para a negociación que sexan obxectivos e cunha documentación de cales son as propostas para adaptala aos requisitos indicados; dado que entendemos que van seguir existindo contratos menores, que se faga un rexistro de contratos menores para que se poida comprobar cal é o número de contratos, o obxecto, o contido, o adxudicatario...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e tamén o importe destes contratos; que se elimine a práctica de fraccionar o obxecto dos contratos; e, finalmente, que se inclúan nos pregos cláusulas administrativas de adxudicación medioambiental e social, porque é algo que non está facendo a Administración, ponderando criterios como que as empresas garantan o retorno económico a Galiza ou a creación de emprego de calidade.

Hoxe, polo tanto, o Partido Popular ten a ocasión de decidir se realmente aposta por aplicar o que está dicindo o Consello de Contas, por evitar algunhas das prácticas...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato, señora presidenta, pero interrompéronme durante un período e pregárialle un pouco de compensación dese tempo que perdín polo rebumbio que houbo na sala—. En todo caso, nós o que pedimos é unha xestión pública transparente e onde evitemos prácticas nas que en moitos casos sabemos que detrás delas hai corruptelas e corrupción.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Socialista, señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Esta iniciativa do BNG non é máis que a traslación dun informe do Consello de Contas na que se detectan graves irregularidades na xestión dos contratos públicos da Consellería de Medio Ambiente e Territorio. Dígoos porque esta non é unha proposta que presenta a oposición cuns datos que sacara da manga, senón que é algo que detecta —repeto— o Consello de Contas de Galicia. Eu, ademais, atreveríame a dicir que esta xestión contractual non é exclusiva da Consellería de Medio Ambiente, senón que se podería facer extensible a toda a contratación pública da Xunta de Galicia.

Aquí a verdade é que, vendo o que pon o informe do Consello de Contas, hai graves irregularidades que creo que a Xunta de Galicia ten que corrixir; non é que poida corrixir, senón que ten a obriga de corrixir.

Primeiro, a Lei de contratos, cando fala dos procedementos negociados e dos contratos menores, faino para explicar ou para xustificar que un contrato no que o procedemento habitual sería o procedemento aberto se poida facer, por motivos de tempo, por motivos de rapidez, a través dun procedemento negociado ou ben, se se necesita moita urxencia e non se chega a uns determinados importes, a través do contrato menor. Pois ben, o que detecta o Consello de Contas é que no tema dos contratos negociados o tempo só serían trinta días menos; é dicir, que non se xustifica o que sería a con-

tratación vía negociado e que se debería utilizar o procedemento aberto.

Tamén di cousas moi interesantes neste tipo de contratación de procedementos negociados, como é que se piden realmente tres ofertas –bueno di que nun caso se pediron catro–, pero a realidade é que despois, cando a Consellería ten que decidir, non ten esas tres ofertas, senón que ten menos nun 25 % dos casos. ¿Por que? Porque as cartas que se mandaron non chegaron ou ben porque as empresas ás que se lles pediu a oferta non contestaron.

Ademais, tamén detecto unha cousa que para min tamén é importante. Di o Consello de Contas que por unha diferenza mínima –é dicir, que esteamos a falar, por exemplo, dun euro– unha empresa podería ter vinte puntos máis na valoración. Non parece lóxico que por unha diferenza dun euro a empresa que máis barato o dea teña, por exemplo, vinte puntos, como di o Consello de Contas, e a anterior, por un euro máis, teña unha valoración dun punto. Todo isto iría en contra, entendo eu, do espírito da Lei de contratos.

Tamén fai referencia a que cando se tramite un expediente por urxencia, que do que se trata é de reducir os prazos á metade, unha vez que se fai iso, resulta que a Xunta, ao realizar o trámite, pois non cumpre os prazos desta urxencia; polo tanto, todos os expedientes –todos, repito, analizados polo Consello de Contas– que son urxentes non terían sentido de ser.

Tamén fala o Consello de Contas da utilización xeneralizada do fraccionamento do obxecto do contrato. ¿Que se consegue con isto? Conséguese evitar a Lei de contratos, de tal forma que, por exemplo, se utiliza o contrato menor en dúas ou tres partes cando realmente tería que ser un único contrato o que tería que ir vía negociado.

E tamén detecta cousas interesantes e que ademais creo que é bo resaltar aquí. Xa as comentou a compañeira que presentou a iniciativa do BNG, que di que a Administración está obrigada –e repito, obrigada– a pagar no ano 2010 en 55 días. Ben, pois o Consello de Contas detecta que o fai en 74,63 de media. No ano 2011, que estaría obrigado a pagar en 50 días. Pois o que detecta o Consello de Contas é que se paga de media en 138,93 días. Se seguimos nesta dinámica, no ano 2015 –no que estamos– a Xunta de Galicia estaría a

pagar aos seus provedores en máis dun ano, esta Xunta que paga tan ben e que xestiona tan ben os fondos públicos.

Tamén se detecta aquí que hai un incremento moi importante e moi significativo dos complementarios e dos modificados dos contratos. Ben, tamén di o Consello de Contas que estes modificados obedecen a desviacións que deberían estar previstas nos pregos e que deberían estar previstas nos proxectos; polo tanto, entendemos que esta tamén é unha cousa que, desde logo, se ten que modificar.

Aquí é onde nosoutros metemos, precisamente, a nosa emenda. Nosoutros entendemos que o problemas dos modificados e dos complementarios non está no importe no que se faga o modificado ou o complementario, que está perfectamente regulado, entendemos nós, na Lei de contratos, senón onde está o problema é no volume do que se fai, que, segundo o Consello de Contas, é na maioría dos contratos; algo que ten que ser totalmente excepcional converteuse nunha regra habitual. E nós o que propoñemos na nosa emenda é que se cumpra estritamente a Lei de contratos e que os modificados e os complementarios sexan algo excepcional.

E, por último, tamén facemos unha pequena emenda ao punto oito desta iniciativa. ¿Por que? Porque cremos que, evidentemente, os técnicos-redactores dun proxecto teñen que ser responsables, e téñenselles que pedir responsabilidades dos proxectos que fan. Pero, desde logo, creo que non podemos converter tanto os técnicos da Xunta ou un externo que faga un proxecto nunha profesión de risco, que iso só se lles podería exixir a estes técnicos se eles, co expediente na man, puideran prever esta situación...;

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: ...–si, xa remato, presidenta– se estes técnicos puidesen prever razoablemente que é necesario facer un modificado ou un complementario e non o solucionasen, aí si que entendemos que habería que pedir responsabilidades, noutro caso non, e neste sentido vai a nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Unha gran maraña de presunta corrupción empresarial, política e policial en Galiza –casos Pato, Campeón, Pokemon, Zeta...– arredor de concesións e axudas públicas. No chamado caso Pokemon, os posibles delitos descubertos na investigación son: cohecho, falsidade documental, malversación de fondos públicos, branqueo de diñeiro, negociacións prohibidas a funcionarios, delitos electorais... O concello máis sacudido por estes amaños, como sabemos, é o Concello de Compostela na súa relación coas empresas do Grupo Vendex.

En España grandes construcións téñense incrementado no seu desembolso final. O pago de sobrecustos é unha práctica habitual nos grandes proxectos españois porque sempre se busca o máis barato, e o máis barato despois incumpre as súas obrigas, o cal nos leva a aumentar ese orzamento. E ademais esas concesións que se outorgan, contando unicamente co custo económico, levan consigo unha sobreexplotación laboral que raia co escravismo, como ocorreu na construción do AVE cos traballadores portugueses e con outros traballadores inmigrantes aos que se lles explotaba ata límites, dende logo, delituosos.

Pero temos algúns exemplos, ademais do AVE aquí en Galiza, como o túnel da M-30, que estaba orzado en principio en 1.700 millóns e acabou custando 3.500 millóns, que, sumados aos intereses, pasou de 1.700 millóns a 10.406 millóns. O AVE Madrid-Barcelona tivo un sobrecusto do 31 %, segundo o Tribunal de Contas, pasando de 8.966 millóns a 6.800. A variante de Pajares no ano 2003, outro tanto, pasou de 1.085 millóns a 3.200. A terminal 4 de Barajas, de 6.200 millóns tivo un presuposto que aumentou en 1.033 millóns de euros. En Galiza, temos a marabillosa Cidade da Cultura, que xa nos ten custado un ril, e vai polo segundo; as obras da variante de Vilagarcía, que se incrementaron nun 51 %; o tramo Quiroga-Folgoso, que se incrementou nun 72,5 %; a mellora na seguridade vial na AC-211, que se incrementou nun 120 %. É dicir, que a Xunta nos últimos cinco anos adxudicou proxectos por 650 millóns e acabou pagando 718.

En infraestruturas, no caso do Consello de Contas, detecta importantes desviacións de carácter económico e temporal por un prezo de 152,8 millóns, e que remataron custando máis de 200 millóns.

A nivel local tamén temos casos deses, como na Deputación de Pontevedra, co Estadio de Pasarón, que o señor Louzán en principio o tiña adxudicado por 7,2 millóns e acabou custando máis de 17 millóns. Por iso, ao mellor, agora é o presidente da Federación de Fútbol.

No polígono do Petón en Arteixo, tamén despois de quince anos o vulgado fala dun cúmulo de irregularidades e dunha conduta gravemente negligente.

Tamén no Sergas temos aí a petición de que se investiguen os contratos con Cofely, que ten a ampliación do hospital no Salnés e quince centros de saúde que se lle van adxudicar.

Non todas as prácticas opacas son prácticas corruptas, pero, iso si, todas as prácticas opacas limitan a capacidade de vixiar de calquera cidadán concienciado co gasto público. O diñeiro da obra pública é de todos, e, polo tanto, todos e todas temos que saber en que se gasta e como se gasta.

Polo tanto, esa transparencia da que tanto fala o Partido Popular é hora de que a leve adiante, de que arroxe luz sobre a obra pública, de promover medidas de transparencia que, aínda que non van acabar dun plumazo coa corrupción, si van facer posible unha vixilancia máis precisa e fundamentada dos cidadáns, e xa só por iso merece a pena, porque só un goberno corrupto, só un goberno que traballa para os amigos, oculta a información. Se de verdade vostedes gobernan para o pobo, é hora de que sexan transparentes.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días tamén á xente que nos visita. Benvidos, e esperemos que hoxe vexades algunha resposta ao voso problema, que é moito máis importante que calquera dos que poidamos tratar hoxe, porque estamos

falando das vidas das persoas. É unha honra para mi falar diante de vós.

Ben, despois do que xa se ten falado, quero dicir que nós imos apoiar esta iniciativa, e que nos sumamos aos argumentos aquí expostos, pero non son erros do sistema, é o sistema. A corrupción non é produto de erros do sistema, a corrupción é o sistema, e, se non o analizamos desde aí, mal podemos solucionar estes problemas.

Apoiamos todas estas medidas que propón o Consello de Contas, pero dicimos que o subrecusto maior é o despilfarrro na sobreesaturación de infraestruturas dun moi dubidoso interese xeral. É un modelo de negocio desenvolto nos últimos decenios, enraizado na oligarquía empresarial franquista, coa complicidade dos gobernos, que consiste en drenar diñeiro público para as empresas construtoras, neste caso; un negocio corrupto que nos empobrece baixo unha potente propaganda oficial de que este é o progreso, pero, iso si, sempre sen darlle información e sen darlle voz ao pobo.

Corrupción. Falamos de corrupción, e poderíamos citar moitísimos casos, pero ¿quen fixo as doazóns ao Partido Popular de Galicia no ano 2006, que constaban no informe de Modesto Fernández? O xerente do Partido Popular, entre elas moitas destas empresas que son beneficiarias de contratos.

Non é casualidade que o Foro Económico de Galiza entre as súas medidas máis prioritarias fálase de que había que facer un estudo de custo-beneficio para cada investimento en infraestruturas de máis de 5 millóns de euros, e eu engadiría: e o custo de oportunidade. O custo de oportunidade significa que neste momento hai proxectos aberrantes neste país e que se lles escatima diñeiro para pagar medicamentos aos enfermos e enfermas da hepatite C.

Por exemplo, ¿é prioritario gastar 100 millóns de euros en 6 quilómetros de autovía que vai de ningures a ningures na A-57, por exemplo? Preguntémoslle á xente da comarca de Pontevedra se queren que se gasten 100 millóns de euros en seis quilómetros de autovía nestes momentos onde se recorta en sanidade e servizos sociais. Ese é o principal sobrecusto, e iso non é casualidade, é un sistema de negocio montado así. ¿Como imos pagar 100 millóns de euros por seis quilómetros ou 40 millóns de euros por facer unha variante en Portosín, un

núcleo de 700 habitantes? Pregúntenlle á comarca, á zona de Portosín, se queren eses 40 millóns para facer unha variante ou se queren eses 40 millóns para mellorar as escolas, os centros de saúde, facer cooperativas, agricultura ecolóxica, etc.? ¿Por que non poñemos ese debate enriba da mesa? ¿Por que non lle damos información veraz á xente e que poida decidir non de xeito reactivo, como está montado o sistema, senón na definición do modelo de país; é dicir, non cando xa haxa que facer as alegacións a un proxecto aberrante, como se está facendo? ¿Por que non se fai? Evidentemente, non se fai por que no fondo está un negocio moi ben montado.

A austeridade chegou ao ensino, a austeridade chegou á sanidade, a austeridade chega aos servizos sociais, a austeridade chega á democracia, pero a austeridade non chega ás infraestruturas.

Temos un país endebedado por investimentos cos que determinadas empresas se lucraron e que lles serviron para dar o salto a nivel mundial. O caso do Estado español é estudado en toda Europa. O Estado español nos anteriores dez anos ao 2012 foi o maior consumidor de cemento de toda Europa, o quinto do mundo. Non é casualidade que se estude o caso español con interese.

É dicir, hai que ir á raíz do problema, e o problema é que se está destinando diñeiro público para beneficiar directamente a empresas; e é evidente que todas estas prácticas da Xunta de Galicia de opacidade, de non cumprir a Lei de contratos, etc., son unha parte máis deste sistema, necesaria pero non suficiente. Polo tanto, se se quere gastar o diñeiro que é de todos nas prioridades de todos, o que hai que pasar é a un sistema no que haxa información, participación cidadá de verdade e vontade de non beneficiar os amigos.

O Partido Popular virá aquí e falará –aposto o que sexa necesario– de que hai outros que o fan peor, de que o bipartito... Non estamos falando diso –antes falabamos de Grecia–, estamos falando de se ese sistema xestionado por quen fose xestionado é o que se vai seguir aplicando neste país ou se estamos dispostos a empezar unha nova etapa baseada no interese xeral das persoas deste país.

Diso é do que se trata. Se vostede vai falar e botarlle balóns fóra a Zapatero, a Touriño, etc., pois estará facendo un fraco favor a esta sociedade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Alonso. Déanlle voz ao escano do señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor presidente.

Señorías, como podemos comprobar, continuamos coa campaña de acoso e derribo por parte dos nacionalistas e dalgúns deputados da oposición contra a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Os nacionalistas escomezaron acusándonos de prevaricación na reprogramación da autovía da Costa da Morte. Dixeron sen ningún rubor que lle condonabamos a unha empresa, concretamente a Copasa, o 40 % do trazado e o 17 % do custo, e que o custo do quilómetro da nova reprogramación se incrementaba substancialmente.

O certo, señorías, é que na autovía da Costa da Morte, nesa reprogramación, o custo do investimento diminuíu nun 21 %, os custos de conservación e explotación nun 22,4 % e os custos de financiamento en menos 20 %. E isto, señorías, non o di o voceiro do Grupo Parlamentario Popular en materia de infraestruturas, isto dío o Banco de España, o INE, e o IGAE.

Pero a campaña continuou co discurso que utilizan formacións políticas como AGE ou o Grupo Mixto, de que a nosa formación política tan só defende os intereses das empresas coa actualización que tivemos que facer dos canons das autovías de peaxe na sombra. E o certo, señorías, é que as autovías de peaxe na sombra, os seus canons –que este goberno tivo que revisar para evitar a quebra das empresas–, foron aprobados polo anterior Goberno bipartito, aínda que ao señor Sánchez non lle guste que o mencione; en concreto, na Barbanza, foi aprobado no ano 2006; no Salnés e en Santiago-Brión, no ano 2005; e en Celanova, no ano 2009; e tivo que vir este goberno a arreglar o problema das malas contas que outros fixeron para aprobar eses plans económico-financeiros. E tivemos tamén que arreglar, señorías, o problema do sobrecusto das contas do rescate da AG-53 en máis de 600 millóns de euros para evitar que as arcas galegas non poidan asumir o pago desa peaxe na sombra.

Polo tanto, señor Sánchez, unha cousa é que as infraestruturas non sexan útiles e outra que haxa gobernos e haxa dirixentes gobernamentais que non administren o diñeiro público de forma seria e responsable.

E, claro, agora a sombra da corrupción, a campaña do desprestixio, xa a queren levar a todas as contas do Grupo MATI. É certo que había un informe do Consello de Contas, pero tamén lembrarán as súas señorías –e aí están as hemerotecas– que os primeiros que denunciámos os sobrecustos que había na obra pública en Galicia fomos este grupo parlamentario, en máis de 200 millóns de euros. Di o Consello de Contas que nos anos 2010 e 2011 se incrementaron os custos das obras nun 31 % e que de 71 contratos incrementaron o seu custo 59. Pero, señor Santín, mire os expedientes con máis rigorosidade desas contas dos anos 2010 e 2011; nove de cada dez contratos eran expedientes que viñan do Goberno bipartito. Polo tanto, eran contas que vostedes voltaron a votar.

Claro, é que iso é o que vostedes non din, e o que di o Consello de Contas é que no ano 2009 a práctica habitual do Goberno bipartito, da ex conselleira de Medio Ambiente ou de Obras Públicas, era a da baixa temeraria, e érao nun 54 % dos contratos que ela adxudicaba ou asinaba dentro do seu departamento de Obras Públicas.

¿E que me di do que acontecía co ex conselleiro de Medio Ambiente? En catro anos, 84 obras de emerxencia, 60 millóns de euros; 160 contratos sen publicidade, 31 millóns de euros. Señor Santín, vostede non tire pedras contra o seu propio tellado cando fala de sobrecustos.

E, claro, agora o BNG quere ser máis papista que o Papa e quere que modifiquemos a Lei de contratos do sector público. Nós estamos de acordo co que se establece na Lei de contratos do sector público, que tan só se autorizan modificados nun 10 % de subrecusto e complementarios nun 50 % de sobrecusto.

E, para rematar, imos comprobar os sobrecustos para ver cal é a diferenza entre os anos 2005-2009 e os anos 2009-2014. Co bipartito os importes de licitación ascenderon a 655 millóns de euros, con este goberno os importes de licitación superaron os 800 millóns de euros. Co bipartito os importes de adxudicación sobre eses 655 millóns de euros foron de

563 millóns de euros, con este goberno, sobre os 800 millóns, de 650 millóns de euros.

¿Cal foi o resultado dos sobrecustos? Co bipartito, de 217 millóns de euros sobre o contrato adjudicado. Con este goberno, de 67 millóns de euros. ¿Cales foron os sobrecustos da licitación do Goberno bipartito? De 125 millóns de euros. Con este goberno? De -89 millóns de euros. Polo tanto, reducíronse nun 28 %...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO: ...os sobrecustos na Administración coa actual Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

E, señora Pontón, por moito que vostede se esforce, e o seu grupo parlamentario, en desprestixiar esta consellería e en acusarnos veladamente de corrupción, créame que ten pouco éxito. ¿Sabe por que ten pouco éxito? Porque todo o mundo sabe que vostedes tamén forman parte da casta política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Gómez Alonso.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecerlle tanto a AGE como ao Grupo Mixto o apoio a esta iniciativa; e dicirlle ao Grupo do PSOE que nós podemos aceptar a segunda parte da súa iniciativa, non a primeira, porque, efectivamente, eles fan un cambio substancial da nosa proposta. Nós propoñemos que non se admitan modificados por un valor superior a un 1 %, e entendemos que esa emenda modifica un dos puntos fundamentais que nós hoxe estamos propoñendo. Polo tanto, ese primeiro punto non o podemos aceptar.

En relación coa intervención do voceiro do Partido Popular, eu creo que o PP xa está nun delirio supremo: o Consello de

Contas forma parte dunha confabulación nacionalista para desprestixiar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Seguen vostedes cunha liña argumental que a min a verdade é que me deixa abraiada, do rigor e da seriedade que utilizan.

Quero dicirlle tamén que o Bloque Nacionalista Galego mantemos todas e cada unha das afirmacións que temos feito en relación coa autovía da Costa da Morte, e que cremos que é un escándalo a modificación que vostedes están facendo deste contrato; un escándalo que subordina o interese público ao interese privado e que, polo tanto, é por por riba da defensa dos intereses dos galegos e das galegas un prezo que sexa bo para esa empresa concesionaria, que, volvemos dicir, dentro desa UTE –¡oh, que casualidade!–, é unha das empresas que forman parte da trama Gürtel. Será por iso que a Consellería non nos permite o acceso e analizar en detalle ese expediente. E, a pesar de que o temos solicitado, négase a trasladalo a este Parlamento. Pero non se preocupe que sobre ese tema imos debater dunha maneira concreta.

E, desde logo, tamén lle pediría ao señor Gómez Alonso –ao que lle gusta tanto recordar o bipartito– que recorde o Goberno Fraga, do que era vicepresidente o señor Núñez Feijóo. Penso que el algo saberá de cales eran os prezos que se estableceron nos pregos de condicións da autovía da Barbanza ou da autovía do Salnés. Imaxino que algo sobre isto saberá o señor Núñez Feijóo, que creo que era o encargado da licitación deses proxectos. Polo tanto, un pouco de vergoña e un pouco de decencia política.

E, miren, nós hoxe asumimos que a culpa da xestión do 2010 e do 2011 é do Goberno bipartito, ¿como non, se estabamos gobernando a aquela altura, verdade, señor Gómez Alonso? Eu creo que é unha auténtica tomadura de pelo a súa argumentación. En todo caso, hoxe non estamos debatendo o que fixo o bipartito, estamos debatendo un informe do Consello de Contas sobre os exercicios 2010 e 2011, e unhas propostas. Está vostede a favor dos sobrecustos; o Partido Popular quere permitir os sobrecustos. Nós o que propoñemos nesta iniciativa é que non se permitan sobrecustos, que son malversación de fondos públicos, ao final, porque estamos utilizando mal os recursos da Administración. Estanse adjudicando contratos a empresas por un prezo que logo non se respecta e, polo tanto, vulnerando os principios que deben rexer na Administración pública.

Isto é o que votamos, non o que fai un ou o que fai outro...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e que queremos facer para o futuro.

E deixen, por favor, de estar sempre co retrovisor posto, porque, seis anos despois, o único que demostra é que o seu goberno non ten solvencia nin unha xestión que vender.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Procedemos agora ao debate acumulado das proposicións non de lei 4.6 e 4.7, que se corresponden con iniciativas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles aos doentes de hepatite C o acceso ás novas terapias existentes

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles aos doentes de hepatite C o acceso ás novas terapias existentes

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para debater estas proposicións non de lei ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Solla.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero dar a benvinda e o agradecemento ás persoas que están na tribuna, membros da Plataforma de Afectados e Afectadas pola Hepatite C.

En 2013, no marco do debate sobre o repago da farmacia hospitalaria, eu empregaba un coñecido poema de Bertolt Brecht, “Moitas maneiras de matar”, que facía referencia,

efectivamente, ás maneiras indirectas que teñen de matar as decisións políticas, entre elas, non curar unha enfermidade, e a que poucas destas maneiras de matar están certamente prohibidas no Estado. Aquí sucede o mesmo e poderíamos incluír a situación de milleiros de persoas, enfermas e enfermos de hepatite C, abandonadas polo goberno do seu país e polo Goberno do Estado; abandonada a súa saúde, a pesar de ser o dereito á vida un dereito fundamental. Son 700.000 persoas en todo o Estado español timadas, estafadas e enganadas polo seu goberno, desprotexidas; 40.000 persoas en Galicia que teñen que tolerar non só o padecemento do seu grave problema de saúde, non só a imposibilidade de non poder acceder aos novos tratamentos por causa das medidas ou das decisións políticas deste goberno, senón que teñen que soportar as mentiras da Administración, do Goberno, tentando eludir as súas responsabilidades políticas.

Falamos xa no anterior pleno dos motivos de chegar a esta situación. Dende AGE advertiamos xa de que, evidentemente, estas son as consecuencias da especulación farmacéutica, da usura e da rapiña do capitalismo, porque nel as empresas privadas poden, teñen o dereito a facer prevalecer os seus intereses económicos fronte á saúde das persoas. Pero é que son empresas privadas e, desgraciadamente, temos menos investigación e servizos públicos, e iso, iso si, é responsabilidade dos gobernos. Un exemplo é o rexeitamento nos orzamentos, por exemplo, das emendas de AGE que propuñan a creación dun laboratorio farmacéutico público hai tan só uns meses –non sei se xa se esqueceron–.

O Goberno central evitou exercer as súas competencias para negociar, como outros estados, prezos máis vantaxosos coa multinacional Gilead. E despois adicouse a mentir sobre os criterios de acceso aos fármacos e a limitar o acceso por criterios económicos, fixando un teito de gasto ínfimo, de 125 millóns de euros para todo o Estado. Ao mesmo tempo que, evidentemente, pechaba por vontade propia a posibilidade de producir o fármaco fóra da patente de Gilead. Poden, teñen instrumentos legais, pero non queren tentalo. E mentres diariamente morren doce persoas en todo o Estado cada día; cada día morren doce persoas. Prefire o Goberno beneficiar unha multinacional usureira que xa nos vendeu o Tamiflú e que o pasado ano incrementou un 127 % os seus beneficios grazas a extorsionar cos prezos deses antivirais –24,9 millóns de dólares de beneficio tiveron o pasado ano– que ver pola saúde das cidadás e dos cidadáns.

Pero hoxe non vimos falar tanto da empresa nin sequera da patente do fármaco, vimos pedir as responsabilidades da Consellería de Sanidade. Porque ao Goberno esquécelle que ten competencias propias en materia de sanidade, e non só aplauden coas orellas a restrición do Goberno central no acceso ao Sofosbuvir, senón que son quen de restrinxir aínda máis esas condicións de acceso. Sempre, cando falamos de recortes, o Partido Popular é alumno avantaxado do Partido Popular de Madrid.

É falso que os criterios que actualmente hai sobre a mesa sexan científicos ou sexan médicos; son criterios económicos, porque, evidentemente, os criterios científicos xa se pasaron cando o medicamento foi autorizado pola Axencia do Medicamento, e disto hai xa un ano. O que pasa é que cando un fixa un teito de gasto tan ínfimo como o que se fixou, de 125 millóns de euros para todo o Estado, hai que restrinxir o acceso porque apenas van poder mercar uns cantos milleiros de tratamentos, cando falamos –repito– de 700.000 persoas en todo o Estado e de 40.000 en Galicia. Polo tanto, o que queda claro é que o investimento non quen ou non teñen, evidentemente, vontade de amplialo.

¿E que fai a Consellería? Restrxinir o acceso con criterios, dende un inicio, dende outubro de 2014, aínda máis estreitos, mais restritivos –valla a redundancia–; e a pesar da ampliación, dos criterios do Ministerio en novembro e en decembro, estes non se modificaron. A conselleira –díxoo aquí– foi a ese Consello Interterritorial falando de equidade –denunciábanos tamén os propios membros da plataforma– e mantendo peores condicións de acceso para as galegas e galegos que outras persoas doutros territorios do Estado. Tivo que reunirse a plataforma de afectados e afectadas para trasladarlle que estaban mantendo esas restricións que non se mantiñan no resto do Estado. E ata o 28 de xaneiro –catorce días despois dese Consello Interterritorial– non tivo a dignidade de modificar eses criterios para mellorar o acceso. Esta Xunta non exerce as súas competencias políticas, e a xente está morrendo. Isto non é unha broma, non é un xogo político.

Hoxe traemos esta iniciativa da plataforma de afectados e afectadas tal cal nola trasladaron porque, evidentemente, asumimos dende Alternativa Galega de Esquerda a vontade de trasladar esa voz da cidadanía. E, polo tanto, como é evidente, as persoas afectadas non van falar de prezos econó-

micos, por iso nesta iniciativa non se fala dos prezos, pídese o mínimo. Eles dicíannolo o outro día. Eles mesmos non van poñer prezo ás súas vidas. ¿Poñerían vostedes prezo ás vidas destas persoas? ¿Canto vale a vida dunha persoa? ¿Canto van estar vostedes, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, dispostos a pagar para salvar a vida destas persoas?

O que piden –e así o trasladamos e agardamos que teñan a mínima humanidade de aprobalo– é que se atendan os criterios do persoal médico especialista e que ás persoas que teñan prescritas esas medicacións se lles proporcionen os tratamentos, poñendo todos os medios para todos os casos urxentes segundo os criterios das propias asociacións científicas de estudo do figado. E, por suposto, que sexa inmediato, porque a xente que está en estadios avanzados e que ten problemas urxentes non ten tempo para perder nestas leas políticas, en se vostedes queren aquí e en Madrid ampliar máis o crédito para proporcionarlles o tratamento ao que deberan ter dereito.

Dende a Alternativa Galega de Esquerda advertimos tamén –a pesar de que, repito, esta iniciativa é o mínimo que consideramos que o Goberno, un goberno responsable, debería facer– de que temos presentado xa máis iniciativas porque a Xunta non pon nin un só euro para financiar os tratamentos; cero euros para tratamentos de persoas que están morrendo todos os días. Iso si, 640.000 euros en capeláns do Sergas cada ano, 300.000 para un vídeo de Enrique Iglesias, ou 319.000 euros na publicidade natalista para este ano. Quere-mos que nazan nenos e nenas, pero non nos preocupamos de coidar a vida dos que temos xa, dos galegos e galegas que están enfermos e que queren exercer o seu dereito á saúde. Vostedes saberán coa súa votación de que lado se colocan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Eu tamén quero comezar saudando, en nome do Bloque Nacionalista Galego, as persoas que están hoxe na tribuna,

os homes e mulleres que conforman a Plataforma de Afectados pola Hepatite C en Galiza; homes e mulleres que tiveron que constituír unha plataforma para reivindicar e defender os seus dereitos diante das accións de inanición e criminais tanto do Goberno galego como do Goberno español.

Hoxe o BNG vai defender aquí esta proposición non de lei facendo nosa a iniciativa que nos trasladou directamente a plataforma. Só lle puxemos o título; do resto asumimos integramente a iniciativa tal e como nola trasladaron, porque cremos no BNG que é de xustiza facelo así. Facémola nosa porque a loita contra a hepatite C é a loita de todas e todos os que defendemos unha sanidade pública, os que defendemos que os recursos públicos sexan para atender primeiro as persoas antes que outras necesidades. Facémola nosa porque non podemos permitir que o negocio da industria farmacéutica e o abuso e despotismo de determinados gobernos ao seu servizo impidan aos doentes a posibilidade de curar. Porque non estamos a falar de maior calidade de vida ou de maior benestar, non nos cansaremos de repetilo; estamos a falar de vida ou morte, estamos a falar de persoas, como as que están agora na tribuna, que sofren as consecuencias, que sofren unha enfermidade e as consecuencias duns gobernos –o galego e o español– que recortan e negan tratamentos para esa enfermidade.

Eu dixen na intervención que tiveron aquí o 27 de xaneiro, cando a conselleira de Sanidade veu aquí mentir –e despois direi por que–, que ese día a plataforma e os afectados e afectadas en Galiza estaban de loito porque o día anterior morrera un compañeiro da plataforma. Efectivamente, iso é do que estamos a falar, da realidade de que todos os días morren persoas por esta enfermidade. E morren persoas por esta enfermidade cando hai tratamento para curala. E na comparecencia aquí da conselleira o 27 de xaneiro non o desmentiu; falou de que había unhas ratios de máis do 90% de efectividade do tratamento. Co cal, estamos a falar dun xeito claro de que hai tratamento, o que non hai é vontade para aplicalo.

Estamos a falar dunha enfermidade grave, dunha enfermidade crónica, dunha enfermidade coa que ata hai pouco o único que se podía facer era intentar a súa reversibilidade e que non avanzara máis. Cos novos tratamentos estamos nunha situación totalmente diferente, estamos nunha situación en que a enfermidade pode curarse. Mais a esperanza e expectativa

que supuxo para miles de persoas no Estado español e para miles de persoas en Galiza –porque, a pesar de que non se está a facilitar por parte da Consellería o número de persoas afectadas en Galiza, sabemos que son miles as que están contaxiadas e que son miles as que necesitarían dun xeito inmediato o seu tratamento– a aparición destes novos fármacos foi parella á actuación negligente, criminal, por parte do Estado español e do Goberno galego; unha actuación que foi máis destinada a poñer trabas, problemas e barreiras, para que os doentes non puideran acceder aos fármacos, que na dirección contraria, e actuacións que poñen en risco a súa saúde e poñen en risco as súas vidas. Porque os fármacos que se están dispensando estanos dispensando en función de criterios económicos e non de criterios médicos, por moito que intenten disfrazalo, maquealo e dicir o contrario.

Pasamos, de principios do ano 2014, onde naquel momento a ministra de saúde do Estado español anunciara que en outubro ían estar á disposición dos doentes os fármacos, a constituír unha comisión de estudo, ata que hoxe aínda non temos nin sequera o primeiro borrador, o primeiro rascuño dese estudo.

Estamos a falar dun goberno galego que, lonxe de actuar ao servizo dos galegos e das galegas, que, lonxe de actuar en beneficio dos doentes de Galiza, a conselleira non só renuncia a exercer as súas competencias, a exercer de conselleira do Goberno de Galiza, senón que, ademais, é a alumna máis avantaxada en aplicar as medidas restritivas impostas polo Ministerio español.

A conselleira veu aquí o 27 de xaneiro comparecer, teoricamente, para informar de cal era a situación na que estaban o tratamento e os doentes da hepatite C. Ademais de adicarlle ben pouco tempo ao tema, o que fixo foi mentir; a conselleira mentiu aquí, neste Parlamento, primeiro porque dixo que estabamos –textualmente, repito– a tratar os doentes de hepatite C de acordo cos criterios establecidos polos expertos na materia e de acordo coa evidencia científica. Mentiu, porque a evidencia científica di que debería estárselles aplicando a todos os doentes que están en fase 3 e en fase 4, e que o nivel de curación está por encima do 90 %. En Galiza non se lles está a aplicar aos que están en fase 3 e en fase 4; co cal, estivo a mentir. Dixo que o Sergas está a garantir a equidade e a homoxeneidade na aplicación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora PRADO CORES: ...do tratamento en Galiza, e volveu mentir, porque a realidade do que está pasando en Galiza é: primeiro, que se extravían expedientes de persoas; co cal, demórase meses en aplicar o tratamento. E, ¿por que nos enteramos dese extravío? Pola actuación da plataforma e dos afectados, porque se negaba que estivera pasando nada.

A conselleira dixo aquí que todo estaba moi ben, cando resulta que a realidade era que, por exemplo, se estaban perdendo expedientes, e con iso estábanelles demorando o tratamento a persoas. Dixo que se estaban a aplicar todos os criterios, e resulta que en Galiza se estaban a aplicar criterios máis restritivos dos determinados polo Ministerio, por exemplo, non aplicárllelo a maiores de 70 anos –¡criminal!–. En Galiza demorouse a aplicación destes tratamentos cando no mes de outubro estaban xa actualizacións feitas por parte do Ministerio, e ata finais de xaneiro –28 de xaneiro– non se mandou unha circular dicindo que podían acceder a eses fármacos. En Galiza estíbale aplicando dun xeito restritivo a actuación que determinaba o Ministerio. En Galiza denéganselles tratamentos a doentes en fase avanzada. Están aí os exemplos e as testemuñas dos propios doentes. Estáselles denegando a persoas que teoricamente cumpren eses xa restritivos criterios do Ministerio, e aquí a conselleira dixo que non era certo. En Galiza estáselles a poñer todo tipo de trabas a estes doentes. Desde que o médico fai a petición dos fármacos para que o doente poida recibilos comeza todo un auténtico vía crucis e un auténtico calvario: esa petición do especialista vai á xerencia, da xerencia vai á Xunta, e da Xunta, da dirección xeral, envíase á súa comisión de avaliación, no caso de que chegue e non se extravíen os expedientes; e despois de que esta subcomisión decide que é susceptible de recibir o tratamento iníciase o camiño de volta: da subcomisión á dirección xeral, da dirección xeral á xerencia e da xerencia outra vez ao especialista. Co cal, demórase a aplicación de fármacos e estanse a ampliar prazos e tempos que os doentes non teñen, porque estamos a falar dunha enfermidade que mata, ¡dunha enfermidade que mata! Co cal, trabas, dificultades, escurantismo e cero transparencia.

¿Por que por parte da Xunta de Galicia non se fai pública a composición da subcomisión que avalía estes casos? ¿Cal é

a razón para que non coñezamos quen son as persoas que deciden quen recibe e non recibe tratamento? Son cuestións que aínda están por aclarar.

Por iso, señores e señoras deputados e deputadas do Partido Popular, eu diríxome en nome do BNG a vostedes –porque dou por suposto que o resto dos grupos que conformamos a Cámara imos apoiar esta iniciativa– en demanda de que a apoién, de que apoién a petición que fai a plataforma, que non é outra que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España para que garanta o acceso ás novas terapias e para que nos doentes da hepatitis C que o precisen se produza de acordo con criterios médicos. Algo tan sinxelo como iso: que sexan criterios médicos, que non se lles poña teito de gasto, porque a vida das persoas non pode ter un teito económico; á vida das persoas non se lle pode poñer prezo. Unha iniciativa que pide que se inste o Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia dos novos fármacos da hepatitis C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas de xeito inmediato. Parécenos que é o mínimo que se pode facer, porque o contrario é obsceno e inmoral. É obsceno e inmoral...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e criminal que se permita que morra xente mentres a farmacéutica dona do medicamento ten ganancias millonarias, mentres a farmacéutica declarou que no ano 2014 tivo 13.000 millóns de euros de beneficio, a maioría dos cales a custa deste medicamento.

Se vostedes, señoras e señores do Partido Popular, non votan a favor disto estarán votando a favor de darlle negocio a unha farmacéutica en vez de curar as vidas de galegos e galegas como os que están agora na tribuna.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora PRADO CORES: Agardo que o fagan así. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado, grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bos días a todos e a todas. Bos días aos compañeiros e compañeiras de enfermidade que están arriba, no Parlamento.

Por suposto, o Grupo Mixto vai aprobar esta iniciativa; unha enfermidade que provoca 4.000 mortes ao ano; unha enfermidade silenciosa, lenta, que inexorablemente vai mingando a calidade de vida de quen a padece; unha enfermidade que a día de hoxe se pode curar porque hai, por fin, un tratamento eficaz, pero que non se dispensa porque importan máis os beneficios das farmacéuticas que a saúde e mesmo a vida das persoas; un tratamento de probada rendibilidade en resultados de sanación.

¿Como nos poden negar o dereito á saúde? ¿Quen se pode atrever a argumentar en contra da universalidade na dispensación dun remedio que vai curar e mellorar a esperanza de vida de milleiros de cidadáns? ¿Será porque detrás está unha farmacéutica que se chama Gilead, multinacional en mans dos principais fondos de inversión globais, con ramificacións na banca e nas principais empresas multinacionais? Esta empresa ten fortes conexións coa Administración norteamericana e cos principais *think tank* e os grupos de presión internacionais, entre os que se atopan Donald Rumsfeld e George Shultz, secretarios de estado da Administración ianqui.

O presidente da Organización Médica Colegial defendeu o 20 do mes pasado, o 20 de xaneiro, o dereito á saúde por riba de calquera patente, na súa comparecencia perante os medios de comunicación para presentar o posicionamento da corporación ante os novos medicamentos da hepatite C, cuxos prezos abusivos e perigosos –segundo o expresou Rodríguez Sendín, presidente deste organismo– abren un camiño que, de non corrixirse, pode colapsar o Sistema nacional de saúde. E pon de manifesto, neste comunicado, a necesidade dun fondo de financiamento específico e finalista para a abordaxe desta enfermidade crónica, grave, de longa e letal evolución, que no Estado podería afectar unhas 500.000 persoas. Recordou tamén que nos últimos anos xurdiron unha serie de tratamentos moi eficaces e seguros para facer fronte a esta patoloxía, pero que foron sometidos polos seus fabricantes a un estrito criterio de mercado. Segundo o presidente da Organización Médica Colexial, a política de prezos agresiva destes tratamentos abre, ademais, a vía para todos os medicamentos innovadores e relevantes que puide-

ran xurdir nun futuro, que, de non evitarse, porían en risco o Sistema nacional de saúde, ao provocarlle un colapso financeiro, coa conseguinte imposibilidade de responder en condicións de igualdade a todas as necesidades sanitarias das cidadás.

Este é o posicionamento dos profesionais da medicina. O que senten e pensan as doentes desta patoloxía, permítanme, señorías e señorías, que o exprese en primeira persoa, pois esta deputada que está a falar é unha cidadá galega esperando polo tratamento dende que o doutor Xesto –especialista en dixestivo da sanidade pública de Ourense– a dirixise –e recomendase– aos devanditos tratamentos. Disto hai xa máis de dous anos, de silencio e ninguneo, de incerteza e desacougo; tres anos de abandono.

O argumento de que un comité –será un *petit* comité– será quen valore quen debe de recibir ou non o tratamento non serve. Non se entende, cando xa hai unha diagnose e unha deriva da paciente cara á unidade médica que trata estas doenzas.

Por outra banda, é absurdo esperar a un empeoramento para ser merecedora de recibir, señor Tellado, un remedio que garante o 90 % das curacións. ¿Pero a que queren esperar?, ¿a que esteamos mortas, a que esteamos terminais? Esta deputada non lle desexa a ninguén o padecemento desta nin de ningunha outra enfermidade, pero apela á humanidade das gobernantas para que poñan fin a esta situación na que están en xogo as vidas de moitas. E, de non ser así, apelo ás cidadás para que nas urnas depositen o seu voto soberano que sexa quen de mudar estas políticas mercantilistas e despiadadas, títeres dos mercados e alleas aos principios humanos máis elementais.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, homes e mulleres que compoñen as plataformas de enfermos para pedir algo que parece increíble que haxa que

pedir: un tratamento para unha doenza. E vanme permitir que faga un recordatorio.

O 15 de xullo deste ano pasado presentei unha proposición non de lei en nome do Grupo Socialista exactamente igual que a que hoxe presentan os grupos. O 10 de setembro debatemos aquí unha proposición non de lei na que dicíamos exactamente o mesmo, e despois de oír as voceiras que representan os outros grupos seguimos dicindo o mesmo: señorías, permítanme que diga que este debate me parece aberrante. É unha aberración política e cidadá que teñamos que estar discutindo neste momento que cando temos un tratamento que cura enfermos en risco de morte teña que ser o Parlamento o que discute se si ou se non. ¿Pero de que estamos falando? ¿Vostedes vense discutindo aquí, se aparece un medicamento que cura o 90 % do cancro de próstata ou de mama ou de pulmón, se habería que traer ao Parlamento se o tratamos ou non o tratamos? Isto non é unha comisión científica, é unha comisión política.

Eu permítome recordarlles datos aos parlamentarios do Partido Popular e á xente que nos estea escoitando: 30.000 galegos e galegas están diagnosticados de hepatite C, e todos os datos apuntan a que hai un 60 % de infección silente. Podemos estar falando de 50.000 ou 60.000 homes e mulleres deste país que están sufrindo unha enfermidade que é a culpable de 10.000 mortes ao ano en España. Recórdolles que de accidentes de tráfico falecen 1.500 en España, e miren a que armamos, e agora estamos discutindo se tratamos a estes doentes ou non os tratamos. Permítanme que o diga de maneira categórica: non hai un só argumento científico para non tratalos. Este é un debate económico puro, e todos os subterfuxios que se lle queiran poñer encima son desculpas literalmente de malos pagadores. Se hai un teito de gasto de 125 millóns ao ano para España, se somos o 6 % da poboación, tócanlle a este país, do teito de gasto, 7.500.000. E con 7.500.000 non se poden tratar máis de 250 pacientes ao ano. E se temos preto de 40.000 alguén está contando mentiras. E o demais é un debate de esgrima parlamentaria a ver quen fala mellor, a ver quen fala peor. Isto non vai de falar mellor ou peor, vai de morrer ou non morrer, que non é un tema menor, señorías. (*Aplausos.*)

Eu veño aquí, señorías, plantexarlles unha proposta concreta e unha proposta que non é nin tan sequera de índole parlamentaria. Teremos que sentar os grupos parlamentarios

xuntos e defender os doentes que teñen un risco de morte evidente. Isto non é ser do PP nin ser de AGE nin ser do PSOE. Aí hai hepatite C exactamente igual que aquí. Polo tanto, imos ser pragmáticos, señorías. ¿De que temos que falar? Temos que falar non de discutir se tratamos os que están enfermos ou non, senón de ser valentes e ir a un plan de erradicación da hepatite C en Galicia en vinte anos, porque é posible. É do que se está falando en Alemaña, en Dinamarca, en Francia; algo tan de sentido común como que, se hai un tratamento que cura a enfermidade, imos poñernos un plan, non para discutir se a tratamos, senón para erradicar esa enfermidade. E hai un plan 2030 no que determinados países de Europa están traballando, en conseguir que no ano 2030 se erradique a hepatite C.

Mire, se algunha sanidade —e dígoos con todo o respecto do mundo que me merece, porque non me gusta para nada— é recortista, é a sanidade catalá, ¿verdade? Cataluña foi a que foi por diante de todo iso. Pois o 23 de xaneiro deste ano a sanidade catalá —e pídolles que tomen nota, só niso, da sanidade catalá— toma unha decisión que di: amplía as partidas de gasto presupostario e comprométese a tratar os pacientes en fase 2 e, dende logo, todos os de en fase 3. Ese é o camiño; o camiño non pode ser vir aquí a ver como enganamos e estiramos o chicle dos tempos.

Eu fago un chamamento desde aquí, e fágoo como médico, como compañeiro, como político e como galego. A Comisión de Seguimento da Hepatite C non deixen que sexa o burladeiro do Goberno galego para tourear os enfermos da hepatite C. Non poden ser eles o burladeiro. Eles son os científicos, os que teñen que defender con rigor científico. E digo máis, tamén como médico case aplico unha técnica que é máis ben xurídica: *in dubio pro reo*; en dúbida, para o paciente; non en dúbida que morra o paciente. Está moi claro que se a comisión ten algunha dúbida será mellor pecar por exceso que pecar por defecto.

Miren, señorías, permítanme que o diga dunha maneira un pouco [...]: isto vai de pasta; isto vai de pasta, non vai de rigor científico, non vai de rigor sanitario; vai dunha insensibilidade política que mide todo en euros. E eu pídolles a vostedes e fago unha apelación ao grupo parlamentario para que hoxe saiamos de aquí mandándolle unha mensaxe de esperanza á xente que está enferma. E a mensaxe de esperanza ten que ser moi sinxela, señorías: luz e taquígrafos.

Fagamos unha estratexia galega para erradicar a hepatite C. Fagámoslle chegar a través dunha carta da Consellería de Sanidade a cada doente cal é a súa situación e cal é o itinerario que ten que seguir para acadar a súa curación. Fagamos un sistema de transparencia no que cada doente, cando se levanta cada mañá xogando a vida á ruleta rusa, saiba cal é o camiño que ten que escoller para buscar a senda da súa curación.

E eu fago unha pregunta ao revés: ¿e por que non podemos facer iso? ¿Tan difícil é facer unha reunión de voceiros que inste o Goberno con criterios económicos e científicos? ¿Tan difícil é facer o que fai a sanidade catalá? ¿Tan difícil é facer o que está facendo toda Europa? ¿Saben cal é a diferenza entre Europa e España? En Europa, en Alemaña, en Dinamarca, Gilead, a usurpadora, é a mesma que aquí, pero alí os gobernos tomaron unha decisión: tratan os enfermos mentres pelexan coa farmacéutica. Aquí tomamos unha decisión distinta: non tratamos os enfermos mentres pelexamos coa farmacéutica. Dito doutro xeito: en Alemaña o tempo corre para a farmacéutica, pero non para os enfermos, e en España o tempo corre para os enfermos, pero non para a farmacéutica.

Polo tanto, eu veño, señorías do Partido Popular, dicirlles que, desde logo, nós imos apoiar as iniciativas do grupo porque son de auténtica xustiza...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...pero vimos pedirllas aquí algo —a vostedes, aos que lles gusta tanto dicir que isto non é política—, case o digo eu: isto non é política, é xustiza; aquí non vimos debater politicamente, porque creo que non haberá un só parlamentario no mundo que discuta se, podendo tratar un enfermo, hai que tratalo ou non, porque iso non sería un parlamentario, sería un imbécil.

Entón, eu o que lles veño dicir aquí é que non discutamos, non dubidemos. As sociedades científicas falaron, agora teñen que falar os gobernos, e teñen que falar só nunha dirección, señorías. E aí pido...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...que todos xuntemos as nosas forzas para instar este goberno galego a dicirlles:

señorías, modifiquen os orzamentos de Galicia, quiten diñeiro de partidas de propaganda, quiten diñeiro do que queiran e poñan diñeiro para tratar os pacientes porque, se non os tratan, poden morrer. Iso si que é facer política e non vir aquí escudarse detrás...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...dunha comisión ou detrás dun pseudocientifismo que non agroma por ningún sitio.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Está claro: o que toma o medicamento cura, e o responsable de que non tomen o medicamento é o responsable de que morran os que non curan.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Quería, en principio, saudar os voceiros dos colectivos de enfermos, cos que mantivemos unha reunión onde expuxeron as súas inquedanzas e reivindicacións nun ambiente de total cordialidade, e, por suposto, o resto dos asistentes do colectivo.

Desde logo, eu, como profesional, entendo perfectamente a postura dos enfermos, non o dubiden.

Á señora Solla e ao señor Vázquez sobre todo gustárame —saben que a min non me gusta falar de Andalucía nin doutros sitios— dicirlles que revisaran vostedes a comparecencia da conselleira de Salud de Andalucía do 26 do mes pasado, de xaneiro. Daríanse conta de que a situación en Galicia ao mellor é bastante mellor que a que se está a producir noutras comunidades autónomas.

Nós, desde logo, no Grupo Parlamentario Popular, pensamos que se deben tratar os pacientes de hepatite C segundo criterios clínicos; criterios clínicos que están establecidos polos expertos na materia e sempre seguindo a evidencia científica. Eses criterios vanse adaptando progresivamente conforme se xeran novos datos ou aparecen novas posibilidades terapéuticas.

Onte mesmo aparecía no *Diario médico* a nova de que o Ministerio de Sanidade prevía renovar e actualizar esta mesma semana as recomendacións clínicas en hepatite C, e iso vai modificar os IPT famosos. Está claro que os tratamentos dos que imos falar son tratamentos moi recentes e que o seu uso e os ensaios clínicos darán lugar a unha serie de resultados e evidencias científicas que axudarán a mellorar e a axustar as medicacións ás circunstancias individuais de cada paciente. Cada poucos meses temos noticias dun novo antiviral ou dunha nova asociación de fármacos eficaces contra a hepatite C. Múltiples empresas farmacéuticas compiten por presentar os seus medicamentos como os mellores diante dos da competencia. Non só é Sofosbuvir, que é o famoso Sovaldi, senón Daclatasvir, autorizado desde primeiros deste mes, pero tamén están no mercado, ou estarán en poucos meses, Dasabuvir, Ombitasvir, Paritaprevir, Ritonavir, Grazoprevir ou Elbasvir, entre outros. Todos eles serán fármacos probablemente tan ou máis eficaces que os actualmente comercializados. Con todo, nas actuais guías clínicas, soamente figuran tres deles, non figuran os novos; polo que, obviamente, esas guías clínicas terán que actualizarse en próximas datas. A velocidade de comercialización destes novos medicamentos é o que xustifica a existencia de protocolos actualizados, ademais do principio de prudencia, para garantir un uso seguro dos mesmos. Todos temos claro –niso estamos todos de acordo– que, sen ningunha dúbida, do que se trata é de curar a infección.

Non hai un mes anunciouse un acordo por unanimidade entre o Ministerio e as dezasete comunidades autónomas para

Non hai un mes, anunciouse un acordo por unanimidade entre o Ministerio e as dezasete comunidades autónomas para a elaboración dun plan estratéxico a nivel nacional para abordar a enfermidade da hepatite C. Participan nesa comi-

sión directivos da Asociación Española para el Estudio del Hígado, dous alomenos.

Coa participación de expertos nacionais e internacionais, vaise crear un rexistro e unha base de datos do sistema. Porque o que si que non temos é información, non sabemos nin cantos enfermos hai nin en que situación está a enfermidade. E tamén se tratará de actualizar os criterios técnicos.

O borrador –hoxe está a noticia nos medios– xa está rematado e neste momento está nas mans de comunidades autónomas, sociedades científicas e asociacións de pacientes para o seu estudo e alegacións. E xa lles dixen antes que probablemente nesta mesma semana se modifiquen os criterios de tratamento e os criterios de aplicación dos novos tratamentos.

Temos que lembrar –e quero lembralo– que España é pioneira na introdución e o financiamento destes novos medicamentos. Así foi cos que apareceron no ano 2012 e así está a ser cos novos medicamentos. E quero recordarlles tamén que a día de hoxe só tres países da Unión Europea –Luxemburgo, Bélxica e España– os financian, os teñen no catálogo financiado; e en Europa, ademais deses tres, Suíza.

Onte mesmo, o ministro Alonso afirmou no Senado que a finais de xaneiro xa se tratan en España, durante o mes de xaneiro, 4.500 enfermos cos novos medicamentos. O máis importante, o que debe de quedar claro, é que a Consellería garantiu a este deputado que todos os pacientes que cumpren os criterios establecidos a día de hoxe están tendo e terán acceso á medicación que necesitan. E o Sergas tamén quere garantir a homoxeneidade e a equidade no acceso aos novos tratamentos, grazas ao asesoramento realizado a través da subcomisión da que falamos aquí, que está composta por facultativos especialistas no tratamento desta enfermidade, que avalían os casos susceptibles e que comprobán que cumpren os criterios clínicos para ser tratados. Do mesmo xeito se fai na totalidade das comunidades autónomas de España.

Desta maneira garántese que aqueles pacientes que cumpren os referidos criterios, e non outros, son os novos candidatos a recibir os tratamentos. As solicitudes valóranse de xeito anónimo, para evitar presións, por un grupo de profesionais, dos que tamén se respecta o anonimato para evitar presións e ameazas de calquera tipo. Estas comisións están a avaliar

un número importante de medicacións para outras patoloxías sen xerar problemas salientables.

Houbo defectos, efectivamente, no trámite do CHUS que foron admitidos pola Xerencia do hospital. Hai que minimizalos e levalos a cero, controlando e investigando para evitar que se poidan repetir. Dende o Grupo Popular exiximos que se faga co máximo rigor. A dirección do centro afirmou con rotundidade en nota pública que todos os doentes están identificados e seguidos, que xa se están a dispensar os novos tratamentos a doentes de hepatite C, que todos os enfermos que cumpren os criterios teñen xa tramitadas as súas solicitudes para a dispensación do seu fármaco. E admiten fallos no circuíto –pero en ningún caso extravíos–, que foron detectados, revisados e corrixidos.

Ademais, eu podo dicirlles que o consultei, que non hai novos problemas detectados, e para evitalos reúnese semanalmente a Xerencia do centro cos hepatólogos que atenden aos enfermos no CHUS para valorar calquera incidencia –a última reunión foi antonte–. Eu pódolles asegurar tamén, despois de consultalo, que a día de hoxe todas as solicitudes de medicación están tramitadas. E afirmano non só os directivos senón tamén os clínicos que atenden os enfermos.

Señorías, vostedes utilizan para o debate político a enfermos falecidos. E fano porque saben que a Consellería non os vai desmentir, porque a protección de datos dos doentes non o permite. Eu, como profesional da medicina, levo máis de 30 anos respectando o segredo profesional, polo que, aínda que tivera acceso a calquera información persoal dos doentes, xamais a utilizaría nun debate destas características, nin como deputado do grupo que apoia o Goberno nin tampouco se fose deputado da oposición.

Desde logo, non escoitarán deste lado da bancada desexarlle a ninguén que padeza unha enfermidade, por moi adversario político que sexa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica dos grupos autores da proposición non de lei.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

Señora Solla, dende o escano, por favor.

A señora Solla FERNÁNDEZ: En primeiro lugar, agradecer aos grupos da oposición o apoio da nosa iniciativa. Evidentemente, como se van votar de maneira individual a pesar de que o texto é o mesmo, imos votar tamén a favor da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Señor Centeno, o debate de “e ti máis” é insoportable para a xente que está nesa tribuna, que está fóra e que padece a enfermidade. Non se pode tolerar. Vostede fala de que empregamos nomes. Non sei que nomes, porque aquí non se deron nomes de doentes. E vostedes o que están facendo é empregar criterios non se sabe de que, o “e ti e máis”, como se estiveramos debatendo de algo que non é a vida e a morte das persoas. ¿Vostede cre que se pode facer esa intervención? Vostede é profesional sanitario. A min dáme medo que profesionais sanitarios teñan ese tipo de discurso. Porque estamos falando de criterios sanitarios, porque estamos falando da vida e da morte de persoas, e porque non se pode vir aquí a defender algo que é indefendible, que é a actitude que está tendo tanto o Goberno central como o propio Goberno galego non facendo uso das súas competencias en materia sanitaria.

Nós alegrámonos de que se continúen producindo máis fármacos –por certo, en investigación privada, non pública– e é evidente que van ir cambiando os criterios, vai haber que actualizalos porque van aparecer novos fármacos e van aparecer máis aplicacións. Pero iso é unha escusa moi burda para dicir que agora mesmo, ou xustificar que agora mesmo, non se estea dando o tratamento a todas as persoas que o necesitan e xustificar os retrasos que estamos tendo nese acceso aos medicamentos.

Vostede traía a súa intervención preparada. Pero eu xa dixen –e dixéronllo os outros compañeiros da oposición– que foi a propia plataforma a que tivo que advertir a señora conselleira de que os criterios que se estaban a aplicar en Galicia eran máis restritivos que no resto do Estado. Catorce días tardou en reaccionar e modificar esas ordes. Polo tanto, ese tipo de argumentario é indefendible, non sei, eu penso que para cal-

quera ser humano, pero paréceme máis grave dun profesional da sanidade.

E o tema dos expedientes..., por certo, di vostede que non se perderon. Extraviáronse expedientes. E din que van traballar para que non volte acontecer, pero e que xa é a segunda vez que acontece. ¿Vostede cre que persoas ás que se lles di que hai un tratamento que os pode curar poden vivir tranquilas cando se lles está negando e aínda por riba planea a sombra do escurantismo, de que perden os seus tratamentos para dificultar ese acceso aos mesmos? ¿A vostede parécelle normal a resposta que están dando aquí?

Vostede non dixo se van votar ou non a favor desta iniciativa. E eu repito –non sei se o dixeran antes, pero vouno dicir agora–: vostedes comprometéronse con estas persoas a apoiar estas iniciativas. Vostedes saberán de que lado se poñen, se se poñen do lado dos doentes ou se prefiren poñerse do lado do lucro cos dereitos sanitarios e cos dereitos humanos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A min si que me quedou claro que van votar en contra, salvo que me diga o contrario, que nin me mira. Ou sexa, que van votar en contra, co cal é im-pre-sen-ta-ble. Porque cando vostedes lle dean ao botonciño dentro duns minutos, votando en contra desta iniciativa, van estar votando en contra de axilizar medicación para persoas que non teñen tempo para esperar. Iso é o que van votar co seu non, señoras e señores do Partido Popular.

Mire, a súa demagogia non ten fin. Empezou o seu discurso dicindo que vostedes están a favor de que os doentes sexan tratados con criterios clínicos e non outros. Mire, a iniciativa que defende hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego, que é a iniciativa que nos trasladou a plataforma de afectados, di: “Instar o Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España para que garanta o acceso ás novas terapias para os doentes de hepatite C que o precisen, e que se produza de acordo con criterios médicos”. ¿Por que

votan entón en contra desta iniciativa? O que pedimos é que sexan criterios médicos, efectivamente, e vostedes din unha cousa pero van votar a contraria. Impresentables, son uns impresentables.

E logo di que o Parlamento de Galiza lle insta ao Goberno galego para que se dispense de xeito inmediato nas farmacias hospitalarias, que hai medicación e que se dispense xa e que non se demore. ¡E van votar en contra!

Estamos diante dun debate político. Eu volvo desmentir ao señor Vázquez, é un debate político. Porque estamos falando de prioridades políticas, non é un debate técnico, de prioridades políticas. E o Partido Popular vai votar en contra porque ten moi claras cales son as súas prioridades políticas. E as súas prioridades políticas son medidas lexislativas para roubarlles dereitos aos traballadores, para cambiar a Constitución, para poder pagarlles primeiro aos bancos, para roubar o aforro de Galiza, para amnistías fiscais. E non son capaces de poñer en marcha de xeito áxil medidas lexislativas para que as farmacéuticas teñan a sartén polo mango e teñan beneficios millonarios en vez de que o beneficio sexa para a saúde das persoas. Esa é a prioridade que se vai votar hoxe aquí. A prioridade dos bancos, das farmacéuticas, dos de arriba, fronte ás necesidades do pobo, fronte ás necesidades de galegos e galegas que están morrendo.

E dicir que están morrendo, señor Núñez Centeno, é unha realidade que sofren todos os días, e non é facer política con iso. Farían votedes política, ¡da boa!, se tomaran medidas para evitar esas mortes. Se vostedes tomaran medidas e votaran a favor do que presentamos hoxe aquí farían política da boa, non da mala, da que fan vostedes. Co cal eu, dende logo, mostro hoxe aquí, en nome do BNG, a miña perplexidade de que sexan capaces de votar en contra de que sexan criterios médicos os que primen e que se dispensen de inmediato os medicamentos, que é o que pide a iniciativa. Vostedes, alá coa súa conciencia e co que voten. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Pasamos a debater agora a seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para implantar de xeito progresivo un ensino plurilingüe nos centros educativos de bacharelato, formación profesional e outras ensinanzas postobrigatorias

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentáronse unha emenda do Grupo Parlamento Mixto e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, por iniciativa da súa deputada e portavoz Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un segundo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

“2.- Presentar ante o Parlamento de Galicia, previa á implantación nos centros de Bachelato, FP e outras ensinanzas post-obrigatorias, a avaliación dos resultados da implantación plurilingüe nos niveis de ensino obrigatorio.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Ana Belén Pontón Mondelo e do seu deputado Cosme Pombo Rodríguez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a cumprir a Lei de Normalización Lingüística, a Carta Europa das Linguas e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Con esta finalidade o Goberno Galego adoptará no ámbito educativo, como mínimo, as seguintes medidas ao obxecto de promover a normalización da lingua galega:

- Derrogará o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e elaborará un novo

decreto que cumpra as seguintes medidas contempladas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega:

- no ensino infantil: establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes; fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nesta etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente; desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así coo o seu seguimento e avaliación; fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.

- na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego; á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural fomentarse que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas.

- na educación secundaria obrigatoria, bacharelatos e ciclos formativos garantir, que como mínimo o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego e dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía.

- Proceder de xeito inmediato a avaliar cientificamente a competencia lingüística en galego e castelán do alumnado que rematou a súa formación obrigatoria nos dous últimos cursos, coa finalidade de avaliar o mandato legalmente establecido na Lei de Normalización Lingüística.

- Potenciar de xeito eficaz a aprendizaxe de linguas estranxeiras, dotando dos medios e recursos necesarios en todas as etapas educativas e sen que isto supoña un menoscabo da aprendizaxe da nosa lingua propia.”

Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Piñeiro.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías, xente que nos escoita desde o estrado.

Sabemos todos que un dos principais déficits crónicos do noso sistema educativo ten sido a debilidade da aprendizaxe en idiomas estranxeiros, sobre todo en comparación con outros países de Europa, nos que, por exemplo, o inglés xa se considera máis unha competencia básica que unha lingua estranxeira.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que debemos empregar todos os instrumentos e artellar todas as estratexias políticas para que os nosos nenos e nenas, mozos e mozas poidan prepararse para os retos que lles presenta unha sociedade globalizada, unha sociedade na que o plurilingüismo contribuirá a que poidan integrarse mellor laboralmente.

Parécenos que este plurilingüismo, que hoxe supón unha vantaxe, nun futuro próximo vai ser imprescindible para o desenrolo das nosas sociedades. Galicia, ademais, ten a sorte de ser unha comunidade bilingüe onde o castelán e o galego nos permiten comunicarnos cunha ampla porcentaxe de poboación mundial, máis se temos en conta a proximidade coa lusofonía. Pero cremos imprescindible continuar avanzando na aprendizaxe doutras linguas estranxeiras.

Consciente dos retos que se lles presentan aos nosos mozos e mozas e dentro da estratexia xeral da Consellería de Educación, que fixo dende o ano 2009 unha aposta integral por políticas educativas orientadas á procura da calidade educativa e a dar solucións de futuro ás eivas que presentaba o noso sistema educativo, aí é onde enmarcou a Consellería o plan de potenciación de linguas estranxeiras, cun obxectivo principal para o ensino non universitario de Galicia: contribuir a que o noso alumnado poida chegar a ser competente nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade, nas dúas linguas, sen obviar a necesidade e a promoción de aprendizaxe de linguas estranxeiras, principalmente do inglés, e non só dende o currículo senón a través doutros programas formativos.

Nese marco, a Consellería propónse para os vindeiros anos o obxectivo de incrementar significativamente as competencias en linguas estranxeiras. A pretensión xeral é a tres bandas. Primeiro é que os nosos alumnos acaden, ao remate da súa formación escolar, unhas competencias de comprensión e expresión oral e escrita nunha lingua estranxeira que lles

permita ser un usuario independente nela, así como tamén dotar progresivamente o profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación do alumnado. Pero tamén queremos implicar as familias promovendo a súa colaboración e participación no proceso.

Para lograr os obxectivos previstos, o plan de potenciación de linguas estranxeiras de Galicia establece unha serie de medidas e accións vertebradas en tres eixes: Eixe un, centros educativos. É onde están as seccións bilingües, a transformación de seccións bilingües a centros plurilingües, dotación de auxiliares de conversa, profesorado visitante e escolas oficiais de idiomas.

No eixe dous, de alumnado, actividades de formación en linguas estranxeiras e programas educativos internacionais.

No eixe tres, do profesorado, formación permanente do profesorado e programas educativos internacionais.

Así tamén como actuacións transversais, con accións dirixidas a promover o Plan de linguas estranxeiras, a avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias lingüísticas, e o seguimento e avaliación do plan.

O desenvolvemento deste plan, en primaria e na ESO, ten suposto unha notable ampliación das seccións bilingües, dos auxiliares de conversa, e a creación de centros plurilingües, nos que, partindo do uso equilibrado das dúas linguas oficiais de Galicia, se foi introducindo un terceiro idioma como lingua vehicular no ensino, propiciando así que o alumnado galego teña acceso a unha educación máis plural.

Nesta implantación progresiva xa se manexan incrementos substanciais de participación do alumnado; é dicir, que neste curso xa chega a preto de 85.000 alumnos, o que quere dicir que catro de cada dez alumnos do ensino obrigatorio xa se benefician deste plan. Preto do 80 % dos centros sostidos con fondos públicos, con ensino obrigatorio, participan destas accións, e case o 18 % dos centros sostidos con fondos públicos xa son plurilingües; e máis do 62 % ten algunha sección bilingüe.

Temos varios datos que nos falan do incremento da aprendizaxe das linguas en primaria e na ESO. Todo o exposto evi-

dencia unha gran oportunidade para os nosos alumnos que se ten implementado nos últimos anos. O Grupo Parlamentario Popular entende que sería de gran interese estender esta metodoloxía de aprendizaxe ao bacharelato, formación profesional, e outros niveis educativos. Parécenos recomendable afondar no manexo de idiomas entre o alumnado do ensino postobrigatorio, máxime para aqueles que se atopan na antesala de estudos universitarios, nos que cada vez é máis frecuente o uso das linguas estranxeiras para o acceso a coñecementos especializados, bibliografías, etc.

Entón, como impulso no marco das necesidades dos estudantes, o Grupo Parlamentario Popular presenta hoxe a seguinte proposta: *“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, aproveitando o proceso de desenvolvemento normativo da LOMCE, afronte aquelas accións precisas para implantar de xeito progresivo un ensino plurilingüe nos centros educativos de Galicia que imparten bacharelato, formación profesional e outras ensinanzas postobrigatorias.”*

Sería interesante que dende a oposición se sumasen a esta aposta pola aprendizaxe de idiomas dende o ensino, que ten sido ben recibida xa pola sociedade galega unha vez que se implantou en primaria e na educación secundaria obrigatoria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Piñeiro.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Di esta proposición non de lei que presenta o Partido Popular que a urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione sobre a implantación progresiva do ensino plurilingüe no bacharelato, FP e outras ensinanzas obrigatorias.

O Partido Popular ten urxencia. Isto é o máis urxente que ten o Partido Popular a nivel educativo. ¡Bótense, señoras e señores, a temblar. Cando a urxencia debería de estar en realizar unha avaliación do proceso e os resultados da implantación do ensino plurilingüe nos niveis obrigatorios, cousa que aínda non temos.

Di o Partido Popular na súa exposición de motivos que Galiza ten a sorte de ser unha comunidade bilingüe. Fáltalle dicir que a pesar do Goberno do señor Núñez Feijóo. Pero é que ademais esta afirmación é unha auténtica falacia. As comunidades non son bilingües. As persoas son bilingües ou trilingües, as comunidades non.

Se os galegos e galegas deixamos de utilizar o noso idioma, Galiza non será bilingüe, porque non o é por definición, éo porque, a pesar do Partido Popular, e a pesar dunha ditadura que o prohibiu durante anos, os galegos e as galegas apostamos por manter o noso idioma.

Nun mundo cada vez máis globalizado, a parte máis libre e intelixente da humanidade aférrase cada vez máis á riqueza das diferenzas, á diversidade cultural. Preservar a riqueza lingüística e cultural da terra é o mesmo que preservar a riqueza ecolóxica ou paisaxística para o futuro.

No caso de Finlandia, que só desde 1920 o finlandés é cooficial co sueco, antes era unha lingua de familia, mentres que a lingua importante era o sueco, o sistema educativo finés exemplifica as características dun modelo educativo bilingüe e plurilingüe. Un enorme respecto á promoción efectiva das linguas culturais das minorías, incluída o sami, que o falan 7.000 persoas. O produto interior bruto destinado á educación é o 5,8 %, e en España do 4,39 %, cun aumento en Galicia do 0,07 %. Mentres que, por exemplo, Euskadi incrementou un 1,22 %, ou Cataluña un 6,86 %.

O 97 % da educación en Finlandia realízase en centros públicos e gratuítos. Todos os estudantes acaban a escolaridade obrigatoria dominando catro idiomas: finés, sueco, inglés e un cuarto idioma optativo.

En Islandia acontece exactamente o mesmo. O islandés leva só 60 anos sendo lingua oficial, e só se fala en Islandia, onde viven 300.000 persoas, menos que na cidade de Vigo. Sen embargo, os nenos islandeses estudan en islandés como lingua principal, pero aprenden ademais danés, inglés e alemán ou francés.

Os datos oficiais veñen demostrar, que a diglosia está a deixar o galego como lingua residual, o alumnado de bacharelato e doutros niveis de ensino cada vez ten menos coñecemento do galego.

Ante a caída en picado dos falantes galegos e da competencia no uso automático da nosa lingua –só hai que ver o que ocorre na escolla de idioma do alumnado na selectividade–, e a situación de exclusión na que está a caer a nosa lingua, tráese a esta Cámara como medida de urxencia un plan de potenciación de linguas estranxeiras. Será por aquilo de facilitar a mobilidade exterior dos nosos mozos e mozas.

A urxencia invocada constata coa desidia e a falta de recursos e medidas que implanten o uso do galego nas aulas. Centos de licenciados en galego-portugués están no paro; ensinar en galego e en castelán non se considera sección bilingüe.

Hai tempo que para a Xunta o galego, un idioma que nos conecta co mundo lusófono, é un estorbo. Chega con avaliar o uso do idioma, e como se está deteriorando o uso do idioma na radio e a televisión galega, ou o uso do español nos debates desa entidade.

¿É o nivel de inglés dos nosos ensinantes, e dos nosos alumnos destas ensinanzas, suficiente para facer este cambio? É un feito comprobable que o actual modelo lingüístico non garante ao alumnado a posibilidade real en igualdade de condicións de posuír un coñecemento práctico e suficiente das dúas linguas oficiais. Polo tanto –e xa como remata o tempo–, consideramos necesario reforzar o ensino doutras linguas con máis recursos e máis profesorado, xa que hai 400 interinos de inglés no paro, unha redución da ratio de alumnos, pero nunca vulnerar a igualdade de oportunidades entre os nosos estudantes.

Por iso nós presentamos esta emenda, para que, antes e previamente a seguir coa implantación das medidas do ensino plurilingüe nos centros de bacharelato, FP e outras ensinanzas postobligatorias, se presente neste Parlamento para o seu debate un estudo, unha avaliación, da súa implantación no ensino obrigatorio.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Confeso que eu tiña a esperanza hoxe de que o Partido Popular retirara esta iniciativa. Digo isto tamén porque, aínda que nós presentamos unha emenda a esta proposición non de lei, estou cen por cen convencida de que o Partido Popular non a vai a aceptar. En todo caso, eu, nun atisbo non sei se de ser un pouco ilusa, pensei hoxe pola mañá, cando lin que o presidente da Xunta lle reclamaba ao novo conselleiro un cambio na política lingüística, que podíamos confiar algo na palabra do presidente. Porén, el mesmo se encargou de desmentirse hoxe pola mañá e demostrarnos que, lonxe de querer mover ou modificar algo en relación coa política lingüística, a única preocupación que ten o Partido Popular é estender o modelo. A verdade é que resulta grotesco, cando o pasado domingo vimos unha manifestación onde miles de persoas saían de novo á rúa a defender a lingua, a denunciar o xenocidio que se está cometendo contra o noso pobo, a reclamar unha nova política lingüística, que o que nos veña hoxe propoñer o Partido Popular é que estendamos un modelo que é un modelo fracasado e que é unha parte do problema en relación co que hoxe estamos falando.

Un modelo que ademais... Benvido aínda que sexa tarde, señor conselleiro. Desde logo, vai collendo malos hábitos para ser o seu segundo día no cargo. Agradezo que vostede chegue neste momento porque creo que é importante que escoite o debate que se está producindo en relación con este idioma, porque o seu grupo o que nos vén propoñer é que, xustamente a peza clave que utilizou o Partido Popular para desmontar unha mínima política a prol da normalización lingüística, en vez de ser modificada sexa estendida. E faise creándonos dúas falsas dicotomías. A primeira, é que parece ser que para o Partido Popular hai contradición –e así o quere expoñer na sociedade galega– entre aprender idiomas e a promoción da lingua galega. Esa é unha dicotomía falsa, porque nós estamos a favor de que a xente saiba cantas máis linguas mellor, pero iso non se pode facer provocando que unha maior parte da sociedade renuncie á súa lingua, e esa é a dicotomía falsa que vostedes nos impuxeron.

E tamén nos impoñen un modelo que, desde o punto de vista educativo e pedagóxico, se está demostrando que é un fracaso, porque a pregunta é: ¿Por que o Partido Popular está incumprindo o propio Decreto do plurilingüismo no que se refire á avaliación das competencias lingüísticas? Que, por

certo, nese ámbito están incumprindo tamén o que di a Lei de normalización lingüística e o propio Estatuto de autonomía en relación coa promoción da lingua galega. Vostedes non queren avaliar o efecto que está tendo este decreto do plurilingüismo. Non o queren avaliar, e mesmo rexeitaron o ofrecemento que fixeron as tres universidades galegas de avaliar realmente que estaba pasando no sistema educativo galego en relación con este decreto. E non o queren avaliar porque saben que os resultados son desastrosos para a lingua galega, que, digan o que digan, non está no seu mellor momento, está no seu peor momento.

A nós, desde logo, é que nos parece un auténtico despropósito que veñan vostedes dicirnos aquí que nunca se soubo tanto galego, que nunca houbo tanto galego. ¡Pero se o galego está peor que nunca na súa historia! ¡Pero se somos o único territorio do Estado español que perde falantes, e dinnos que é un problema individual! Non, é un problema da política lingüística que se fai. É un problema dun discurso lingüístico que o único que pretende é arrinconar o galego. É un problema de que abandonaron calquera acción de promoción da lingua galega. É un problema de que temos unha televisión pública que cada vez utiliza máis o castelán, tanto na radio como na propia televisión; unha televisión que non ofrece unha programación infantil de calidade en lingua galega, de que aquí non hai liberdade de elección. E aquí existen discriminacións contra a lingua que o presidente da Xunta non é só que as ignore, é que as permite, as tolera e as fomenta.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto, nós o que dicimos é que hai unha responsabilidade moi importante do Goberno. Eu xa sei que o Partido Popular non vai aceptar hoxe a nosa emenda, mais cero que si que sería un xesto que lle daría credibilidade ao actual conselleiro de Cultura, e que non o situaría simplemente como un cargo sentado nunha silla que non ten absolutamente ningún tipo de acción positiva a prol do galego, retirar esta iniciativa. Porque retirar esta iniciativa significa que vostedes están dispostos, polo menos, a cuestionar o que fixeron...,

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO:que están dispostos a escoitar o que se está pedindo desde a Real Academia Galega,

desde o Consello da Cultura, desde milleiros de cidadáns que saen ás rúas en Compostela a defender o idioma; e, sobre todo, por dignidade e por respecto a Galiza. Porque o peor de todo o que está pasando é que vostedes, no medio deste momento, nos digan que o idioma galego nunca estivo mellor.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: É que vostedes consideran que as galegos e os galegos son parvos e rinse deles na súa cara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra don Ramón Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Grazas, señora presidenta. Bo día a todos e a todas.

Falabamos antes da supervivencia das persoas e agora imos falar da supervivencia da lingua. E gustárame comezar neste sentido facendo unha crítica á Mesa á hora de cualificar a urxencia sobre esta iniciativa e a xustificación desta urxencia. Cando, evidentemente, cinco anos despois de terse aprobado o Decreto do plurilingüismo, pedir basicamente a súa aplicación nesta iniciativa a única xustificación que pode ter é que esta fin de semana –hai apenas dous días– houbo unha manifestación absolutamente multitudinaria neste país que obriga ao Goberno a facer un dos seus habituais lavados de imaxe. Esa é a urxencia que xustifica esta iniciativa.

Pero hai algo tamén salientable que me gustaría dicir, e que quizais pasou esta mañá desapercibido á calor do debate co presidente do noso país. O presidente do noso país, nada máis e nada menos, fixo unha pregunta á altura do seu cargo. El se preguntaba hoxe por que os galegos, que sabían falar galego, non o empregaban. Esa é a gran pregunta que nos fixo o noso presidente. A resposta é moi simple, estúdana os rapaces de segundo da ESO, no bacharelato, nos seus institutos; a resposta chámase diglosia. Lévasse estudado dende o ano 1959, en que Ferguson acuñou este nome, e chámase así, sábeno ata os nenos de 14, 15 e 16 anos. ¿E que é a diglosia? A diglosia acontece

cando, existindo dúas linguas en contacto, unha delas ten a condición de lingua de prestixio, ten reservados os ámbitos de uso de prestixio, e, en definitiva, ten unha consideración de superioridade sobre a outra. Isto que é tan evidente, o noso presidente ignóralo.

E isto é o que acontece no noso país, onde por razóns históricas ao castelán se lle ten reservado unha condición de lingua de prestixio sobre o galego. E por iso acontece –aclárollo, señor presidente– que moitos galegofalantes se expresan en castelán cando van a un xulgado –porque non lles queda máis remedio–. E por iso acontece que moitos galegofalantes teñen que ir ao cine ver películas en castelán –porque non lles queda máis remedio–. E por iso acontece que moitos nenos e nenas galegas, galegofalantes, teñen como lingua nai o galego pero aprenden en castelán e xogan en castelán no patio da súa escola. Iso é motivado pola diglosia.

E fronte a este escenario evidente, fronte a un escenario evidentemente diglósico, a sociedade galega recoñeceu a necesidade de apostar pola normalización lingüística. E por ese motivo a sociedade galega aprobou un Plan de normalización lingüística co consenso de todas as forzas parlamentarias, para normalizar a lingua galega e o seu uso en todas as esferas; tamén, por suposto, na esfera do ensino –como non pode ser doutra maneira–. Porque entendían que había que darlle un tratamento diferencial, que había que protexer a lingua galega, para garantirlle a súa supervivencia. Agora estamos falando dunha lingua en perigo de extinción, señores deputados e señoras deputadas.

E ¿que fixo o Goberno galego? ¿Que fixo o señor Feijóo? ¿Que fixo o señor conselleiro –hoxe presente–? Pois saltar-se todo isto por riba, voar ese mínimo consenso por todos os aires e, por un puñado de votos, aprobar o Decreto do plurilingüismo. E ¿que fixo o Decreto do plurilingüismo? Pois na práctica equiparar no ensino o tratamento do castelán, do galego e do inglés, ou da lingua estranxeira de que se trata-se. Reducir o galego á categoría de lingua estranxeira de Galicia, exactamente foi o que fixo. Así o establece o capítulo IV do decreto, onde reserva un terzo da carga lectiva á lingua estranxeira, outro terzo á lingua galega e outro terzo á lingua castelá. Ao señor conselleiro prodúcelle isto moita graza. Digo ao antigo conselleiro, porque a min me pasa como no caso da sucesión do monarca, pasei de ter un rei a

ter dous, e agora teño a sensación de que teño dous conselleiros, ¿estamos apañados!

E vostedes agora, cinco anos despois de terse aprobado o decreto, catro anos despois de establecerse os centros plurilingües, traen unha iniciativa na que procuran desenvolver...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...os centros plurilingües na etapa de bacharelato e outro tipo de ensinanzas. Algo que xa din os artigos, por outra parte, algo que xa establecen os artigos 7, 8 e 9 do decreto. Polo tanto, non teño ningún coñecemento de causa de por que é necesario facer o que xa di o decreto claramente no seu articulado.

E algo totalmente inaceptable. A señora voceira do Partido Popular falou de datos que xa empezan a demostrar resultados de mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras. ¿Úlos datos?, pregunto eu, ¿onde están?

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Porque vostedes se negan reiteradamente a presentar a memoria que establece a disposición transitoria que teñen que presentar sobre os resultados do decreto. ¿Onde están eses resultados?

Remato xa, señora presidenta.

Nós non imos apoiar esta iniciativa. Nós non apoiamos o seu Decreto do plurilingüismo. Nós non estamos de acordo co seu enxendo de bilingüismo harmónico e acientífico dende calquera punto de vista. Ademais, o único que está a conseguir é un proceso de substitución do galego polo castelán en todos os ámbitos de uso.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: E nós non estamos de acordo con iso.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista. Señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben, señora presidenta. Señorías, bos días. Señores conselleiros. Conselleiros hai dous, ten razón Ramón, temos que pelexar cos dous.

O Grupo Popular trae hoxe a debate neste Parlamento unha iniciativa urxente que, cando menos, é sorprendente. Sorprendente por facerse nun momento onde hai un profundo malestar pola situación pola que atravesamos o galego, e poucos días despois –tamén se acaba de dicir aquí– dun gran acto en Santiago en defensa da lingua galega. Sorprendente porque debe introducir algo novo en ensino postobrigatorio sen ter avaliado cun mínimo de rigor e transparencia o feito en primaria e secundaria. E tamén sorprendente, señora Piñeiro, por querer tapar con este debate a incapacidade que teñen de buscar vostedes un consenso lingüístico que racharon no seu día unilateralmente, para gañar posiblemente un puñado de votos, sen importarlles o dano causado a un pilar clave da nosa cultura: o galego.

Señora Piñeiro, os socialistas claro que compartimos a necesidade de potenciar o estudo de idiomas na nosa xuventude, ¡faltaría máis! Cousa distinta é que coincidamos en como facelo; aí temos a discrepancia.

Cambiar estadias en Inglaterra, Irlanda, Estados Unidos ou Canadá por minicursos, señor Vázquez, de inglés dunha semana nos Peares nunca nos pareceu –nin nos parece hoxe, señor Rodríguez– a mellor opción. Cambiar estadias en países estranxeiros pola impartición en inglés, francés e alemán dalgunhas materias por parte de profesores non especialistas tampouco nos parece a mellor opción para aprender idiomas. Pensar que entregando uns listados de vocabulario en inglés, francés ou alemán nas materias de plástica, música ou educación física están vostedes potenciando en serio os centros plurilingües, é, cando menos, unha tomadura de pelo.

Nós apoiariamos plans máis ambiciosos, plans que lle faciliten ao alumnado estadias en países estranxeiros nos períodos vacacionais. É alí onde os mandan as familias con medios económicos, e será por algo, señora Piñeiro. Deixen vostedes de inventar a pólvora e a roda, pois xa están inventadas. Poñan en marcha proxectos serios e rigorosos para mellorar as capacidades lingüísticas dos estudantes, e fágano sen prexudicar o galego. Doten os centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para poder impartir con garantías as clases de linguas estranxeiras, en colexios,

institutos e escolas de idiomas. Potencien en serio o estudo de dúas linguas estranxeiras, como se fai, por certo, na maior parte de países europeos. Facítenlle ao profesorado de idiomas a formación continua necesaria para actualizar os seus coñecementos. Faciliten as estadias do alumnado en países estranxeiros e non nos Peares, para que algúns fagan negocio. Faciliten intercambios de alumnado e profesorado. Continúen incrementando –esa si é unha boa idea, señora Piñeiro– a presenza de auxiliares de conversa en institutos e escolas de idiomas; e fágano, por favor, controlando o seu traballo feito con rigor. Non permitan vostedes a fraude de que impartan os idiomas estranxeiros profesores non especialistas, agora que está de moda impartir materias afíns en aras a non sei que eficiencia. Non permitan clases de idiomas de máis de 30 alumnos por aula. Doten os centros de medios audiovisuais e permitan que os usen os que os teñen. Permitan facer desdobres para impartir auditivos en colexios e institutos. Poñan os recursos económicos suficientes para que alumnos de familias medias e humildes poidan acceder a estadias lingüísticas no estranxeiro. Amplíen o número de centros que imparten en Galicia o bacharelato internacional, e non o fagan só en grandes vilas.

Señora Piñeiro, para facer cousas coma estas que veño de relatarlle, terían vostedes o apoio do Grupo Socialista. Para ocorrencias, para que pareza que fan o que non fan, para propaganda e autobombo ou para prexudicar a lingua galega, para iso olvídense vostedes de nós.

Tampouco olvidamos que foron vostedes os que quixeron cargarse as chamadas becas Erasmus, pois non é un tema baladí dicir que baixaron un 40 % o orzamento adicado a este capítulo, nos últimos dous anos, por parte do Goberno central. E reduciron 2.328 o número de beneficiarios. Non é de recibo que, mentres diminúen estadias de inmersión lingüística en países estranxeiros, sigan gastando 1 millón de euros nos Peares. Eu non creo que sexamos, por natureza ou por castigo divino, máis torpes que o resto de europeos neste asunto.

Francamente, señora Piñeiro, teñen vostedes unha gran contradición neste importante tema. As linguas estranxeiras son importantes para a formación da nosa xuventude. Potenciem os estadias no estranxeiro; potenciemos a formación continua do noso profesorado; melloremos equipamentos audiovisuais dos centros; sigamos ampliando a presenza de

auxiliares de conversación, pero fagámolo con controis. Coi-demos como se merece a lingua galega e digámoslles aos estudantes e ás familias o importante que é hoxe coñecer varias linguas. Insisto, para facer cousas como as que veño de expoñerlles, o Grupo Socialista estaría encantado en colaborar.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Para ocorrencias, para que algúns fagan negocio ou para tapar malas conciencias, non contén con nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Piñeiro.

Déanlle voz, por favor, ao escano da señora Piñeiro.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Moitas grazas.

Antes de nada, señora Martínez, dicirlle que a urxencia vén dada porque nos parece interesante que se poña en marcha para o vindeiro curso, e canto antes se faga, moito mellor.

Mire, non me quedou moi claro se vostede pensa que Galicia é ou non bilingüe, porque creo que se liou un pouco e que non lle queda moi claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O que teño que dicirlle... *(Interrupcións.)* *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Non ten a palabra. ¿Quere unha segunda chamada á orde? Ten a palabra a señora Piñeiro.

Señora Piñeiro. *(A señora Piñeiro Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Piñeiro, continúe.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Moitas grazas, presidenta.

Dícialle, señora Martínez, que a súa emenda condicionaría o que ten que ser unha continuación natural na aprendizaxe de idiomas no sistema educativo. Os tempos parlamentarios e os tempos escolares non son coincidentes, e o que vostede propón condiciona o proceso. Pero estea tranquila que a consellería xa ten explicado... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Martínez, unha chamada á orde.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Señora presidenta, eu o que espero é poder ter o tempo suficiente para poder dar a réplica aos grupos, pero bueno.

Dígolle que estea tranquila porque a consellería xa vén explicar moitas veces os avances das súas medidas implementadas e seguirao facendo.

Señora Pontón, non vou retirar a proposición non de lei, senón que, despois da súa exposición, reafirmome moito máis na súa idoneidade, moito máis. É máis, hoxe cheguei a entenderlle ao seu portavoz que a pretensión do Bloque Nacionalista Galego é o de extinguir o castelán en Galicia. Entón, a nós parécenos que sería privar aos galegos do plus que supón para nós que sexamos bilingües. Vostedes non suman, nin sequera restan, vostedes están por dividir, vostedes neste momento están por dividir. *(Murmurios.)* Pero, bueno, a todo isto... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señora Martínez.

Señor Beiras, ten unha segunda chamada á orde, e recórdolle o que significa unha terceira.

Continúe, señora Piñeiro, por favor.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Moi ben. É un pouco ousado dicir tamén que os resultados do plan son desastrosos. *(Murmurios.)* A ver entón, logo, por que cada ano hai máis demanda por parte dos centros educativos. Terían vostedes que explicarlles se lles interesa ou non. Alá vostedes, ampárense no que queiran para votar en contra desta proposta.

Señor Vázquez, nós non falamos...

Señora presidenta, acaba de dicir o señor Beiras que esta deputada ten cara de idiota. Eu négome a continuar nestas circunstancias. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, señor Beiras, creo que a deputada merece unha desculpa pública, porque eu non... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Señor Beiras, repítolle que ten dúas chamadas á orde, e a terceira significa que abandona este hemiciclo. Eu o único que lle estou a pedir é que rectifique porque aquí creo que ninguén merece un insulto, e a señora Piñeiro... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non ten a palabra.

(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)

Señor Jorquera, ¿para que quere a palabra? *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)* Neste caso non se deu, non, non... *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Jorquera, estou a falar eu. Señor Jorquera, estou a falar eu. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Jorquera, chámoo á orde. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Jorquera, non ten a palabra. Non ten a palabra, señor Jorquera. Señor Jorquera, segunda chamada á orde. Señor Jorquera, segunda chamada. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Señor Jorquera, prégolle que, cando non lle dou a palabra, non fale, iso en primeiro lugar. E considero que non se cumpre o artigo polo que vostede pide a palabra, polo tanto, eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*, porque eu presido o Pleno e eu teño a capacidade de decisión. Polo tanto, vólvolle repetir que ten dúas chamadas á orde pola súa falta de cortesía e de respecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: E agora, se lles parece, imos proceder á votación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Imos facer as votacións conforme foron substanciadas neste Pleno, xa que, como vostedes saben, houbo algunha alteración na orde do día. Polo tanto, comenzaremos a votar a proposición do Grupo Parlamentario da

Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa das señoras Díaz Pérez e Solla Fernández, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a Eva Solla Fernández, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas quendas de traballo propostas na xuntanza do 21 de novembro de 2014 para o persoal adscrito aos centros asistenciais dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da señora Acuña... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Faga o favor... Creo que dixó que aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación da sanidade pública en Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Balteiro, que, se non me equivoco, dixó que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

como emenda de adición; que aceptaba os puntos 2 e 3 da emenda socialista e que rexeitaba a emenda do Grupo Mixto. Polo tanto, se lles parece, votamos a iniciativa con estas adicións.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ante o Goberno central e a Unión Europea en relación con terceiros países que non cumpran os requisitos establecidos no Regulamento europeo sobre pesca ilegal non declarada e non regulamentada, ou pesca INDNR.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Gallego Calvar, que dixo que non acepta a emenda do Grupo Mixto. Votamos, polo tanto, a iniciativa tal e como foi presentada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Carmen Gallego Calvar e nove deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan de actuacións de obra pública nos concellos de Marín, Bueu, Cangas, Moaña e Vilaboa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da

señora Pontón Mondelo, que coido que dixo que aceptaba a segunda parte da emenda socialista; é dicir, a que ten que ver coa adición do punto 8.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, por petición do Grupo Socialista solicitamos que se vote por separado o primeiro punto.

A señora PRESIDENTA: Pero o primeiro punto da emenda di vostede, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Ah, vale, vale. Non, é que a proposición... Ah, perdón, é que estaba confundíndome. Con tanto cambio, estaba vendo a iniciativa que non era. O punto primeiro, ¿non? Ben, votamos, entón, o punto primeiro da iniciativa do BNG.

Votación do punto primeiro da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e Dª María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecostos, garantir a transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 39; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

A señora PRESIDENTA: Votamos o resto da iniciativa coa adición do punto 8 da emenda socialista.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e Dª María Tereixa Paz Franco, sobre as medidas que debe adoptar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de contratación de obra pública para evitar os sobrecostos, garantir a transparencia e o cumprimento da legalidade vixente ao respecto, coa adición do punto 8 da emenda socialista.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa da señora Solla, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

(O señor Beiras Torradopronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Beiras *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Señor Beiras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Desaloxen, por favor. Desaloxen, por favor.

A señora PRESIDENTA: Imos continuar coas votacións. Imos retomar a votación do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da señora Solla Fernández, á que non se presentaron emendas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, porque se interrompeu a votación e non vin os resultados. Síntoo.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e D José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles aos doentes da hepatitis C o acceso ás novas terapias existentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Prado.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantirlles aos doentes da hepatitis C o acceso ás novas terapias existentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa da señora Piñeiro, que entendo que non acepta as emendas presentadas.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Agustín Baamonde Díaz e sete deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións precisas para implantar de xeito progresivo un ensino plurilingüe nos centros educativos de bacharelato, formación profesional e outras ensinanzas postobrigatorias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 5, de interpelacións, coa interpelación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)* Señor Jorquera, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, pero é un portavoz... *(Interrupcións.)* Perdón, perdón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Perdón, é un portavoz e voulle preguntar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Interrupcións.)* ¿Déixanme falar un momento? Eu non sei para que quere o señor Jorquera a palabra e voulle preguntar para que quere a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor JORQUERA CASELAS: Se me dá a palabra, explico.

O artigo 77, como sabe, di que en calquera estado do debate un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento, e para este efecto deberá citar o artigo ou artigo dos que reclama a aplicación.

Reclamo a aplicación do artigo 150.2, relativo ás interpelacións, porque o guión da orde do día deste Pleno non se axusta ao establecido polo Regulamento.

Leo o artigo 150.2, señora presidenta: “Despois da intervención do interpelante e interpelado, poderá facer uso da palabra un representante de cada grupo parlamentar, agás daquel do que procede a interpelación, por tempo de dez minutos, para fixar a súa posición”

Quero lembrar que a renuncia ao exercicio deste dereito foi froito dun acordo entre todos os grupos relativo á organización dos traballos nas sesións plenarias. Na medida en que ese acordo foi incumprido unilateralmente polos grupos representados na Mesa da Cámara, esiximos a observancia estrita do Regulamento porque ampara o noso dereito a intervir nas interpelacións. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Paréceme moi ben, e, como vostede ben sabe, este foi un acordo de Mesa e Xunta de Portavoces, e, polo tanto, vostede deberá facer esta solicitude na Mesa e Xunta de Portavoces. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Interpelación de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a construción dos quince novos centros de saúde comprometidos na campaña electoral

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, ten a palabra para facer a súa interpelación.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta. Bo día, señorías.

Señora Mosquera, lamento moito que vostede non estivera presente no debate sobre a hepatitis C. Lamento moito que vostede obrigara ao seu grupo a votar en contra da proposta que facían os afectados por esa enfermidade. O que espero é

que vostede tivera a oportunidade de escoitar o que dixo unha das afectadas, que é nin máis nin menos que só lles quedaba o dereito a morrer.

Mire, señora Mosquera, tamén lamento moito que o impulso democrático do señor Feijóo sexa unha mentira máis, como evidencia o feito de que hoxe vostede siga aquí ostentando o cargo de conselleira despois de que el mesmo a reprobara publicamente.

É unha mágoa que, agora que remodelou o Goberno aproveitando as eleccións municipais, non a movera tamén a vostede. El asegura que aos concellos vai levar os mellores. Talvez, talvez, é que o presidente considera que vostede non é das mellores e por iso nola deixa aquí. Unha verdadeira mágoa, señora Mosquera, pois cada día descubrimos un motivo máis para cesala. Onte eran as declaracións que fixo vostede sobre a hemodinámica de Lugo, e hoxe a xestión levada a cabo para a construción dos novos centros de saúde.

A verdade é que ¡menudo circo levan feito vostedes nestes seis anos cos novos centros de saúde! Primeiro mudaron o número: de 63 a 54, de 54 a 29, despois 19 e ao final 15. Logo foron os nomes dos concellos, nun preocupante baile, sen ter en conta que moitos deses concellos gastaran os cartos dos veciños e das veciñas en mercar os terreos para cederllos á consellería para que lles fixera o centro de saúde. E ao final quedaron sen cartos, sen terreos e sen centros de saúde. Mudaron tamén a forma de financiación: de PFI a fondos propios, despois fondos europeos e agora a traca final, sen fondos, pois xusto este ano, este ano que din que é cando vostedes van comezar a facelos, non aparece ningunha partida contemplada na Lei de orzamentos para a construción deses centros. Pero, sen dúbida, a guinda do pastel é que, despois de tantos atrasos, trampas e mentiras, e de esperar ao ano electoral, vostedes van e adxudican a construción, a dirección de obra, o mantemento e o subministro enerxético deses 15 centros de saúde a Cofely; unha empresa implicada noutra trama corrupta do Partido Popular, exactamente na operación Púnica. ¡Que casualidade!, ¿verdade, señora Mosquera? A verdade é que vostedes non teñen límite.

Mire, señora conselleira nin dimitida nin cesada, imos repasar os feitos. Recórdolle que na memoria que acompañaba os primeiros orzamentos, alá polo ano 2010, os primeiros orzamentos do señor Feijóo na Xunta, sendo vostede xa

xerente do Sergas, recollíase unha relación –vou ler textualmente– de 54 actuacións en sanidade correspondente a 51 centros de saúde e 3 CAR (Morrazo, Vigo e Lalín), como inversións a realizar nesa primeira lexislatura, por un importe de 115 millóns de euros e a través da colaboración público-privada. Nesa mesma memoria asegurábase que, deses 51 centros, 23 se iniciarían xa no propio ano 2010. Pero rematou o ano 2010 e Feijóo non fixo ningún nin deu ningunha explicación, tan só unha nota de prensa, en decembro do ano 2010, asegurando que medio millón de galegos terían, a partir de fin de ano, un novo centro de saúde que se ía construír en 14 meses. Pero curiosamente, señora Mosquera, no ano seguinte, no 2012, outra vez a lei de orzamentos modificaba o compromiso do ano anterior e dicía que no período 2011-2014 se construírían, e ademais se poñerían en funcionamento –insisto, textualmente recollía isto–, 63 novos centros de saúde, utilizando fórmulas de financiación tradicionais e novas fórmulas. Para ese mesmo ano, 2011, os orzamentos recollían un compromiso para a construción de 19 centros por un importe de 47,5 millóns. Pero rematou tamén o ano 2011 e Feijóo non fixo ningún.

Cambios no número, na financiación e mesmo nos nomes dos concellos nos que se ían construír eses centros de saúde sen que Feijóo –insisto– dera nin unha soa explicación. Pasaron toda a primeira lexislatura así, de baile en baile, para chegar a eses 19 centros, na que, por certo, incluían algúns que agora, na segunda lexislatura, están totalmente desaparecidos. Por poñer un exemplo moi próximo, podería citar o de Conxo, aquí mesmo en Santiago, por non enumerar todos aqueles, señora Mosquera, que desapareceron ao pasar de 63 a 51, de 51 a 19, de 19 a 15: Melide, Vilariño, Aldán, Cedeira, Fisterra, Ribadavia, Moaña, A Rúa, etc. No colmo do despropósito, Feijóo ata chegou a utilizar a construción dos novos centros de saúde –que, por certo, non fixo– para xustificar a implantación dos copagos. E en xuño do 2012 regalábanos co seguinte argumento. Aseguraba textualmente que o aforrado nos fármacos co copago permitiría levantar xa non 19, que xa deixaron de ser 19, senón 15 centros de saúde, máis a ampliación do Salnés.

E como rematou a primeira lexislatura do señor Feijóo sen facer ningún centro de saúde, as mentiras continuaron no programa electoral do 2012, onde o PP prometía outra vez a construción de 15 novos centros de saúde no primeiro semestre do 2013, cun investimento aproximado de 33,5 millóns de

euros. Pasou o primeiro semestre do 2013, ¡sorpresa!, e Feijóo non fixo ningún. Pasou o segundo semestre, ¡sorpresa!, e Feijóo non fixo ningún. No 2010, no 2011, no 2012, no 2013 e no 2014 Feijóo non fixo ningún, pero durante todos eses anos continuaron os anuncios e as mentiras.

E agora, señora Mosquera, despois de tanto tempo e de tanto baile, aseguran vostedes que van facer 15 centros por 21 millóns con fondos europeos, pero non aparecen consignados na Lei de orzamentos nin os fondos europeos nin, por suposto, os fondos propios necesarios para a cofinanciación. Ademais, para iso comezaron con estrañas licitacións. Tan estrañas que quedaron desertas a maioría delas moitas veces. E ¿sabe por que, señora Mosquera? Porque vostedes querían privatizar incluso antes de construír. Así, ata chegar a esa sospeitosa adxudicación na que ceden a construción e a dirección de obra, pero tamén o mantemento e o subministro enerxético dos centros –insisto, antes incluso de construílos– á empresa Cofely, implicada na trama Púnica, por case 8 millóns de euros.

Comprenderá que todo este lío exige moitas explicacións, señora Mosquera. E a primeira é por que no ano 2010, no ano 2011, no ano 2012, no ano 2013, no ano 2014, nos que figuraban partidas orzamentarias para facer os centros de saúde non os fixeron vostedes, e agora, no ano 2015, que na Lei de orzamentos –insisto– non figura ningunha partida orzamentaria para acometer esas obras, comezan vostedes a facelos.

Díganos tamén por que razón non os fixeron antes, señora conselleira. Se tiñamos as necesidades dos novos centros e se tiñamos os cartos de Europa, ¿por que razón non os fixeron antes? Ou talvez teñamos que formular a pregunta ao revés. ¿Será que a razón para facelos agora é que en maio hai eleccións municipais? ¿Será que Feijóo está utilizando a construción dos centros de saúde pagados con cartos europeos para favorecer el electoralmente ao Partido Popular? ¿El, o señor Feijóo, o impulsor da democracia? Bueno, non quedaría moi ben.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Ademais, como se trata de fondos FEDER 2007-2013, e estamos xa no 2015, ¿non pensa vostede que imos ter problemas cos prazos? Sei que solicita-

ron vostedes unha prórroga de dous anos, pero tamén sei, señora Mosquera, que non era necesaria, pois resulta intole-
rable que coa crise, coas cifras de paro que temos en Galicia,
Feijóo decidira ter os cartos europeos nun caixón, ano tras
ano, ata que chegaran as eleccións municipais. Pero, sobre
todo, señora Mosquera, teranos que explicar como despois de
tanto baile lle acaban adjudicando unha parte do pastel pre-
cisamente a unha empresa implicada nunha trama corrupta.

Esperamos as súas explicacións...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña. Moitas
grazas.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...señora conselleira nin dimiti-
da nin cesada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Sani-
dade, dona Rocío Mosquera.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez):
Grazas, señora presidenta.

Bos días, señorías.

Pola tarde teremos unha pregunta sobre a hepatitis C e pode-
remos seguir falando do tema.

Señorías, señora Acuña, estamos a traballar, e continuare-
mos a facelo neste ano 2015, para modernizar as infraestruc-
turas da rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde, concre-
tamente de atención primaria, porque estamos convencidos
de que temos que mellorar a asistencia prestada aos cidadáns
e ao contorno de traballo dos nosos profesionais.

No caso destes 15 centros de saúde aos que nos estamos a
referir hoxe, teño que aclarar ou teño que dicir, en primeiro
lugar, que o proceso comezou coa licitación dun contrato
que tiña como obxecto a subministración enerxética presta-
cional, o mantemento e a conservación de edificios e insta-
lacións deses centros sanitarios, pero tamén incluía o servi-
zo de redacción de proxectos, que non estaba feito antes
desta data –non estaba feito na época do bipartito, aínda que
os centros estaban xa comprometidos–, e tamén inclúe a
redacción e a dirección facultativa de obra, así como a coor-
dinación da seguridade.

Esta licitación foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* o
10 de agosto do 2012, e, posteriormente, e de conformidade
coa puntuación obtida polas empresas, o 10 de xuño do 2013
a mesa de contratación, unha mesa de contratación técnica,
como non pode ser doutra maneira, acorda elevar ao órgano
de contratación a proposta de adjudicación do contrato a
favor da empresa Cofely España, S.A.

Por Resolución do 16 de xuño do 2013, o órgano de contra-
tación procedeu á adjudicación, e o 6 de agosto dese mesmo
ano asinábase o contrato por un período de 8 anos e un
importe de 10.909.229,31 euros. Este é o contrato ao que fai
referencia, un contrato, evidentemente, legal e publicado en
todas as súas fases no *Diario Oficial de Galicia*, no perfil do
contratante do Servizo Galego de Saúde.

Como dixeran, o contrato inclúe, entre outros aspectos, a
redacción dos proxectos básicos e de execución dos centros
de saúde que non estaban feitos, e que foron o centro de
saúde de Villarrodís, en Arteixo; o de Buño en Malpica; o de
Galeras en Santiago; o das Neves na Capela; o do Couto en
Ourense; o de Barbadás en Valenzá; o de Panxón en Nigrán;
o de Oia; o de Tui; o de Ares; o do Temple en Cambre; o de
Pontedeiva; o de Gondomar; o de Marín e o de Culleredo.

Quero deixar ben claro unha vez máis, porque xa o dixeran
nesta Cámara, que este contrato non ten nada que ver coa
execución efectiva das obras, senón con cuestións previas
como é o investimento e a contratación dos servizos de
redacción dos proxectos, que, repito, non estaban feitos e
son imprescindibles para poder licitar os centros; a dirección
facultativa de obras; a coordinación de seguridade e saúde
dos centros que se ían construír e o mantemento e conserva-
ción de edificios; a instalación de subministracións enerxéti-
cas e prestacionais destes centros por un período de 8 anos
–e incluía tamén o hospital do Salnés– desde a súa posta en
funcionamento. É dicir, en ningún caso estábamos a falar da
obra de construción dos centros de saúde.

A empresa Cofely elaborou os proxectos de execución e
foron entregados progresivamente na Dirección Xeral de
Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde. Os ser-
vizos técnicos de dita dirección xeral procederon á supervi-
sión de ditos proxectos e, unha vez obtido o seu visto bo,
procedeuse ao inicio do proceso efectivo de licitación das
obras de cada un deles. O procedemento e os prazos para a

licitación e a adxudicación destas obras, como non pode ser doutra maneira tampouco, están ao recollido no texto refundido da Lei de contratos do sector público. As datas de publicación das licitacións no *Diario Oficial de Galicia* foron as seguintes: a de Panxón, o 27 do 2 do 2014; a de Tui, o 3 do 4 do 2014; a de Buño, o 24 do 4 do 2014; a de Galeras, o 8 do 5 do 2014; a do Couto, o 8 do 5 do 2014; a de Oia tamén o 8 do 5 do 2014; a de Marín, o 4 do 6 do 2014; a de Villarrodrís, o 28 do 5 do 2014; a de Gondomar, o 27 do 6 do 2014; a de Culleredo, o 6 do 8 do 2014; e a do Temple, o 3 do 11 do 2014. Están pendentes de supervisións os proxectos de Pontedevea, Ares e A Capela, e xa está supervisado e pendente de licitación o de Barbadás.

A situación actual dos centros é: Nigrán-Panxón están iniciadas as obras o 10 de outubro do 2014, cun período de execución de doce meses. A empresa adxudicataria é Obras e Servizos Gómez Crespo, e foi a mellor oferta. Santiago Galeras, iniciadas as obras o 5 de novembro de 2014, cun período de execución de 17 meses. A UTE adxudicataria, Construcións Orega máis Obras e Servizos Gómez Crespo, e tamén foi a mellor oferta. Tui, iniciadas as obras o 28 de novembro de 2014, cun período de execución de 14 meses. A UTE adxudicataria é CCC, S.L. máis Taboada e Ramos, e tamén coa mellor oferta. Marín, iniciadas as obras o 3 de febreiro, cun período de adxudicación de 14 meses. A empresa adxudicataria é Dragados, coa mellor oferta. Oia, iniciada tamén a obra o 4 de febreiro, cun período de execución de 9 meses. A empresa adxudicataria, Obras e Servizos Crespo, mellor oferta. Malpica-Buño, iniciadas as obras o 9 de febreiro, cun período de execución de sete meses. A empresa adxudicataria Construcións Orega, tamén coa mellor oferta. O Couto, firmado o contrato o 2 de febreiro, a previsión de adxudicación é de 14 meses. A UTE adxudicataria, Vías e Construcións máis Petrolan Veiga, coa mellor oferta. Gondomar, firmado o contrato día 31 de xaneiro de 2015, cun período de execución de doce meses. A empresa adxudicataria, Corsán Corviam, coa mellor oferta. Arteixo-Villarrodrís, firmado o contrato o 5 de febreiro de 2015, cun período de adxudicación de 14 meses. A empresa adxudicataria é Copcisa, tamén coa mellor oferta.

Todas estas adxudicacións foron e están publicadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde. Están pendentes de adxudicación Cambre, O Temple e Culleredo; e pendentes de licitación, Barbadás, A Capela, Pontedevea e Ares. Estes

quinze centros de saúde supoñen un investimento para este ano 2015 de 20,3 millóns de euros, correspondentes a fondos FEDER finalistas que xa están sendo obxecto de incorporación progresiva. Non se pode licitar un centro de saúde nin nada, na Administración pública, se non ten fondos, señora Acuña, non se pode licitar. E vanse incorporando para a súa licitación, ademais dos 5,3 millóns de euros dotados no orzamento inicial do Servizo Galego de Saúde.

Para o ano 2016, aqueles centros que non estean rematados, financiarémolos con fondos propios, feito perfectamente recollido na propia normativa dos fondos FEDER, así como a ampliación de dous anos. Non foi necesario pedilos porque xa está contemplado na propia normativa dos fondos FEDER o período de licitación, os períodos que temos para rematar as obras, e tamén os seis meses que temos para cofinanciar e para poder executar as obras coa cofinanciación.

Estes centros, estes quinze centros, viranse sumar aos vinte centros xa rematados e postos en funcionamento durante estes anos, desde o 2009, e as nove reformados, así como os novos consultorios que nestas últimas semanas puxemos en marcha, que son o de Cotobade e o de Ortigueira. Entre todos eles van prestar os servizos de atención primaria a máis de 300.000 galegos. Este é o compromiso que adquirimos. Evidentemente, nun momento de situación económica como a que estramos a vivir, na peor crise económica que todos recordamos, fomos quen –a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde– de buscar financiación para construír e para mellorar as infraestruturas sanitarias e as infraestruturas da atención primaria.

Nada máis de momento. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señora Acuña, Grupo Socialista.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas de novo, presidenta.

Mire, señora conselleira nin dimitida nin cesada, é intole-rable que, despois deste rosario de mentiras e de trampas, pretenda vostede vir aquí a porse medallas coa construción deses quinze centros de saúde. Recórdolle, 51 centros, 115 millóns de orzamento, fórmula de financiación PFI; 19 centros e 47,5 millóns; fórmula de financiación, nin se

sabe. 15 centros, 33,5 millóns; fondos europeos 21 millóns, resto nin se sabe. Dígame, ¿aparecían na lei de orzamentos as partidas asinadas para a construción destes centros? ¿Si ou non? Mire, todo fume. E o compromiso non foi con 300.000 galegos. Segundo a conselleira no 2010, a señora Farjas, o compromiso era con medio millón de galegos; creo que son 500.000. Pero, insisto, todo iso, fume, señora Mosquera, o único seguro é a adxudicación a Cofely, por oito millóns, da privatización, si, do mantemento e do subministro enerxético. É intolerable que Feijóo ordene agora facer algún centro ante a proximidade das eleccións municipais, cando os enfermos levan dúas lexislaturas esperando polo seu centro de saúde. Pero tamén levan dúas lexislaturas esperando os parados e a crise, ansiando esa oportunidade económica que dá a construción deses centros. Inaceptable que Feijóo tivera os cartos europeos escochados nun caixón, esperando que chegaran as eleccións, mentres os galegos e as galegas sufrían a crudeza da miseria, do paro e da enfermidade.

Mire, señora Mosquera, aínda que vostede ten o costume de non responder as nosas preguntas, eu seguirei preguntando. E quérolle preguntar, se din que xa teñen adxudicado oito –pero só oito, e son quince–, e o prazo dos fondos termina no 2015, ¿que vai pasar co resto dos centros? ¿Que vai pasar con eses centros adxudicados que aínda non empezaron as obras, por moito que vostede nos diga aquí que teñen empezado? Vaia vostede ata alí. ¿Que vai pasar cos centros de Cambre e de Culleredo, licitados pero sen adxudicar?, ¿vai dar tempo? ¿Que vai pasar con Barbadás, Pontedeiva, A Capela, Ares, que aínda nin están licitados nin están adxudicados? ¿Xa non se van facer? Porque, como antes das eleccións non vai dar tempo, eu penso que despois, ao mellor, o señor Feijóo perde todo o interese por eses centros.

Ademais, voulle dicir unha cousa. Se o interese desa construción de centros de saúde é electoral ¿que van dicir os candidatos e as candidatas do Partido Popular neses concellos onde, aínda que comprometidos, nin se fixeron nin se van facer os novos centros de saúde: Laracha, Narón, Cedeira, Teo, Sarria, A Gudiña, Ribadavia, Caldas, Salceda de Caselas, Vilariño, Ferrol, Melide, A illa de Arousa, Moaña, Bouzas, Ourense, Coruña, Santiago, O Milladoiro, etc.? Porque teño que seguir así ata 63, señora conselleira. ¿Que van dicir os seus candidatos nesas poboacións onde

teñen centros de saúde en situacións calamitosas, con gretas, con goteiras, con frío, con humidades? ¿Que van dicir en centros de saúde ruinosos, que nalgúns casos, ademais, acollen o PAC, punto de atención continuada, onde doentes e profesionais pasan noites e días enteiros? ¿Que van dicir os seus candidatos neses concellos onde seguen esperando o pacto local?

Mire, algúns centros teñen ata barreiras arquitectónicas insalvables, pero tamén teñen material e mobiliario inadecuado. Por certo, aproveito este debate para volver pedirlle a camilla pediátrica do Centro de Saúde de Melide, centro onde teñen as portas pegadas aos marcos con cinta adhesiva, pero onde teñen ademais unha camilla pediátrica que, cando colocan ao neno ou a nena, bascula. E mire, pídolle outra cousa, señora Mosquera, unha camilla nova, ¡non retiren vostedes o pediatra! Porque, como xa sei como fai o PP, como soluciona os problemas, pois ¡non me estrañaría!

Mire, todo este lío que ten montado cos centros de saúde é outro motivo, señora Mosquera, para cesala. Así que de novo lle volvo repetir o mesmo: adiós, e peche a porta ao saír.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona Rocío Mosquera.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta.

Bo día de novo.

A atención primaria para nós, señora Acuña, é, sen dúbida, o eixe da asistencia sanitaria, e conforme a este proxecto temos articuladas todas as nosas actuacións, tanto organizativas como asistenciais. O modelo sanitario que defendemos baséase nunha asistencia sanitaria efectiva, equitativa, eficiente, segura e de calidade, e demais sostible e solvente.

Este modelo está recollido na Estratexia Sergas 2014, en concreto en dúas liñas de actuación. A primeira, no obxectivo 1.1, é a estrutura organizativa de xestión integrada. Con ela, organizativamente temos derrubado as barreiras que impedían a lóxica interrelación, permanente e fluída, entre niveis asistenciais, apostando pola xestión integrada, pola

continuidade asistencial e pola aproximación da asistencia ao punto máis próximo ao lugar de residencia dos cidadáns e cidadás. Ese punto non é outro que a atención primaria e a súa rede de centros de saúde.

A segunda está recollida no obxectivo 7.3, relativo á construción e reforma de centros de saúde. Tratábase de modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e ao contorno do traballo dos profesionais, e tamén para ser un motor da economía dos distintos concellos onde se foron construindo estes centros de saúde.

De acordo con estes eixes estratéxicos, continuamos coa construción destes novos quince centros de saúde aos que xa me referín, engadidos aos vinte centros que xa rematamos e puxemos en funcionamento e aos nove que reformamos, así como aos dous consultorios aos que tamén fixen referencia na miña primeira parte. E, desde logo, así conseguiremos que o 11 % da poboación galega teña unha nova estrutura á súa disposición.

Nun momento economicamente tan difícil, como dixeran, na maior crise económica coñecida, fomos quen de buscar financiación para mellorar as infraestruturas, e non só da atención primaria, senón tamén dos hospitais. Estamos a piques de poñer en marcha o novo hospital de Vigo. Porase en funcionamento ao longo deste ano. Continuaremos coa construción dun novo edificio de hospitalización no Complexo Hospitalario de Ourense, con 22 millóns de euros. Seguiremos co proxecto de reforma e ampliación do hospital da Coruña, con 7,3 millóns de euros. Iniciamos xa a obra de reforma e ampliación do Hospital do Salnés. Iniciamos a reforma do Hospital da Costa, neste momento xa temos rematado o proxecto construtivo... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...e seguiremos a traballar para presentalo e para licitalo. Pero non son estas as únicas intervencións previstas neste sentido. Apostamos tamén pola modernización da dotación da tecnoloxía médica e de comunicación nos centros de saúde...

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...para incrementar a súa capacidade de resolución e poder achegar a asistencia ao máximo posible á poboación. E miraremos iso da camilla de Melide, non teña ningunha dúbida.

A este obxecto están previstos, para a dotación de centros de saúde, 1,4 millóns de euros para reformas e adquisicións de equipamentos de centro de saúde ao longo deste ano 2015. Vostede tamén me falou da dotación dos centros de saúde.

As medidas de xestión tamén contribúen a mellorar os indicadores de produtividade da atención primaria no conxunto da organización, e teño que darlles as grazas unha vez máis, aos profesionais, pola súa implicación. Como exemplos, fomos diminuindo progresivamente o número de consultas administrativas, de maneira que os profesionais teñan máis tempo para atender os pacientes que máis o necesitan. Diminuimos as urxencias nos hospitais, aumentando as urxencias nos PAC. E melloramos tamén a resolución da atención primaria con menos derivacións aos hospitais, máis cirurxía menor e máis probas complementarias á disposición dos nosos médicos de atención primaria, así como a consulta telefónica.

E seguiremos, en definitiva, señorías, mellorando a capacidade resolutiva da atención primaria, reforzando o seu papel nuclear a través de todas as ferramentas que teñamos dispoñibles, mellorando a capacidade de dilixencia e derivación daqueles pacientes que así o necesiten.

Xestionar, señorías, é priorizar. E tivemos que priorizar os centros de saúde... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...que iamos construír... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, ten unha chamada á orde.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...porque os fondos FEDER que temos á disposición son aqueles que imos utilizar, e os fondos propios para cofinan-

cialos están dispoñibles no Servizo Galego de Saúde e na Consellería de Sanidade. E si vai dar tempo –non teña ningunha dúbida– para construír eses 15 centros de saúde e para utilizar todos os fondos FEDER e os fondos propios que temos á disposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Interpelación de D. José Ramón Val Alonso e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o Plan de xestión da sardiña para os próximos tres anos

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a interpelación, o señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señora conselleira, no plano persoal quero darlle a benvida, e alégrome de que estea xa vostede sentada nesa bancada. Pero no plano político teño que dicirlle xustamente todo o contrario.

Hoxe o Grupo Parlamentario Socialista presenta unha interpelación para falar dun dos centos de problemas que ten o sector pesqueiro en Galicia. Un sector completamente abandonado á súa sorte polo Goberno de Galicia. Un sector abandonado polo Partido Popular, que segue resistindo os embates da crise, e o que é moito máis grave, os embates das súas políticas. Hoxe, señora conselleira, falaremos dalgunhas desas políticas que non fan máis que prexudicar a uns galegos en detrimento doutros.

É importante, señora conselleira, que nos diga que opinión lle merece a vostede ese plan de xestión da sardiña que foi publicado hai xa seis meses. É importante que nos diga cal é a súa opinión sobre a modificación deste plan de xestión publicada no Diario Oficial o pasado día 10 de xaneiro a través dunha resolución do secretario xeral de Pesca do ministerio.

Non estaría de máis que contestase vostede a todas estas preguntas, porque non sabemos aínda, a día de hoxe, nin o que

opina vostede nin o que opina disto o señor Feijóo. O único que sabemos é o que fixo vostede o ano pasado a comezos de ano: facer unhas declaracións dicindo que non tiña vostede constancia de que a sardiña estivese en mal estado –está recollido nos medios de comunicación–, e poucos días despois solicitou vostede a supresión dos toques de capturas coas que se viña autorregulando o sector do cerco en Galicia. E a partir de aquí, o único que fixo vostede foi calar.

Señora Quintana, dígolle que é importante que dea a cara, é importante que fale dos problemas da xente, é importante que non se esconda detrás da ministra, como fixo vostede hai tan só dous días. E dígolle isto porque a botamos en falta –a vostede e a algún representante do Grupo Popular– nunha asemblea de Acerga, hai tan só unha semana, en Portosín, e sería importante que estivera vostede alí para coñecer os problemas reais do sector.

Porque mire, voulle poñer un exemplo, un caso práctico real dos que está a vivir o sector do cerco. Eu preguntolle como afrontaría vostede este ano, señora Quintana, este ano 2015, se fose propietaria dun barco do cerco, que sabe, por unha parte, que ten pechada a pesquería da sardiña ata marzo, que sabe que cando se autorice a pesca desa especie vai poder traballar dous ou tres meses, e que como moito poderá capturar 2.000 quilos de sardiña á semana.

Como afrontaría vostede o ano, señora Quintana, se fose a propietaria dese mesmo barco, e nese gran reparto que defendeu vostede o ano pasado. no reparto da xarda, sabe que para este ano ten tan só 5.000 quilos desa especie. E como afrontaría este ano, señora Quintana, se fose vostede a propietaria dese mesmo barco, sabendo que, cando menos, conta cun terzo menos de posibilidades de pesca de xurelo na zona 8C. ¿Como afrontaría este ano, señora Quintana? ¿Con ilusión? ¿Con optimismo? ¿Vostede afrontaría verdadeiramente este ano coa certeza de que vai poder salvar esta empresa? Di que si. Bueno. pois isto é importante que llo diga ao sector. Si, si, é importante que llo diga.

Eu non sei si vostede é consciente do problema que hai aí fóra, e este que lle cito é un caso entre moitos dos que están a acontecer no sector. Ademais, non é só isto o que pasa. Porque, ¿que lle parecería a vostede, se fose a propietaria dese barco, ver como outros poden pescar e que se premia a quen non foi respectuoso coa especie, mentres que os nosos

barcos durante moitos anos fixeron unha pesca responsable, autorregulándose con topes de captura para a sardiña, autorregulándose con topes de captura para o xurelo, e son sempre os máis prexudicados?

¿Que lle parecería a vostede, señora Quintana, se nese Plan de xestión da sardiña a zona 8B –casualmente onde pescan os barcos vascos– non está incluída dentro dese Plan de xestión? ¿Que lle parece a vostede? Vostede non fixo ningún pronunciamento sobre esta cuestión.

E vou darlle un dato, ¿sabe cantos quilos de sardiña se desembarcaron no ano 2013 nesa zona? 14.000 toneladas de sardiña, practicamente as mesmas que vai ter toda a frota española e portuguesa para este ano nese Plan de xestión. ¿A vostede isto lle parece xusto? ¿A vostede isto lle parece xustificable ou razoable?

Vostedes traen aquí, ao Parlamento, a defender cuestións e propostas da Comisión Sectorial do Cerco de Galicia, que pedía, entre outras cousas, a inclusión desa zona 8B no Plan de xestión; vostedes traen aquí iniciativas para asumir como propias as reivindicacións desa comisión sectorial do cerco, e despois non fan absolutamente nada.

¿Non sería máis razoable que esas 14.000 ou 15.000 toneladas que se pescan na zona 8B computasen para todos dentro do plan de xestión, e en lugar de que 50 barcos vascos poidan pescar 14.000 toneladas, que os 400 restantes –que son a suma da frota española e portuguesa– tivesen 33.000 ou 34.000 para todo o ano? ¿Non lle parece moito máis razoable iso, señora conselleira? ¿Vostede cre que isto é normal? ¿Ou é que a zona 8B non son augas ibéricas, como di o Plan de xestión? Eu creo que vostede é ao que ten que responder, e iso é o que lle ten que dicir ao sector, señora Quintana. Pero, claro, vostedes non fan absolutamente nada e a situación é tremendamente alarmante.

E xa non lle vou falar do reparto da xarda, dese que vostede defendeu con uñas e dentes o ano pasado. Vostede díxolle ao sector, o ano pasado, que ía facer todo o posible por cambiar os criterios. Pasou un ano, ¡un ano!, e non fixo absolutamente nada por modificar nin unha coma dese reparto. Vostede terá que dicir algunha cousa sobre esa cuestión –pregunto eu–, porque ¿que van facer os barcos do cerco, cando o ano pasado repartimos miseria entre eles; e este ano, cun

15 % menos de posibilidade de pesca, ¿que é o que imos repartir, señora Quintana? ¿Que é o que imos repartir?

Das 519.000 toneladas, que é o TAC establecido de acordo entre Bruxelas, Ilas Feroe e Noruega, a nós correspóndenos a miserenta cantidade de 39.000 toneladas; un 7 % do total. E desas toneladas, desas 39.000, ao cerco galego correspóndenlle 2.626. E eu sigo preguntándolle o mesmo, ¿vostede cre que vai ser viable unha empresa pesqueira, un barco do cerco, con sete ou dez tripulantes a bordo, que ten 5.000 ou 6.000 quilogramos desta especie para todo o ano? ¿Vostede é consciente da situación real que está vivindo o sector? Non lle dea á cabeza porque é a realidade, señora Quintana. Por moito que o negue, esa é a realidade.

E nós seguimos dicíndolle o mesmo: non é sostible un modelo que é dobremente inxusto. Primeiro, no reparto das posibilidades de pesca en Bruxelas, e despois, no reparto desas posibilidades no Goberno do Estado. Esa é a realidade, e iso é o que vostede tería que estar facendo, defendendo os intereses dos nosos barcos.

Eu o ano pasado díxenlle a vostede que sería unha formidable consejera vasca, e sigo mantendo, porque ese reparto nos prexudica claramente, señora Quintana. E nós, dende o PSdeG, pedímoslle que nos diga cal é a súa posición, a posición do Goberno galego; que nos diga se vai ser viable a pesquería, e ademais que nos diga a que foi vostede a Bruxelas a semana pasada co señor Feijóo. Díganos se falou algo disto, que é o que realmente lle preocupa ao sector; se falou algo das cotas de pesca; se falou das posibilidades de intercambio; se faláron dalgunha das cuestións que realmente lle preocupan ao sector, ou simplemente foron alí a facerse unha foto vacía de contido sobre algo que en Galicia todos sabíamos que xa estaba resolto, señora Quintana. ¿A que foron vostede e o señor Feijóo a Bruxelas?

Ademais, se se conseguiu iso que vostedes viñeron vender aquí, non foi polo froito do seu traballo, senón polo froito de moitas persoas, de moitos homes e mulleres do mar, que día tras día están á fronte das reivindicacións porque saben que vostede non os está apoiando, señora Quintana. Esa é a realidade.

Mire, señora Quintana, dígolle novamente que vostede ten abandonadas todas as súas responsabilidades. O sector

sabe que vostede non é unha interlocutora válida, e o exemplo tívoo a semana pasada, solicitaron reunións coa ministra e co señor Feijóo, a vostede ninguneárona completamente.

Remato dicíndolle unha cousa. Fágalle un favor ao sector e fágase un favor a si mesma. Recolla as cousas e marche para a casa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Val, moi bos días.

Eu creo que o outro día a vostede lle veu moi ben ir a esa asemblea a Portosín, posto que cambiou todas as preguntas que tiña feitas na réplica, e eu, por responsabilidade, creo que debo darlle resposta ás preguntas que vostede plantexaba na súa petición de interpelación, e na réplica intentarei darlle resposta a todas as cousas que vostede aprendeu nesa asemblea do pasado día en Portosín. *(Aplausos.)*

Señor Val, como vostede ben sabe, os profesionais do mundo do mar son os primeiros interesados nunha xestión responsable dos recursos pesqueiros, pois só así poden blindar a súa actividade profesional no futuro.

No deseño da estratexia a seguir para unha sostibilidade biolóxica, social e económica da nosa pesca a longo prazo, en Galicia a Xunta e o sector van da man: a Xunta e o sector. Un exemplo disto atopámolo no traballo conxunto que estivo a levar a cabo a Consellería do Medio Rural e do Mar, en colaboración co sector do cerco, a través da Comisión Sectorial do Cerco, no que están representados todos os representantes do sector e tamén dos sindicatos. Dende o 26 de maio, ata o 14 de xullo, ambas partes deseñaron unha proposta para o futuro do Plan de xestión plurianual da pesca da sardiña, sendo o obxectivo desta acción a determinación das medidas técnicas necesarias para a conservación desta espe-

cie, de forma que se poida garantir o seu desenvolvemento socioeconómico vinculado ao aproveitamento pesqueiro.

Para entender mellor os pasos dados ata o de agora, hai que facer mención da situación da poboación da sardiña en augas ibéricas, que abrangue as zonas pesqueiras denominadas 8C e 9A, e onde se admite que o estado da sardiña ibérica, segundo os últimos informes dos CIS, é preocupante, e a práctica totalidade das informacións científicas recomendan a adopción das medidas para recuperar esta especie. Diso temos os datos hoxe, e é cando eu falo, cando temos os datos dos científicos.

O propio sector é consciente e comparte esta necesidade, tras constatar na súa actividade diaria que o nivel de capturas desta especie mantén claramente unha tendencia descendente.

O principal obxectivo é garantir unha xestión responsable deste recuso, que se atopa en mal estado biolóxico, e sentar as bases para unha recuperación desta especie, permitindo un aumento das posibilidades de pesca e da xeración económica que se produce con ela.

En canto á súa primeira pregunta, de cal é a opinión do Goberno galego sobre o Plan de xestión da sardiña, publicado o pasado 14 de agosto no BOE, comezo sinalando que a orde do 30 de xullo, pola que se establece o Plan de xestión para a sardiña nas augas ibéricas, supuxo unha medida de urxencia por autoasignarse Portugal unha cota propia que podería deixar á nosa frota nunha posición francamente de desvantaxe.

Se naquel momento xa explicamos que se trataba dunha medida urxente e con eficacia temporal limitada, cremos que non se pode criticar unha medida de excepción, xa que ou freabamos unha medida unilateral de Portugal, ou nos deixabamos ir e nos abocabamos a vernos sometidos a unha posibilidade de tac e cotas por parte da Unión Europea.

A pesar disto, cremos que este plan ten aspectos positivos e negativos, mais tampouco debemos quedar parados nin anclados na disposición inicial, senón que podemos avanzar na súa mellor definición.

Neste senso, este plan non recolle boa parte das propostas do Consello Galego de Pesca e que a Xunta defende, e enten-

demos que a premura fixo que non fose posible insertalas, dada a escasa marxe de manobra que a acción portuguesa nos deixaba por diante.

Pero este plan tamén trouxo aspectos positivos, xa que freamos a iniciativa de Portugal de autoasignarse para eles o 70 % das posibilidades de pesca dispoñibles, e freaba tamén a disposición da comisión de impoñernos un TAC. Xa que logo, conxurados eses dous perigos evidentes, debemos de seguir a traballar, xa que valorar positivamente esa medida, en referencia a eses matices, non quere dicir que esteamos a renunciar á negociación do Plan de xestión elaborado polo Consello galego de Pesca para todo o caladoiro. Digo isto porque consideramos que este plan é máis axeitado aos intereses da nosa frota, polo tanto, nesa premisa seguimos traballando.

Como ben dicía, sabemos que este plan de circunstancia non recolle boa parte das nosas propostas, que son as que a comisión sectorial do cerco elevou e vén elaborando dende as seis reunións realizadas dende o pasado ano.

Estas xuntanzas foron promovidas pola consellería, que ostenta a presidencia desta comisión, coa finalidade de elaborar unha proposta consensuada do Plan de xestión da sardiña. Queremos así que a proposta permita o desenvolvemento da actividade dos barcos do cerco, de tal maneira que o impacto das medidas de xestión fose o menor posible, tanto para a frota como para todo o tecido produtivo en terra que xira en torno a esta pesquería.

Tras varias reunións, o 14 de xullo do 2014 chegouse ao acordo unánime e acadouse unha proposta de Plan de xestión da sardiña en augas ibéricas cun amplo abano de medidas, que abarca, entre outras cuestións, no ámbito do cómputo das capturas en termos de desembarques, en cantidades diarias, o establecemento dun período de veda de cinco meses de duración, ou xornadas e tempos de pesca e medidas de control. Pero, que non recolla estas estritamente, non quere dicir que non se poidan dar pasos cara a elas e que non se siga a negociar, xa que vimos como se dispuxo un paro temporal, ou se dispón un período de pesca que iguala a todo o caladoiro das zonas 8C e 9A como temos en Galicia.

En canto a que medidas ten postas en marcha o Goberno galego para tratar de unificar este plan de xestión, quero

dicir que seguimos traballando para dar cumprida resposta ao mandato parlamentario que nos insta a asumir como propia a proposta de Plan de xestión plurianual da sardiña elaborado e aprobado polo Consello Galego de Pesca.

Con esa traza de rumbo seguimos traballando, en colaboración e contacto co ministerio e coas comunidades autónomas de Andalucía, Asturias, Cantabria e País Vasco, así como cos sectores afectados e co Instituto Español de Oceanografía, para mellorar o punto de partida co que negociar con Portugal e a Comisión Europea.

Froito dese traballo, xorde xa un pequeno avance que se plasma na Orde do 7 de xaneiro, pola que se modifica a do 30 de xullo, e que trae cambios substanciais en relación a asuntos como o límite de capturas, datas de peche ou topes de descarga. Pero o cambio máis importante vén dado para a frota do xeito, a quen afecta de forma importante esta pesquería, e que con esa modificación, tal e como era o noso compromiso, pode pescar sardiña e facelo contando cunha cota propia para eles, ao que eu me comprometín o ano pasado. Xa que logo, introduciuse na orde a posibilidade de que esa frota pesque sardiña e que o faga cun cupo de arredor de 200 toneladas, o que, cos datos que nos achegan o sector e as confrarías, supón unha cifra superior á media anual de capturas feitas polo xeito nos últimos dez anos, que é de 179 toneladas ao ano.

Sei que algúns xa levantaron a voz contra esta asignación, pero quero contemplar esta cifra á luz desa comparanza, xa que moitas frotas queredrían para si unha cota de calquera especie un 10 % superior á media do que viñan pescando nos últimos anos. Ademais, hai que ter en conta que esta cota, conxugada cos criterios de flexibilidade que permite a Unión Europea; máxime tendo en conta que a modificación da orde permite acumular cara ao período seguinte da cota o que non se pescase, permitindo así compensar uns anos de máis captura con outros de menos. Con todo isto, tratamos de dotarnos da mellor situación, dentro da dificultade, para a nosa frota, buscando con iso maior cota de pesca para ela. En definitiva, estamos tratando de evitar que a Comisión nos poña un TAC.

En canto a se considera o Goberno galego que, coas medidas que se están tomando no sector do cerco, pode garantir a súa viabilidade, teño que dicir que estas medidas están diri-

xidas precisamente a manter a viabilidade da frota do cerco e doutras artes, xa que entendemos que regular e ordenar as pesquerías é a mellor fórmula para conseguir o máximo rendemento económico e social sen alterar a sostibilidade ambiental que tanto nos limitan.

En todo caso, creo que vostede –que foi responsable nesta consellería– poderá apreciar perfectamente, se imos na dirección correcta, se tomamos en conta, sacando o caso especial da sardiña, a contía global das cotas das especies principais do cerco como son o xurel, a xarda e a anchoa. Neste caso, as globais de que dispón España destas especies na zona 8C e 9A aumentaron un 52 %, pasando de case 65.000 toneladas a case 99.000 toneladas. Se naquel entón algúns non vían problema e o gasóleo estaba a prezos que dobraban o custo actual, creo que neste momento incluso debe ser máis viable seguirse dedicando á pesca. Polo tanto, creo que con estas medidas imos no bo camiño, porque a outra opción, xa probada por quen nos precedeu no Goberno, só trae menos valor e máis sancións para unha soa especie, a xarda, que sobrepasa a cota anual de España para este ano en tres especies que acabo de citar. Con esas cifras, cada un debe de sacar as súas propias conclusións e ver qué se pode facer e cara a onde camiñamos.

Nós estamos diante dunha situación que é complicada, pero creo que, só dende o realismo e a ordenación da pesca, podemos saír adiante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Señor Val, rolda de réplica.

O señor VAL ALONSO: Mire, señora Quintana, é bo aprender, non é malo aprender; por iso vou ás reunións falar co sector e aprender. A vostede viríalle moi ben, señora Quintana, ir ás reunións aprender. Viríalle moi ben, señora Quintana, dígollo de verdade. (*Murmurios.*) Non é malo aprender e escoitar a xente que sabe disto, señora Quintana. (*Murmurios.*)

Mire, vostede vén hoxe ao Parlamento simplemente a pasar o trámite, a contarme o que di ese acordo da Comisión sectorial do cerco, de xuño, que sabemos á perfección. Eu fíxenlle unhas preguntas na miña primeira intervención e

vostede non me contestou a ningunha delas, a ningunha delas, señora Quintana. Dígollo outra vez, hai tempo que renunciou vostede a defender os intereses da pesca galega; hai tempo que renunciou, señora Quintana.

Repítolle a mesma pregunta que lle fixen na miña primeira intervención. Se vostede fose a propietaria dun barco do cerco con esas cuestións que lle dixen antes, sabendo que ten a pesquería da sardiña pechada ata marzo, que, cando se abra, como moito poderá pescar dous ou tres meses con 2.000 quilos á semana. Porque xa me dirá, 1.000 toneladas á semana para o conxunto de toda a frota española e a portuguesa, ¡xa me dirá en que se traduce para os nosos barcos! Bote contas, non sae máis de 2.000 ou 3.000 quilos á semana. ¿E vostede quere dicir que a situación é mellor agora que antes, cando antes tiña límites de 7.000 quilos ao día de sardiña –7.000, señora Quintana– e agora teñen 2.000 para toda a semana no mellor dos casos? Vostede eu non sei se pensa que os demais non sabemos ler nin sabemos ningunha cuestión. Eu non sei que cre vostede, señora Quintana.

Mire, eu creo que debe explicarnos por que durante este tempo –un ano xa– non fixo vostede absolutamente nada por modificar este Plan de xestión –o da xarda, xa por descontado, e neste seis meses (agosto, setembro, outubro, novembro, decembro e xaneiro)– para introducir algunha dasas cuestións que vostede di que van da man do sector. Aproban iniciativas aquí no Parlamento de asumir como propias as reivindicacións do sector, e logo, onde se toman as decisións e onde se publican os plans de xestión, non hai ningunha dasas cuestións reflexadas no Plan de xestión. Esa é a realidade e iso é o que lle preocupa á xente, señora Quintana, que vostede di unhas cousas e despois fai absolutamente as contrarias, señora Quintana; e iso é o que ten que explicarlle a este Parlamento.

¿Vostede cre que se lle está a dar o mesmo trato a todos? ¿Vostede que pensaría, se tivese un barco e vise como os do lado, na zona 8B, poden pescar o que queiran durante todo o ano e os nosos barcos teñen limitacións? ¿Que opina diso? ¿Non é unha das reclamacións que fixo a Comisión Sectorial do Cerco, incluír a zona 8B dentro do Plan de xestión? Opine vostede sobre ese tema. ¿Que lle parece que nesa zona, no ano 2013, desembarcaran máis de 15.000 toneladas de sardiña e para este ano teñamos 19.000 –repítollo outra vez– para todos os barcos españois e portugueses, cerca de

400 barcos; mentres os vascos –50 ou 59, non sei a cifra exacta– poden pescar sen ningún tipo de limitación? ¿Iso parécelle a vostede que é xusto? ¿Parécelle que é xusta esa cuestión, señora Quintana?

A iso é ao que ten que dar resposta. Por eses motivos está preocupada a xente, porque ve que non hai un trato xusto e ve que vostede mira para outro lado. E vén a ministra aquí e dille que van mirar a ver se hai posibilidade de pagar a sanción da xarda con outras especies. Pero ¿vostede quere me dicir que a sanción da xarda, 10.000 toneladas ao ano, vai ser a solución dos problemas? Reparta vostede 10.000 toneladas, ¿canto lle tocaría ao sector do cerco en Galicia se non tivéssemos que pagar esa sanción? Pregunto, 10.000 toneladas, ¿tocaríalle o 50 % ao cerco? Co reparto que hai, o 26 para Galicia, 500 toneladas. Divida entre os barcos galegos 500 toneladas; 3.000 quilos máis ao día, que o pescan en medio lance; en medio lance pescan os 3.000 quilos. ¡E vostede vén aquí dicirnos que a situación é mellor! Repítolle, antes, 7.000 quilos de sardiña ao día e 6.000 de xurelo, esa é a realidade. E hoxe, 2.000 de sardiña á semana –já semana, non ao día!, já semana!–, e a xarda, no mellor dos casos, 6.000 ou 7.000 para toda a campaña. E un 26 % menos de cota de xurelo na zona 8C.

E xa non lle vou falar da zona 9A, do reparto do bocarte, señora Quintana. O 1,7 % da cota total de bocarte na zona 9A para os barcos galegos; ¡o 1,7 %! O 98 % para os barcos andaluces, e nós, os galegos, o 1,7 %. E vostede ten... non vou dicir a cara xa, ¡vostede ten a indignidade e a indecencia de vir aquí dicir que estamos mellor que antes!

Mire, volvo repetirlle o mesmo que lle dixeran na primeira intervención. Fágase un favor a si mesma e fágalle un favor ao sector. Recolla as cousas e marche para a casa, señora Quintana.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para pechar o debate, a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Señor Val, eu xa sei que vostede ten moitas ganas de que marche para a casa, pero, mire, nin a operación puido comigo, e en quince días xa lle volvía estar operativa,

(*Aplausos.*) e iso é polas ganas que teño eu de defender o meu sector. (*Aplausos.*) Si, señor, é o que me dá forzas para seguir, (*Aplausos.*) ¡mire vostede! (*Aplausos.*)

Vou intentar darlle resposta a todas. Creo que a unha parte xa o fixen na primeira intervención, pero voulle dar respostas a todo.

Claro, vostede quere sempre plantear un futuro negro para o sector da pesca, sen darse conta de que vostede tamén ten un pasado. E xa llo dixeran na primeira volta, do ano 2009 a hoxe incrementaron as posibilidades de pesca da nosa frota un 52 %, e o gasóleo está a metade de prezo. Dígame, se daquelas podían vivir, ¿hoxe poderán seguir vivindo? ¡Home, eu entendo que si! ¿Hoxe temos máis motivos para ser máis optimistas?, eu entendo que si. Vostede verá as cousas como queira, pero, cun 52 % de posibilidades máis de pesca, eu sigo sendo optimista.

Claro, vostede dime que me escondo detrás da ministra, detrás do señor Feijóo. Non sei onde me escondo, eu dou a cara todos os días, e estamos conseguindo melloras na nosa pesca todos os días. Vostede fala da zona 8C, 9A, 8B... Señor Val, ¿vostede sabe que o último que se conseguiu foi a flexibilización das posibilidades de pesca da zona 8B, onde nós non podíamos practicamente ter acceso, e pasar do 5 % que tiñamos de posibilidades de intercambiar cota da zona 8B, onde os galegos case non podíamos chegar, ata un 50 % para a zona 8C, onde podemos chegar os galegos? Iso é incrementar as nosas posibilidades de pesca. (*Aplausos.*) Polo tanto, nós estamos buscando flexibilización para que as nosas posibilidades de pesca sexan as maiores posibles.

A min non me gusta, señor Val, que vostede fale aquí de que ¡total, por 10.000 toneladas de xarda! (*Murmurios.*) ¡Home!, que o diga vostede, que con esas políticas que aplicaban, de enganar continuamente o sector, foron quen de metelo nunha sanción no ano 2009 e nunha sanción no ano 2010 que nos leva a estar pagando 10.000 toneladas de xarda... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): ...durante os anos 2012, 2013... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quinta-na Carballo): ...2014, 2015, e así ata o 2023, (*Aplausos.*) 10.000 toneladas ano, (*Aplausos.*) que son case máis das que podemos conseguir para poder pescar. (*Aplausos.*) Iso, señor Val, é de verdade inxusto que vostede o diga aquí. Iso é inxusto, porque foron decisións da Administración que agora ten pagar o propio sector. (*O señor Val Alonso pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Val, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quinta-na Carballo): E que o veña dicir vostede aquí ¡manda narices!

E tamén di que fomos a Bruxelas a non sei que, porque xa foron vostedes e xa fora non sei quen a resolver non sei canto. Eu voulle deixar aquí á señora presidenta, para que despois llela pase, unha carta que recibín do comisario Karmenu Vella. Onde di, entre outras cousas: “*Desearía darle las gracias por el informe que ha enviado sobre la utilización del xeito en Galicia. También hemos recibido explicaciones detalladas del Gobierno español sobre este particular. En concreto, la carta en la que remitió usted dicho informe está en manos de mis servicios, y la información pertinente contenida en ella está contribuyendo a animar el debate y las negociaciones interinstitucionales sobre el resultado final de la propuesta de la Comisión*”. Arránxase o xeito así, enviando informes científicos, co seguimento científico que fan os técnicos da Administración, e aportándolle ás institucións comunitarias. (*Aplausos.*) Así é como se arranxan as cousas, non con fotos nos periódicos. (*Aplausos.*)

O Plan de xestión nós asumímolos como propio, o resultado do traballo da Comisión Sectorial do Cerco do Consello Galego de Pesca. E como o asumimos como propio, estamos traballando para que ese Plan de xestión saia adiante. Hoxe mesmo, están reunidos os representantes do sector cos representantes de todas as comunidades autónomas. Mañá hai unha reunión, na que están os representantes do sector, e da Administración de todas as comunidades autónomas, coa Secretaría Xeral de Pesca. Estamos traballando co Instituto Español de Oceanografía e, unha vez que cheguemos a un acordo en España, plantexarémolo tamén ante as autoridades portuguesas e o sector portugués. Porque queremos un Plan

de xestión da sardiña ibérica que evite que a Unión Europea nos imponha ningún tipo de sanción.

Señor Val, non teña a menor dúbida de que non perderei nin un só minuto o tempo. O meu tempo está dedicado a defender os intereses dos sectores primarios de Galicia, neste caso do sector da pesca de Galicia.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para facer a súa interpelación, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días outra vez.

Señora conselleira, ben que nos alegamos de que todo fose ben nesa operación que non puido con vostede. Xa sabe que aquí sempre, a pesar do que poidan pensar, separamos o que é a política do persoal. En absoluto, nunca plantexamos esas cuestións como cuestións persoais. Estamos falando de política, ¡que quede ben claro! Aínda que ás veces na política hai que tomar decisións persoais valentes para votar as cousas, ou para imponer nas votacións do grupo parlamentario que sostén a maioría decisións valentes. Como a que non se tomou hoxe no caso dos enfermos da hepatite C, aos que se lles pon prezo á súa vida. ¡Aí faltou valentía! Esas son decisións persoais, por iso sempre dicimos que sempre hai liberdade para dicir si ou non, sempre hai liberdade. E casualmente non veu votar o señor Feijóo, porque non quixo que se lle vira votar en contra de salvarlles a vida aos enfermos da hepatite C.

A min paréceme un precedente moi perigoso empezar a falar de economía para receitalle os medicamentos ás persoas. É un precedente moi perigoso, porque aí podemos chegar a lugares aos que antes que non chegabamos, que non se puñan.

Dito iso, dicimos unha vez máis que separamos o persoal do político, que nunca o fixemos, estaba mesturado, e volvemos

falar do Programa de desenvolvemento rural, porque xa o falamos aquí, pero volvemos, porque nós lle damos unha importancia vital ao rural en Galiza, para o seu futuro; parécenos unha oportunidade, como non nos cansamos de repetir. Parécenos fundamental tomar en serio o documento que vai rexer as principais liñas estratéxicas do noso rural, do noso agro, do noso monte, para os próximos sete anos, porque aínda que non sexa, seguramente, espectacular, mediático ou efectista, si que é unha cuestión de fondo importantísima.

Cremos que este documento debía analizarse partindo da realidade actual, da evolución dos últimos anos, e que se debía facerse unha reflexión compartida coa sociedade, cos partidos políticos, coas organizacións sociais, agrarias, con todos os axentes que viven día a día no rural, cos que o coñecen, e parécenos imprescindible por varias razóns, señora conselleira. Parécenos imprescindible porque sen a implicación destas persoas non poderán ter éxito as políticas no rural, se é o que se pretende, que haxa éxito, que haxa futuro no rural, porque vostedes non van gobernar eternamente neste país. E, como xa temos dito na Lei do solo, volvémo-lo dicir no rural: hai políticas que teñen que ser aprobadas cun amplo consenso político e social. E, polo tanto, dámoslle tanta importancia ao proceso participativo, á implicación dos axentes sociais do rural para definir estas políticas. Xa o dixemos hai moito tempo, xa o dixemos en setembro: o documento de observacións –de 414 observacións– enviado pola Unión Europea vénnos dar a razón; vénnos dar a razón do que nós xa dixemos e do que era evidente: non houbo ese proceso participativo. ¿Por que, señora conselleira, non se fixo? Porque considera vostede que é algo secundario para non facelo.

Dicía que había que analizar, partindo da situación actual, datos: o final do sistema de cotas do sector lácteo, do abandono que se produce no rural, do problema dos incendios, do envellecemento, da perda da superficie agraria, etc., etc.; facer unha análise con datos certos.

A emenda á totalidade do documento enviado pola Xunta de Galicia a Bruxelas, que son as 414 observacións e que é unha emenda á totalidade, xa vén dicir que a información aportada e a avaliación do período anterior é moi defectuosa. Non podo especificar todas as medidas nas que alí se di que hai unha información que non é veraz, que non é rigorosa, e

aínda por riba non se avalían as medidas que se propoñen no período anterior. Polo tanto, partimos xa de non analizar ben a situación anterior. E, ante esta realidade, o que nós cremos que habería que facer como un goberno responsable é facer un período amplo cun proceso de participación, implicando a moitas persoas; como xa lle dixen, é imprescindible. Non se fixo, non se fixo. As propostas que se fixeron non se fixeron desde este plantexamento que lle veño repetindo. A tramitación que vostedes fixeron é unha simple tramitación burocrática que aposta por unha continuidade crítica, coa que, evidentemente, estamos en desacordo. O que non sabemos é a motivación; se vostedes analizan positivamente a evolución dos últimos anos no rural galego, se os datos sobre envellecemento da poboación agraria –que, repito unha e outra vez, os 60 % da poboación ten máis de 60 anos, só o 5 % da poboación ten menos de 60– son para vostedes algo normal, positivo, unha evolución natural, díganlo. Para nós non, para nós é un problema; o problema demográfico de Galicia para nós é un problema grave. O envellecemento da poboación agraria de Galicia é un problema grave, e por iso hai que dar receitas diferentes das que se viñeron dando até o de agora. Hai que ser honestos para dicir qué país queremos, hai que ser honestos para dicir qué rural queremos. Se vostedes queren un rural baleiro, concentrar a poboación no eixo da AP-9, díganlo; se queren un sector forestal de baixo valor engadido e que é pouco creador de emprego, díganlo. Se non lles importa que pechen explotacións e que envelleza o noso sector agrario, díganlo; sexamos honestos para analizar cal é o futuro, e que xulgue a cidadanía. Vostedes néganse a facer ese debate honesto, vostedes esconden o Programa de desenvolvemento rural á sociedade para que non participe. Vostedes estano facendo, e o documento da Unión Europea vén constatalo, e nós xa o dixemos. Ese documento da Unión Europea destroza por completo o documento que se enviou alí, incluso pon en cuestión a profesionalidade de quen o fixo. Fala, incluso, de que hai que mellorar a presentación do documento, non hai datos certos con respecto á calidade das augas, hai contradicións en canto á agricultura ecolóxica, datos de superficies, etc. Manifestan varias eivas, por exemplo –que nós tamén xa anunciamos–, dunha ausencia dunha análise e medidas concretas para afrontar o impacto que suporá o final do sistema de cotas; non se considera a agricultura ecolóxica como unha oportunidade; hai moitas eivas na información sobre as políticas de incorporación de mozos e mozas; e resérvase, unha vez que se reciba outra vez o documento, a volver emitir novas observacións en función de se esas res-

postas son correctas ou non; non hai medidas específicas para desenvolver o sector da eficiencia enerxética; non se fala dunha cuestión que debería ser un pilar básico para o desenvolvemento rural, que son as enerxías renovables, de como se van cumprir os obxectivos do 2020; non hai información detallada sobre a capacidade do sistema de asesoramento para garantir que sexa suficiente; enfócase só para explicar requisitos legais, e non está enfocado cara á innovación, que tamén vimos repetindo, non se enfoca cara á innovación –o coñecemento é básico para un país que ten potencial–; non se explica como se van desenvolver sectores potencialmente creadores de emprego e riqueza na agricultura; e recórdanse tamén eivas sobre a aposta por un sector forestal enfocado nada máis que a produtos de baixa calidade e pouco valor engadido.

Entón, preguntolle, señora conselleira: ¿por que non fixeron ese proceso participativo?, ¿por que non se fixo? Non sei se me vai dicir que o proceso participativo consistiu en dúas reunións, en facer unha reunión dúas semanas antes de mandar o documento a Bruxelas; non sei se para vostedes iso é un proceso participativo. Gustárame saber que é o que van mandar á Unión Europea, xustificando que houbo un proceso participativo, cando noutros PDR se enviou unha memoria cunha relación de xuntanzas, de contidos e cunhas conclusións finais. ¿Por que non se fixo ese proceso participativo? ¿Que vai facer agora antes de contestar á Unión Europea?, ¿vai convocar os axentes sociais?, ¿vai intentar facer –aínda que sexa tarde, mal e arrastro– ese proceso participativo? ¿Considera vostede que a evolución última do rural galego é positiva e que por iso apostan por un documento de continuidade crítica?...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Por que non se inclúe un subprograma temático para a montaña, que corre o risco de despoboarse aínda máis, para o cal vostedes non aplican un subprograma específico? ¿Optará vostede por seguir con este modelo de asesoramento, investigación e coñecemento que pon en cuestión a Unión Europea, por seguir desmantelando o público ou vai completar, dalgún xeito, esta información? ¿Vai cambiar os obxectivos de incorporación de mozos e mozas...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que non garanten un relevo da poboación agraria? Xa remato, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pregaríalle que me contestase concretamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Sánchez, bueno, en primeiro lugar, pido desculpas se alguén pode entender que non saiba eu que se pode diferenciar a vida profesional da persoal; a verdade é que eu si que son desas persoas ás que me gusta diferenciar as dúas cousas. Pero a verdade é que cando se pon en dúbida a miña asistencia a determinadas reunións, estando os quince días que estiven de baixa... Cónstame que se pode diferenciar a vida profesional da persoal. Por iso pido desculpas se antes na miña intervención fixen algún comentario que fora mal entendido.

Señor Sánchez, en primeiro lugar, quixera agradecerlle sobremaneira o seu reiterado e intenso interese polo Programa de desenvolvemento rural 2014-2020, que parece ser que reflicte un elemento común entre vostede e mais eu, e que reside na idea de que o PDR é un elemento importante para o futuro do noso rural. Eu creo de verdade, sinceramente, que podemos facer do noso rural a referencia dun lugar de oportunidades sociais e laborais; co que xa non estou tan de acordo con vostede é con como plantexa a súa petición de preguntas nesta interpelación, porque me di que nós non fixemos un programa participativo, que non presentamos un programa de desenvolvemento rural consensuado. Ás veces os consensos son complicados, pero o que si lle podo garantir é que foi participativo.

Vostede, na outra interpelación que me fixo, poñía como exemplo a participación do Midi-Pyrénées, onde se falaba

de ata 31 reunións participadas e de dúas asembleas onde participaron todos os axentes sociais, os sindicatos, as cooperativas, os grupos de desenvolvemento local, os centros de investigación. Pois, mire, é que non é nin máis nin menos que o que se fixo en Galicia; fixéronse dúas asembleas xerais e logo se abriu ao debate entre os diferentes axentes, e aí temos as dúas reunións celebradas o 2 e o 18 de xullo de 2014, ás que hai que sumarlle a do lanzamento do PDR, que foi alá polo 7 de novembro de 2013. O día 7 de novembro de 2013 convócase o comité de socios, expóñense os estudos que nós temos feito, e a partir de aí empézanse a recibir alegacións e propostas de ata 9 axentes do rural, e pódollas citar: Agaca, Asaja, Asefoga, Silvanus, Afrifoga, Sefoga, Asociación do GDR de Galicia, Unións Agrarias-UPA, Sindicato Labrego, Comisións Labregas, Universidade de Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Igualdade, e así moitos e moitos que foron aportando as súas propostas, das cales nós recolleemos moitas e que están incorporadas nas propias liñas do programa.

Ademais, desde o primeiro comité de socios celebrado en novembro de 2013 ata xullo de 2014, en que se celebraron os seguintes, varios dos participantes non presentaron ningún tipo de alegacións, observacións nin mellora do borrador do programa en todos eses meses. Pero creo que debemos deixar aquí plasmada tamén unha diferenza. Este proceso actual marca unha diferenza co programa do 2007 ao 2013. O día que se publicou o PDR 2007-2013 foi cando moitos se enteraron, non soamente xentes de fóra, senón funcionarios da propia Consellería.

Vostede tamén me preguntaba se considero suficiente o esforzo financeiro que a Xunta de Galicia está facendo neste Programa de desenvolvemento rural fronte a poñer como exemplo que é un 25% máis baixo que o de Asturias. Temos que recordar que vostedes sempre apuntaron a que se Galicia realizase un esforzo equivalente ao de Asturias, o montante total do PDR sería de 1.350 millóns de euros, fronte aos 1.190 que finalmente están orzados. Pero o que non sinalaron é o importante que é conseguir fondos Feader. Nós entendemos que iso o fixemos ben, xa que o resto dos fondos que cofinancian entre a Administración central e a autónoma serán aportados para constituír o gasto público total, e niso tamén entra a dimensión do Feader conseguido, xa que é máis doado cofinanciar pouco que moito. Por iso digo que a ningún se lle pode dicir que perderamos fondos cando

temos máis millóns de Feader que ao inicio do programa anterior, xa que dos 856 millóns do primeiro programa pasamos aos 889,9, o que supón un aumento do 4 % en tempos de restrición.

Cremos que se negociou ben no contexto estatal, xa que no gasto Feader por habitante en Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis Feader recibe por habitante. Temos 323,9 euros por habitante, o que supera nun 86 % a media de España, situada en 173,7 euros por habitante. Ademais, creo que cómpre subliñar que a asignación de Feader máxima é consecuentemente a autonómica; vén sendo o 70 % do total da asignación nacional. Vén fixada polo Regulamento 1.305/2013 relativo ao Feader, e por iso as comunidades autónomas temos diferente índice de cofinanciamento. Nese regulamento establécese esa asignación en función da renda media, e, volvendo á comparativa que nos sinala, Galicia é considerada como rexión de transición e pode chegar ata o 75 %, mentres que Asturias é considerada como rexión ordinaria e só pode chegar ata o 53 %.

Amais, o Regulamento Feader posibilita en certas medidas do programa o incremento desta porcentaxe xenérica para cada comunidade autónoma. E hai que dicir que Asturias eleva a porcentaxe de contribución Feader ao máximo que lle permite o regulamento, o 75 % ou o 80 % nalgúns medidas, mentres que Galicia mantén todas as medidas na súa taxa xenérica do 75 %. Xa que logo, o que debiera ser unha contribución superior relativa, un 88 % superior á de Galicia, resulta ser un 32 %, o que amosa o esforzo financeiro que se está a facer na nosa comunidade autónoma.

En canto a se temos pensado introducir despois do período de exposición pública un subprograma temático para a montaña, cabe dicir, en primeiro lugar, que hai que lembrar que os subprogramas temáticos están pensados para cando nos PDR non se contemplan medidas para atender esas necesidades, que non é o caso de Galicia, que, para as zonas de montaña, asigna un amplo número de medidas e cunha dotación importante. Mais creo que a pregunta queda contestada se contemplamos que as indemnizacións compensatorias pasan de 91,2 millóns de euros a 117,3 millóns de euros de gasto público total, incrementando a súa contía global un 28,6 %. E no caso da montaña pasan de 58,8 millóns de euros a 70 millóns de euros, o que supón un aumento dun 19 %. No caso das zonas distintas de montaña, pasan de 32,4

millóns de euros a 47,3 millóns de euros, cunha suba dun 45,9 %, facendo que o gasto Feader destinado a ambas medidas pase dos 55,9 millóns de euros a 88 millóns de euros, cun incremento dun 57,4 %.

Cabe lembrar a este respecto que no PDR 2007-2013 a dotación inicial de fondos europeos para estas axudas ás zonas de montaña será de 28 millóns de euros. E dende o ano 2009 o actual Goberno da Xunta de Galicia conseguiu incrementar os fondos europeos destinados a esas axudas nun 29 %, chegando a 36 millóns de euros.

Se consideramos suficiente o esforzo en I+D+i e formación ou o obxectivo segue a ser o seu desmantelamento, creo que isto se responde simplemente chamando a atención a que mantemos o apoio á transferencia de coñecementos e actividades de información, e o investimento de Feader nesta medida é de 8,5 millóns de euros fronte aos 8,4 do anterior período.

En canto ao desmantelamento do que nos fala, debería bastar unha soa cifra: a das accións de investigación e divulgación levadas a cabo polo Ingacal e os seus centros no último bienio, 321, ás que hai que sumar 23.114 análises e 848.561 determinacións de resultados analíticos.

No que ten que ver coa súa última pregunta relativa a cales son os cambios para conquistar unha maior incorporación de mozos e mozas á actividade agroforestal que axuden a reverter a situación dramática de abandono do rural, quixera empezar resaltando que non diminuímos o apoio a esa liña, xa que a cantidade de Feader que destinamos á incorporación medra de 46,3 millóns de euros a 50,1 millóns de euros, o que supón un incremento de 8,2 % con respecto ao período 2007-2013. Supón que a cifra acada un 5,6 % do total do Feader recibido por Galicia, e esta porcentaxe é superior ao 5,5 %, por exemplo, de Andalucía, que inclúe compromisos procedentes dos cesamentos anticipados, e ao 4,6 % de Asturias. Creo que isto é suficiente para sacar conclusións.

Pero como me preguntaba cales son os cambios, quero dicir-lle que se potenciarán as axudas xa existentes para a reforma de vivenda habitual ou compra de gando, con certas novidades, como pode ser o incremento do importe da prima da incorporación con respecto ao período anterior, e que tamén se realizarán pagos en dous prazos dende que se instale o mozo, para dotalo de liquidez dende o primeiro momento, e

que se considerarán novos gastos elixibles algúns casos como os pagos da cotización da Seguridade Social, tal como vostede nos viña demandando.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Antón Sánchez, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É moi difícil voltar outra vez coa cuestión de que se houbo ou non houbo proceso participativo. Señora conselleira, non o digo eu, agora xa o di a Comisión Europea, que non se lle mandou a información para asegurar que houbo proceso participativo. Pero é que non o digo eu, dío o sector forestal, que mandou unha carta de queixa, e dino as tres organizacións agrarias, que dixeron que non houbo. É que na xuntanza á que veu unha representante da Comisión Europea en Ribadumia, ou Rivadulla –non sei onde foi–, en xullo, non escoitou máis que queixas porque non houbo proceso participativo. É que un proceso participativo non son dúas xuntanzas e a última para dicirlles que teñen unha semana para presentar alegacións; e como dixeron que non tiñan tempo de presentalas, déronselles cinco días máis, que foi así, señora conselleira.

É que isto é como o chiste aquel da autoestrada, cando un condutor se mete en dirección contraria e escoita pola radio: hai un condutor tolo que está conducindo en dirección contraria. E di el: Un non, todos. Pois isto tamén. É que é a única vostede que asegura que houbo proceso participativo. Nin o sector forestal nin as organizacións agrarias nin a Unión Europea... A ver que lles contesta. Eu ardo en desexos de ver se a Comisión Europea acepta dúas xuntanzas como proceso participativo –pulpo como animal de compañía–, xa non digo máis. Non se fixo o proceso participativo, señora conselleira. ¿Por que non se fixo? ¿Por que non se fixo o proceso participativo? O proceso participativo non é xuntar unhas persoas un día e dicirlles: ¡A ver, que!, ¿que hai? Non. Un proceso participativo é un proceso previo de información, contacto, xuntanzas; é un traballo, un traballo serio e rigoroso, que non se fixo.

A contestación da Unión Europea, señora conselleira, é un varapau tremendo; incluso a profesionalidade coa que se

fixo o programa. Creo que é o segundo PDR que máis observacións obtivo da Unión Europea. Non se tratou con seriedade, non hai información veraz sequera, señora conselleira. Non a hai, dío o documento.

Fala vostede de que aumentou a aportación do Feader. Si, ¿pero por que non vén aquí e di que baixou 300 millóns de euros a aportación que vai facer o Estado e que, entón, en global, perdemos fondos? ¿Por que? ¿Non é así? ¿Non é así, señora conselleira? Claro que si. O Goberno do Estado, do Partido Popular, vai dar 300 millóns de euros menos, imos ter menos fondos.

En I+D+i a súa aposta é a amortización de 130 prazas da Consellería de Medio Rural, moitas delas de oficinas agrarias comarcais. Esa é a súa aposta polo sistema público de asesoramento e investigación, 130 prazas amortizadas. Nós xa o sabiamos, xa o vimos repetindo, somos moi pesados. Xa sabemos que cando alguén se xubila nunha oficina agraria non a substitúen. Ese é o sistema de ir esgotando o sistema. Pero é que tamén llo din, dinlle: vostedes presentan un sistema de asesoramento baseado só en informar dos requisitos legais, pero, de innovación, nada; vostedes, de enerxías renovables e de eficiencia enerxética, nada; vostedes, de considerar a agricultura ecolóxica como unha oportunidade, nada. É que son 414 observacións, que é unha emenda á totalidade da súa política.

Tampouco me dixo vostede por que, analizando os datos que hai no rural galego, opta por unha continuidade crítica. Tampouco me dixo vostede como é posible que nin aspiren a repoñer a poboación agraria neste país. O obxectivo que vostedes poñen é un 2,5 % de incorporación, cando se sabe que máis do 40 % vai xubilarse neste período. ¿Por que? Vostedes xa renuncian a iso.

Señora conselleira, vostede fixo un trámite burocrático, e o que nós propoñemos facer é un proceso de reflexión e de decisión conxunta compartida para que, independentemente de que gobernen vostedes –que non van estar toda a vida no Goberno–, gobernemos nós ou gobernen outros se poida ter un tronco central para que haxa políticas agrarias e forestais. ¿Por que? Porque as políticas forestais son a 15-20 anos, as políticas agrarias, tamén, etc., e vostedes fan un trámite burocrático. O propio documento di: continuidade crítica. ¿Como pode ser continuidade crítica coa situación actual?

¿E como pode ser que se envíe o PDR –por iso digo que non hai nin o mínimo de rigorosidade– sen analizar o impacto do final do sistema de cotas? E non o digo eu tamén, dío a Unión Europea, a Comisión Europea, señora conselleira.

Eu creo que hai que empezar por facer un debate honesto. Un debate honesto significa dicir por que país se aposta, por que rural se aposta e dicir ou chamarlle ás cousas polo seu nome: cando non é un proceso participativo non é un proceso participativo. E é a única vostede, a única, que sostén que en Galicia se fixo un proceso participativo; a única, e, se non, póname outro exemplo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, para pechar o debate, a conselleira de Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Sánchez, vostede di que non; eu digo que si... A verdade é que é difícil chegar a un acordo. Eu pódolle aportar as actas da reunión. ¿Que lle podo dicir? Mire, que nós lanzamos o tema en novembro, cando aínda nin sequera estaba aprobado o regulamento comunitario que dicía como ían ser as reunións dos socios –e diso hai actas de reunión–. E desde aquela data, en novembro, todo o que tiñamos puxémosllo á disposición dos socios, e a partir de aí todos empezamos a traballar; é verdade que uns con máis intensidade que outros, e uns foron quen de aportar alegacións durante todo o proceso e outros non aportaron nada. ¿E eu que quere que lle diga? ¿Tivemos todos pouco tempo? Pois si, porque resulta que este ano foi o primeiro ano onde por codecisión entre o Consello e o Parlamento se retrasou moito a publicación dos regulamentos comunitarios e houbo moi pouquiño tempo para elaborar tanto o Programa de desenvolvemento rural como, por suposto, para facer todas as reunións. Pero, co pouco tempo que houbo, nós puxémolo á disposición de todas... E xa lle dixen todas as alegacións que aportaron diferentes axentes do rural, e pódollas aportar se vostede o considera oportuno. Non sei como demostrarlle que realmente

houbo participación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois non sei como dicilo, porque o que podo aportar son esas actas das reunións, das reunións que houbo con todo o mundo, das aportacións que fixo cada un. A maioría das aportacións que se puideron incorporar incorporáronse, outras xa estaban incorporadas; algunhas non se podían incorporar porque o propio regulamento o impedía.

E, claro, a min o que me gustaría sería falar con seriedade, porque, cando se di: a propia Comisión Europea di que non houbo proceso de participación. ¡Home!, pois iso non é así. Hai unha resposta que se fai a unha pregunta o día 10 de decembro, e o día 10 de decembro di: “*Hemos pedido información para que nos digan si hubo o no hubo participación*”. Aportouse esa documentación e imos ver se di a Comisión que non houbo participación e que non houbo... Claro, é un todo así...

Eu o único que lle podo dicir, señor Sánchez, é que para nós é importantísimo ter un PDR consensuado. Non se pode dicir que porque nos teñan presentado 418 –non 414; 418– observacións se tumba un PDR. As observacións fixéronse a todos os PDR de todos os países membros da Unión Europea. O PDR está en marcha. ¿É un PDR continuísta? É un PDR continuísta na mesma liña que establece o propio regulamento comunitario, porque se vostede le o regulamento comunitario verá que nos di que liñas se poden cambiar, que liñas non se poden cambiar e que porcentaxe de cartos hai que destinar a cada unha das liñas en función da execución e dos resultados que se obtiveran no proceso anterior. Nós analizamos todo, intentamos facer un programa de desenvolvemento rural que lle dea de verdade vigor ao noso rural, porque, lle guste a vostede ou non lle guste –e eu creo que vostede me coñece e sabe que eu tamén valoro o rural–, o que estamos é a traballar en todas as liñas dende todos os ámbitos do Goberno de Galicia para conseguir que teñamos un rural con futuro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Antes de suspender a sesión ata esta tarde, os grupos fixéronme chegar unha declaración institucional á que, se non lles importa, vou dar lectura:

“O 1 de novembro de 2005 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa cuadrexésima segunda sesión plenaria, reafirma que o holocausto que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreron asasinados será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuízos. E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro como o Día Internacional da Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegos e galegas.

A Asemblea Xeral rexeitou –e este Parlamento fai seu tal rexeitamento– toda negación, xa sexa parcial ou total, do holocausto como feito histórico, e condenou sen reservas –condena que tamén este Parlamento fai súa– todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

O Parlamento de Galicia constata coa Asemblea Xeral das Nacións Unidas que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinan actos de barbarie aldraxantes para a conciencia humana.

O Parlamento de Galicia, en fin, un ano máis e, de acordo coa letra e co espírito da Declaración do 1 de novembro de 2005 da cuadrexésima segunda Asemblea Xeral das Nacións Unidas, chama ao Goberno da Xunta a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia e discriminación baseados na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas e aos cidadáns e ás súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o holocausto poida asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2015.”

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás catro e media.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 7 da orde do día, que corresponde con preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e seis deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a sentenza xudicial referida ao proceso selectivo para a cobertura temporal de 12 prazas de persoal laboral para o Grupo de Emerxencias e Salvamento de Mugardos

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Rueda, como supoño que coñece perfectamente, ditouse unha sentenza no Contencioso número 1 de Ferrol, que aínda existe –a pesar da introdución da Lei de taxas do Partido Popular aínda existen estes xulgados–, e que, como supoño que coñece, declara a nulidade do proceso selectivo que se ten emprendido, sobre todo por unha filtración que foi producida directamente por unha persoa que ostenta un cargo de gran responsabilidade no que atinxe ás Emerxencias deste país. Particularmente, foi a persoa que é o xerente do Consorcio Provincial de Salvamento e Emerxencias, o señor José Luis Barca Añón, o que –segundo di o maxistrado– filtrou a membros da Comisión de Avaliación, e despois presuntamente filtraron a membros que se presentaron a esas probas, pois non só as preguntas senón tamén as respostas.

Eu, se quere, léolle literalmente o que di; si vouno ler. Señor Rueda, tranquilícese que lle vai dar algo, tranquilícese. (*Murmurios.*) Teño unha sentenza na man e voulla ler literalmente. ¡Tranquilícese! O que di esta sentenza é que esta persoa enviou un email coas preguntas e coas respostas, e di un tribunal –que non está nomeado por Alternativa Galega de Esquerda– que foron filtradas as preguntas, e conclúe a nulidade deste proceso. Supoño que vostede sabe do que estamos a falar, e supoño que coma a min lle parecerá que isto é gravísimo.

Di exactamente: “Mediante un correo electrónico, enviado na data 5 de xuño do 2013, un dos vogais do tribunal cualificador, don José Luis Barca Añón, remitiu a don Diego Seijo Alonso, secretario suplente de dito tribunal, as preguntas da primeira proba do proceso selectivo”. Segue este parágrafo: “E por un correo electrónico, enviado con data 8 de

xullo do 2013, o citado vogal enviou a don Diego Seijo Alonso as repostas ás referidas preguntas, segundo obra” –di a sentenza– “no folio 53 do expediente administrativo”.

Ben, a sentenza é concluínte, señor Rueda. Vostede coñece esa persoa, e supoño que tamén coñece que recentemente –e xa llo dixen, aínda que non lle gusta que lle falemos das Emerxencias deste país– no prego de licitación do servizo que licitan na provincia da Coruña, efectivamente, esta persoa, casualmente, tamén contrata e crea unha nova figura de coordinador para todos os servizos da provincia da Coruña, que, casualmente, se adxudica a dedo ao irmán do xerente de nada máis e nada menos que do Consorcio, señor Rueda. Chegou a dicir esta persoa que non acontecía nada porque gañaba o mesmo que no posto que desenvolvía, o que sabe vostede que é radicalmente falso; gañaba 21.000 euros ao mes e agora ostentando ese posto de coordinación pasa a gañar 44.000 euros...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

(*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Mire, señora Díaz, neste caso si que me indigno e case me cabreo, porque se vostede se quere cargar o alcalde de Mugardos ou a xente de Esquerda Unida que goberna en Mugardos non utilice o Goberno da Xunta de Galicia. Iso para empezar. (*Aplausos.*) Eu non sei se sabe quen goberna en Mugardos, supoño que aquí a ansia de ir contra unha determinada xente, por certo, facendo de xulgadora como vostede fai sempre: vostede sempre ten os antecedentes, a resolución e a sentenza, vostede sempre dita sentenza. Acaba de facelo agora, como sempre falseando os datos, como sempre lendo a parte do que esgrime aquí que lle interesa e terxiversando, dígollo así “terxiversando”, e como sempre acusando gravemente a unha persoa que non fixo unha cousa, contando unha mentira. É o que fixo aquí, e quero que conste en acta.

Mire, o exame do que estamos falando, quen o convocou foi o Concello de Mugardos, quen votou en contra de que se fixera unha comisión de investigación foi o alcalde de Mugardos, do Bloque, e os concelleiros de Esquerda Unida que o apoian. O PP votou a favor da comisión de investigación e vostedes dixeron que non, resolveron en contra dos recursos que houbo da xente que se consideraba prexudicada pola resolución do tribunal cualificador. E cando se presentou recurso en contra do que dixo o alcalde de Mugardos foi cando sae a sentenza do contencioso-administrativo, que di que hai que repetir os exames. Pero foi o Concello de Mugardos quen fixo todo isto, foi quen dixo desde o primeiro ata o último momento que estaba todo ben feito. Pero é que é así, é que esta pregunta –perdoe que llo diga, e teño dereito a dicilo despois do que vostede dixo de certas persoas– é absolutamente surrealista, pensando como estou convencido de que o que quere vostede é prexudicar o alcalde de Mugardos e a xente que o apoia; non nos utilice a nós.

Imos ler a sentenza. Claro, porque vostede leu a parte que lle interesa e condenou unha persoa da que non di en absoluto nada o tribunal, que non foi chamada a declarar; si que foi chamado a declarar, por certo, o secretario do tribunal, nomeado polo alcalde, pero iso a vostede non lle interesa dicilo. E o que di respecto deste asunto que vostede comenta é que resulta especialmente relevante o posterior correo electrónico que se envía, e di: *“No recuerdo si te he enviado las respuestas que me habías solicitado”*. A un membro do tribunal pídelles que faga unha serie de preguntas e unha serie de respostas, mándaas e a partir do que di a sentenza –léaa, señora Díaz, supoño que non a leu, senón non estaría dicindo estas cousas– é que, claro, a cadea de custodia que hai no tribunal se se puido filtrar ou non desde o tribunal para que unha serie de xente –casualmente do concello de Mugardos– fora seleccionada despois das probas selectivas, iso xa terá que responder o Concello de Mugardos, que é o que di que non pasou absolutamente nada, e o tribunal di que si que pasou.

E vostede vén aquí liala, e ao final a disparar contra a xente da súa propia cor política. Vostede saberá por que, pero a nós non nos lie nesas trifulcas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Mire, señor Rueda, eu parva non son, e o alcalde de Mugardos non ten ningunha responsabilidade neste asunto. Esta é a súa responsabilidade, igual que o que acontece en todas as contratacións do GES deste país. E voulle ler –porque está mentindo, señor Rueda, mentindo– o que di xustamente ese parágrafo da sentenza que vostede omite. E di literalmente: *“Resulta especialmente relevante...”* –di o maxistrado– *“...el posterior correo...”* –voulló ler en castelán para que o entenda– *“...electrónico que de nuevo envía...”*. ¿Sabe quen envía ese correo, señor Rueda? O que di a sentenza é que o envía nada máis e nada menos que “don José Luis Barca Añón”, José Luis Barca Añón. ¿Sabe vostede quen é?, ¿sabe quen é? Envíalle as preguntas e as respostas, señor Rueda.

A pregunta é: ¿por que, señor Rueda? Vólvolle dicir: ¿por que vostede lle consente ao xerente do Consorcio que faga isto, que enchufe o seu irmán, que enchufe directamente o seu irmán, ao módico prezo de 44.000 euros, e vostede, que é o responsable público desta materia, non tome medidas, señor Rueda? Non enlee, señor Rueda. Isto está pasando en todos os GES en todo o país, e sábeo perfectamente, señor Rueda.

¿Quere que lle siga lendo o espectacular da sentenza, os niveis que acadan curiosamente esas persoas no proceso de selección?, ¿sabe que nivel? Por enriba dun 9, señor Rueda. Non nos tome o pelo.

E o Concello de Mugardos aquí non ten ningunha responsabilidade. A responsabilidade é da persoa que, dependendo de vostede como responsable público, filtra –e ten que dicir por que, con que intereses– as preguntas e as respostas.

Díganos, señor Rueda: ¿por que lle consente enchufar o seu irmán ao módico prezo de 44.000 euros?

Díganos tamén, señor Rueda –que nos están vendo os traballadores desta rama–: ¿por que vostede crea esa figura no...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Turno de peche, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Díaz, en galego *despaciño*, para que tamén me entenda, ¡eh!, porque se non tampouco entende. (*Murmurios.*) Di a sentenza –eu voulla traducir–: “Sorprende que o luns 8 de xullo, o secretario do tribunal” –nomeado polo alcalde de Mugar dos, e non teño aquí o alcalde de Mugar dos–... (*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non se poña nerviosa, non se poña nerviosa...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, señora Díaz, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...Eu non teño nada contra o alcalde de Mugar dos; quen vén atacalo aquí é vostede con esta pregunta. Xa digo que sabará por que. Supoño que haberá outros mecanismos no seu partido. “Sorprende que o secretario suplente do tribunal solicitara ao vogal que confeccionou as preguntas que tamén lle enviara as respostas”. Mandou as preguntas porque llo solicitou o secretario do tribunal; non sei se por encargo do alcalde, por encargo dun concelleiro de Esquerda Unida, (*Murmurios.*) por encargo de quen sexa, señora Díaz.

Despois di: non, é que aquí o Concello de Mugar dos non ten absolutamente nada que ver. ¡Home!, convocou as probas, fixo as bases, nomeou o tribunal, (*Murmurios.*) custodiou os exames e ao final por ler a sentenza, que xa digo que estou seguro que vostede non a leu máis que para atacar unha persoa, di: “*Estimar el recurso contencioso-administrativo contra las resoluciones del Concello de Mugar dos*”. É condenar o Concello de Mugar dos, pero, claro, aquí non ten nada que ver o Concello de Mugar dos. Aquí non estamos falando de nada que non sexa unha persoa á que vostede, facendo de xuíz e botándolle –quero que conste en acta– máis cara que un piano, pretende xulgar cando non foi nin chamada a declarar, nin absolutamente nada.

Así funciona vostede, sempre en posesión da verdade, sempre condenando a xente por riba da xustiza e sempre des-

cualificando a xustiza cando non di exactamente o que vostede quere, que é case sempre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor vicepresidente.

Si, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Prégolle ao señor Rueda que retire.. (*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, este debate está pechado. Non, iso non, iso é unha expresión metafórica. Esa expresión non insulta a ninguén, por favor.

Señora Díaz, esa expresión non insulta a ninguén, é unha expresión nosa que forma parte do coloquio de todos. (*Protestas.*) Non, non procede, señora Díaz. Non procede, non procede, señora Díaz. Non ten o uso da palabra.

(*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Díaz, non armemos un follón onde non o hai. (*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Non o hai, non é un asunto que teña maior transcendencia. Vale xa, señora Díaz, acabe, veña.

Seguinte pregunta.

(*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Díaz, terminou o debate. Señora Díaz, non me pida que a chame á orde, por favor.

(*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Chámola á orde, señora Díaz. Ten unha chamada á orde.

Debate pechado.

(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non teño interese en botala. Chameina á orde e non teño interese en botala, e punto.

Debate pechado.

Seguinte pregunta.

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a actuación prevista pola Xunta de Galicia en relación cos desafiuamentos no sector do Parque Ofimático da Coruña

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Despois de que o presidente, *con máis cara que un piano*, aplicase diferente raseiro á hora de retirar expresións do *Diario de Sesións*, procedo á pregunta. ¡É unha metáfora, señor presidente!

A urbanización do Parque Ofimático condensa de xeito paradigmático un modelo urbanístico presidido pola súa insostibilidade, con sucesivos cambios de ordenación carentes de interese público, tendentes a beneficiar a determinados promotores, as súas ilegalidades, con sentenzas xudiciais pendentes de execución, a súa litixiosidade, e, ao cabo, un grave impacto social para un colectivo de persoas afectadas.

Unha urbanización é un sistema de xestión que converte en promotores forzosos, cun elevado custo de repercusión, a residentes que non tiñan vontade de tal, conducidos ao fatal destino de veren demolidas as súas propias vivendas e residencias no seu espazo vital a cambio –cun elevado custo económico– dunhas parcelas de resultado destinadas a estériles soares na actual conxuntura económica, nunha cidade onde hai 20.000 vivendas baleiras e onde non hai outra política de vivenda que a de favorecer a promoción privada.

Os despexos solicitados polo Concello da Coruña neste sector non son senón o resultado dunha política do solo e da vivenda carente de interese público, inxusta e que beneficia o negocio de determinados actores. No canto de proceder a unha reordenación e reaxuste do sector, o Concello da Coruña,

en beneficio do interese público das demandas da cidadanía, decide promover e aprobar senllas modificacións do Plan parcial, que benefician a determinados promotores, entre eles á Xunta de Galicia, se cadra, para vender despois parcelas a grandes superficies, para aumentar o seu valor. Modifícase incluso para rebaixar a porcentaxe de reserva para vivenda protexida, ata un 8 %, pero, en cambio, non se modifica para evitar que se bote á rúa ás persoas, ás familias que se demoran nas casas. Como, por exemplo, Álvaro e Isabel, veciños de Elviña desaloxados pola forza con catorce furgóns policiais hai dous meses, que tiveron que ver como se derrubaba a vivenda onde viviron toda a vida e onde naceron. Pola forza, desaloxados nunha cidade que –repito– ten 20.000 vivendas baleiras.

A Xunta, señora conselleira, non pode manterse á marxe, non só polo feito de que é o maior propietario do sector, con algo máis do 50 %, senón polo feito de que foi a propia Xunta, a través de Xestur, a promotora do sector, tanto na súa planificación como na súa xestión. Son razóns de interese público que motivan a necesidade de proceder a unha modificación puntual do planeamento para garantir que non se desaloxen máis vivendas, que non se demolan máis vivendas, que non se bote á rúa a máis xente sobre a que pende esta ameaza.

O que nós pedimos e que lle preguntamos se vai realizar é algo que é posible, hai solución para desenvolver o Parque Ofimático sen ter que botar a xente á rúa, hai alternativas tecnicamente viables, xa se modificou este Plan parcial para beneficiar a determinados promotores: ¿ten a Xunta pensado instar o Concello da Coruña de buscar unha solución para que estas persoas poidan seguir vivindo nas súas vivendas habituais, señora conselleira? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Sánchez, pola súa exposición parece que este Goberno da Xunta e tamén o actual Goberno da Coruña son os

responsables da situación do Parque Ofimático, pero o certo é que a realidade é totalmente distinta. E, dende logo, a Alternativa Galega de Esquerda non é o primeiro que se preocupa por esta situación, xa que o actual Goberno da Xunta e, por suposto, o Concello da Coruña están a ofrecer solucións aos afectados por unha situación que non foi creada por nós.

As circunstancias actuais responden a unha situación herdada e aos proxectos aprobados por un Goberno no Concello da Coruña: o Goberno bipartito da Coruña. Estamos ante un proceso que se fixo mal dende o principio. A propia xustiza anulou a licitación dun contrato, o contrato asinado polo anterior Goberno municipal, por considerar incorrecta a licitación conxunta do plan de urbanización e o aparcadoiro subterráneo. E o actual Executivo tivo que facer fronte a unha desastrosa situación que foi creada por un Goberno do PSOE e do BNG. E a realidade é que o actual Goberno municipal está a reconducir esta situación, que está a afectar a diferentes implicados.

Eu se non sei se sabe que na Xunta bipartita, estando en funcións nesa época, Xestur vendeu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) parcelas do Ofimático cando existían fundamentos xurídicos suficientes de que se deberían reverter esas parcelas. Dende logo, un auténtico disparate dende o punto de vista xurídico e unha auténtica temeridade dende o punto de vista xurídico. (*Murmurios.*)

E tamén nese ano 2009 o Concello da Coruña aprobou o proxecto de equidistribución do Ofimático, no que non se prevía ningunha medida de realoxamento, non se prevía ningunha medida. Non sei se vostede o sabía.

E non sei se sabía tamén que o Goberno municipal bipartito atrasou durante anos o plan de urbanización e de parcelación por non sentarse co Adif. E isto, ¿que provocou? Pois tamén atraso na inscrición das parcelas. ¿E isto que provocou á súa vez? Pois un custo adicional ao Concello da Coruña, nas arcas municipais, de 4,3 millóns de euros e tamén un custo adicional de 3 millóns de euros ás cooperativistas.

O que está claro é que isto non é algo de agora, é algo que vén moi moi de lonxe, pola irresponsabilidade e despreocupación dun Goberno no que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista eran socios.

Iso, dende logo, é así. Nós non somos os causantes desta situación pero estamos a traballar co Concello da Coruña, actuando coa máxima responsabilidade, e dende a Xunta de Galicia, que temos participación en parte dos terreos, apostando pola vivenda protexida no Parque Ofimático. Porque nos terreos que son propiedade do IGVS iremos facer e faremos vivendas protexidas: 1.136 vivendas protexidas, 24 xa a construír...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira. Grazas.

(*Aplausos.*)

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, equívocase de adversario político. Non lle vou entrar nese xogo, porque aquí non estamos nun xogo de teatro onde vostede pode derrotarme a min ou eu a vostede dialecticamente. Iso é o de menos.

Eu estou aquí para buscar solucións para esas persoas, ás que lle pido resposta. E vostede vénme falar de responsabilidades políticas do bipartito, na Xunta do bipartito a nivel local. Xa lle digo: Alternativa Galega de Esquerda non esquiva ese debate, non lle temos medo a ese debate. Ben, dito iso, falemos das solucións —que vostede non falou— para as persoas. De responsabilidades políticas, imos falar do bipartito, pero tamén do Partido Popular, que goberna dende o 2011. E dende o 2011 vostedes fixeron modificacións puntuais destinadas a beneficiar a Adif, a Xestur, pero néganse a facer unha modificación puntual para que cinco vivendas queden en pé e as persoas poidan seguir vivindo alí. É posible tecnicamente.

Eu o que lle pregunto é: ¿por que vostedes non teñen a vontade política de facelo? Porque vostedes buscan solucións sempre que se trate de manter o beneficio empresarial, o beneficio da Xunta de Galicia, pero non buscan solucións para as persoas que teñen as súas vidas e que é moi importante para eles poder seguir na súa vivenda e non ir á rúa, e aínda encima endebedados.

Despois de ver pola mañá como trataron o asunto dos enfermos da hepatite C, non me estraña que para vostedes que

haxa xente que quede na rúa e que sufra non sexa un factor a ter en conta no urbanismo que desenvolven. ¿Por que habendo posibilidades técnicas de que esas cinco vivendas queden en pé e as familias vivindo aí vostedes se negan a buscar esas solucións?

E despois, se quere, eu comprométome a exixir todas as responsabilidades políticas, como se quere que fagamos unha comisión de investigación dos últimos vinte anos no Parque Ofimático. Non lle temos medo a iso, a responsabilidade é de todos, tamén do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu, dende logo, teño que reiterar que as obras de urbanización foron adxudicadas polo anterior Goberno bipartito no ano 2011 en plena campaña electoral, en plena xornada de reflexión, sen ningunha medida de indemnización para poder ocupar os terreos.

Dende logo, o Concello da Coruña tivo que encarrilar esta situación, indemnizando os afectados e resolvendo realoxamentos. Xuntáronse cos afectados ofrecéndolles vivendas municipais, adoptando medidas para que os afectados por desaloxamentos puideran estar o máximo tempo posible nas súas vivendas.

Porque teño que repetir que o que é unha realidade é que no proxecto de equidistribución –xa lle digo– non había ningunha medida de realoxamento, non se pensaba naquel momento nun aspecto esencial como este tema do realoxamento dos afectados. E a modificación puntual que di vostede, á parte de dar cumprimento a unha sentenza, a modificación puntual aprobada recentemente xa definitivamente, incrementa en 50 o número de vivendas protexidas. Polo tanto, incrementa o número de vivendas protexidas. *(Murmurios.)*

E non botamos a culpa. Dende logo, estamos dando as solucións a un problema que temos herdado, gústelle ou non. E gústelle ou non, segue a influír a herdanza do bipartito, por suposto, agora no Instituto da Vivenda e Solo, non

só no Ofimático, claro que si. A Xunta despois de seis anos dende que gobernou o bipartito estamos a pagar este ano 2015 uns 40 millóns de euros pola débeda xerada no ano 2008.

E repítolle que o obxectivo da Xunta de Galicia é a vivenda protexida, 1.136 vivendas protexidas nos terreos do Ofimático que se van executar.

E asegúrolle que a maior preocupación claro que é unha vivenda digna aos cidadáns galegos e aos que máis o precisan. Así o viñemos facendo a pesar das restricións orzamentarias e da situación herdada no Instituto. E a senda de garantir unha vivenda protexida será a senda a seguir para o futuro. *(Murmurios.)*

E dende logo que o Consello da Xunta aprobará un Plan de vivenda 2015-2020, no que, por suposto, que será prioritario e esencial facilitar un acceso ao fogar para aquelas persoas que máis o necesitan. Neste cometido centraremos as actuacións, neste cometido, dende logo, poñeremos todo o empeño e neste cometido por suposto que priorizaremos os investimentos do Plan de vivenda que aprobaremos nos próximos días. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Modificación da orde do día

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Cónstalle a esta Presidencia, a través do escrito que lle fixeron chegar, a retirada da pregunta que figuraba en terceiro lugar. Pasamos, polo tanto, á pregunta que figuraba en cuarto lugar.

Pregunta de D. Manuel Vázquez Fernández e tres deputadas máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número de doentes galegos que están a recibir os novos tratamentos contra a hepatitis C

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Boas tardes, señora conselleira, señorías, señores pacientes que están con hepatitis C acompañándonos.

Conselleira, cando tes moita actividade parlamentaria ao longo de moitos anos, hoxe é un día dos que che acordan. E a cara dos deputados do Partido Popular desta mañá, votando en contra do tratamento para os pacientes con hepatite C, a min vaime acordar moito tempo. E creo que moitos de vostedes aínda non teñen o corpo ben agora polo que fixeron esta mañá.

Conselleira, máis que preguntar eu quérolle compartir unha reflexión. Temos un problema tremendo en Galicia, teno a conselleira, teno a consellería, pero teñen máis de 30.000 pacientes diagnosticados de hepatite C, que, sorprendidos, ven como se pasa a pelota dun lado para outro, pero non somos quen de darlle unha solución a ese problema.

Conselleira, díxenllo xa cando hai meses lle preguntei polo mesmo, pero eu veño hoxe pedirlle, en nome da dignidade do Parlamento galego, da dignidade de todos os parlamentarios, que unamos esforzos para ver se somos quen de resolverlles o problema a estes miles de mulleres e de homes que o están pasando fatal. Vostede ten que asumir comigo –porque le a prensa, porque ve os telediaris– que hai un gran desconcerto, unha gran desconfianza e, esta mañá comprobamos todos, unha gran crispación. Á mañá dixo alguén aí arriba: “Logo, xa só nos queda morrer”. Non é certo, e vostede sabe que non e eu tamén, pero non vale de nada que o saibamos vostede e eu se non o saben eles.

Conselleira, é difícil resumir en tres minutos todo o que tería que dicirlle, pero teñen que poñer orde nisto. Vostede ten que pilotar un proceso que lles dea a todos os doentes galegos seguridade e confianza e que lles marque un itinerario, que saiba cada un deles como está, que vai pasar e que lle vai pasar. Non é soamente dicir: *los vamos a tratar a todos*. Iso non é crible porque vostede sabe que non os dan tratado a todos. Pero se vostede ordena, como fai Cataluña, os F4, os F3, os F2, pois algún poderá esperar sabendo que hai que darlles tempo para eles.

Conselleira, en tan pouco tempo fágolle unhas preguntas, non para que mas conteste a min, senón para que bote luz sobre o que está pasando:

Primeira, ¿cantos pacientes temos diagnosticados de hepatite C en Galicia?

Segunda, ¿cantos pacientes temos diagnosticados de hepatite C e sabemos en que fase están?

Terceira, ¿cantos temos en F3 e F4?

Cuarta, ¿cantos foron remitidos polos seus hepatólogos á Comisión de Seguimento de Especialistas do Sergas de Hepatite C?

Quinta, ¿cantas propostas de tratamento fixo a Comisión para administrarlles o tratamento?

E, por último, ¿cantos pacientes foron tratados con sofosbuvir ou simeprevir ao longo destes tres meses que está en vigor?

Conselleira, de verdade que non é unha pregunta a pillar...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez, están feitas as preguntas.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...–remato– non é unha pregunta a pillar, é unha pregunta que vostede ten que axudar-lles aos doentes e ten que axudarlle a este país a dicirlles que sabemos o que estamos... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

(*Aplausos.*)

Resposta da conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

Si, é a terceira vez que veño contestar esta cuestión a esta Cámara. Estou encantada de vir e intentar clarexar a situación que temos, que non é unha situación única en Galicia, nin moitísimo menos, nin sequera é unha situación única en España.

Saúdo tamén os pacientes que están arriba.

Mire, como non é unha situación única en Galicia nin unha situación única en España, eu creo que hai que buscar solu-

cións e hai que buscar solucións consensuadas. No último Consello Interterritorial tomáronse por unanimidade –eu estaba alí– de todas as comunidades autónomas varias conclusións, varios criterios:

Un, dar o tratamento a todos os pacientes que o necesitaran segundo os criterios elaborados por unha comisión de expertos dirixida pola Axencia Española do Medicamento. Estes criterios están colgados na páxina web da Axencia Española do Medicamento e estes son os criterios que se están a cumprir en Galicia. Estes criterios modifícanse periodicamente. De feito, o Ministerio acaba de dicir que probablemente este venres se colguen uns novos criterios na páxina web da Axencia Española do Medicamento. Desde ese momento pódolle asegurar que se cumprirán tamén en Galicia. Pero tamén é verdade que hai que facelo de maneira ordenada –e vostede tamén o acaba de dicir–, non se pode facer doutra maneira.

A segunda conclusión á que chegamos no Consello Interterritorial, –repito– por unanimidade do Ministerio de Sanidade e das dezasete comunidades autónomas, é que se fixera un plan estratéxico para a prevención, o tratamento da hepatitis C en España. Non parece moi normal que haxa dezasete plans estratéxicos, o normal é ter un plan estratéxico para todo o Servizo Nacional de Saúde. Creo, pola información que temos, que está a punto de rematar a comisión que está a traballar no plan estratéxico, e aí é onde se teñen que definir medidas de prevención e medidas de tratamento homoxéneas para todo o Servizo Nacional de Saúde, e, por suposto, de obrigado cumprimento –penso eu–, e tamén se ten que falar, indubidablemente, do financiamento.

Por último, dicir que nesta comunidade autónoma, na Comunidade Aautónoma de Galicia, se están seguindo eses protocolos. Hai unha comisión de expertos que está a revisar un a un todos os casos prescritos polos especialistas, polos especialistas en dixestivo, e, de maneira anonimizada, avalían un a un todos os casos que lle chegan, e conclúen os tratamentos que se están a poñer. Porque –repito– creo que é fundamental, como noutros procesos. Isto non é único da hepatitis C, hai, por poñerlle un exemplo, a hormona do crecemento, onde tamén hai unha comisión de expertos que avalía caso a caso de maneira anonimizada, e nalgúns tratamentos oncolóxicos tamén se fai así.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): E isto é o que se está a facer nesta comunidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora conselleira, esta mañá comprobamos aquí que os enfermos da hepatitis C galegos non cren na consellería, pero escoite: é que non vale encoller os ombros. É que se non cren, temos un problema, conselleira, e teremos que facer que crean. Eu voulle dar un dato. Vostede non quere falar de cifras, eu non lle pido nomes, pídolle cifras e pregúntolle. Pero se vostede non quere dar as cifras, seguro que as dará agora, voulle dar unha cifra que a vai sorprender: ¿vostede sabe que no CHUAC, na Coruña, hai 70 doentes aos que a comisión lles recomendou tratamento, e seguen alí e non lles dan tratamento? Pregunto. Isto era onte.

Conselleira, hai un problema para chegar á comisión, hai un problema para informar á comisión, hai un problema despois de que informa a comisión con cada farmacia hospitalaria. Temos moitos problemas, e non vale, conselleira, dicirlle á xente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, non, eu o que lle pido, e pídlolle desde a colaboración de alguén que tivo responsabilidades.

Nós, e vostede, e o Partido Popular, e todos os partidos, estou seguro de que queremos que isto se arregle, pero vostede di: hai que poñer en orde. Non podemos deixar que 30.000 persoas vivan cada mañá e se levanten dicindo: ¿que vai pasar hoxe?, ¿teño un amigo para que me meta aquí?, ¿podo falar con alguén?, ¿entende? Pero ese é un caldo de cultivo para axitar contra o creto do Goberno e da Consellería.

Eu pregúntolle e diga cifras. Se todos sabemos, pois si, van á comisión 20 á semana, 30 á semana. E dígolle unha cousa: os membros da comisión son uns moi bos profesionais, pero non se poden usar de parapeto para estar escondido no que diga a comisión. O que din os estudos científicos, dígollo eu, non fai falta ningunha comisión: o 90 % dos pacientes que se tratan, curan. Si, o 90 % dos pacientes que se tratan, curan. E todo o demais, conselleira, é moi difícil de explicar.

Polo tanto, eu pídolle, e ofrézolle a colaboración deste partido para cando queira, axudemos eses pacientes a saberen un itinerario de seguridade e de esperanza. Ao final, ve –e remato, de verdade– o que fixo Cataluña –Cataluña, jeh!, especialista en apertar– sanitariamente: abre desde o 23 de xaneiro a F3 e a F4...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ¿Que está facendo o Ministerio?...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señor Vázquez. Señor Vázquez, debate pechado.

Peché do debate, señora conselleira de Sanidade.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa está, señor Vázquez, terminou. ¡Está entendida a pregunta! *(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa, e eu tamén a vostede, pero está entendida. ¡Non!, cale, cale, porque é o turno, é o Regulamento. Xa lle dei un tempo porque o tema o merece. *(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non pode. Non está no uso da palabra. Non está no uso da palabra.

Señor Vázquez, ¡por favor! ¡Señor Vázquez, xa está o tema pechado! Señor Vázquez, ¡por favor! Entendémolo todos.

(O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

E a pregunta está... Creo que o debate é interesante para todos, pero un pouco de respecto aos tempos, señor Vázquez, que vostede pasou por estas.

Señora conselleira, o seu turno.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Señor Vázquez, é verdade que é un problema moi serio e que temos que tratar. Vostede pedíame datos. E desde que empezou a funcionar a comisión no ano 2012, que foi cando se puxeron en marcha os primeiros fármacos, ata o 6 de febreiro deste ano 2015 téñense avaliadas 917 solicitudes de medicamentos da hepatitis C, resultando aceptadas 883, as 30 restantes non cumprían criterios.

Se estamos a falar dos últimos fármacos, desde que se introduciron, porque, evidentemente, antes da súa introdución non se poden prescribir, avaliáronse 279 solicitudes. Destas 279 foron aprobadas 259, é dicir, o 92,8 %; as outras 20 non cumprían criterios técnicos.

Neste momento hai 68 pendentes de informe; destas, 66 recibíronse na última semana, e só 2 se recibiron a finais do ano 2014, e solicitáronse aos médicos prescrites probas adicionais.

Polo tanto, penso que a comisión está cumprindo o seu labor dunha maneira moi áxil. E eu creo que hai que respectar os médicos, os especialistas que forman parte desta comisión, porque é unha garantía de equidade para todos os pacientes galegos. E hai que ter unha garantía de protexelos, e digo protexelos desde a propia consellería, o Servizo Galego de Saúde, para evitar que teñan presións externas. E sabemos ben do que estamos a falar.

Polo tanto, eu pido, unha vez máis, respecto para estes profesionais. Evidentemente que se están a revisar, e evidentemente que a estratexia do Ministerio, non diría do Ministerio, do Servizo Nacional de Saúde, ten que marcarnos as pautas para o tratamento destes pacientes, de maneira regulada, de maneira homoxénea e de maneira equitativa, en todo o Servizo Nacional de Saúde. Creo que é moi mala política o que cada Comunidade Autónoma vaia por libre, e sobre todo nun tema tan delicado como este... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Claro, creo que temos que ser moi sensatos e temos que ser...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...moi cautos nas decisións que tomamos. E que estas decisións teñen que ser decisións clínicas, decisións técnicas e

decisións tomadas de maneira consensuada –repito– en todo o Sistema nacional de saúde. Só así podemos garantirlles a todos os pacientes que o precisen os fármacos que necesiten. Este é o compromiso da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Pode ter vostede a enteira seguridade de que estamos a traballar.

E, desde logo, o que non nos parece razoable é utilizar politicamente estes pacientes, non me parece razoable. E non digo, señor Vázquez, que vostede o estea facendo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate xa, remate xa, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...pero, realmente, creo que debemos ser moi sensatos neste tema.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento da Lei de inclusión social de Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados; boa tarde, señora conselleira.

Dende onte sabemos que ao Partido Popular non lle gusta a palabra “pobreza”, pero, desgraciadamente, a pobreza existe e crece. Pero imos falar desa fenda que existe entre os papeis que falan de pobreza e as persoas que sofren todos os días a pobreza.

Mire, vostede coñecía, pero teño aquí recentemente impresa o que é a Lei de inclusión social de Galicia, onde se reco-

llen diferentes dereitos das persoas que están en situación de exclusión social. Lei que, como vostede moi ben sabe, foi aprobada en solitario polo Partido Popular, e dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego consideramos que era unha lei cativa. Pois aínda así, mire vostede, que non se cumpre. Mire vostede, señora conselleira, que no día de hoxe seguimos agardando polas seguintes cuestións:

¿Cando pensa desenvolvela?, ¿cando pensan estar os decretos que dan lugar aos diferentes tramos, tanto de inserción, que está sen desenvolver, como ao tramo de transición ao emprego, señora conselleira?, ¿cando van estar os decretos?, ¿cando se van cumprir os prazos de tramitación das solicitudes da Risga? Seguimos en oito e nove meses; afirmado neste Parlamento polas representantes do Colexio de Traballadores e Traballadoras Sociais de Galicia na última Comisión de Igualdade, señora conselleira.

¿Cando vai explicar por que a través desta lei seguimos agardando que se cumpra, por exemplo, que sexa recollido coa percepción da renda e sexa concedida por silencio administrativo? Aprobado no Parlamento.

Señora conselleira, esta lei recolle no seu artigo 41 que existirá unha tramitación abreviada cando sexa solicitada polas mulleres que sofren violencia de xénero. Non está desenvolvido e non se está cumprindo. Tiñamos dúbidas despois de que fomos localizando, efectivamente, situacións nas que non se estaba a cumprir. Preguntadas explicitamente na Comisión de Igualdade a respecto do cumprimento deste artigo, as persoas que representaban o Colexio de Traballadores e Traballadoras Sociais de Galicia afirmaron taxativamente, e así foi recollido na prensa –seguro que vostede ten coñecemento desa situación–, que non se cumpría o trámite abreviado para as mulleres que sofren violencia de xénero.

Atrasos na tramitación, seguimos en oito e nove meses. Os decretos sen desenvolver, sete meses de atraso neste momento. E o trámite abreviado non se está cumprindo. ¿Por que non se desenvolve a Lei de inclusión social de Galicia? ¿Por que a Risga segue a ter unha demora de máis de seis meses, chegando, nalgúns casos –e así está documentado– a nove meses?

Agardamos unha resposta concreta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Resposta da conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señoría, a verdade é que para non aprobar unha lei ben que reclama o seu cumprimento, e digo eu que algo terá que lle pode gustar. Efectivamente –como dicía vostede–, foi unha lei feita por este Goberno, unha lei pioneira, e máis que unha lei pioneira ademais é unha lei que foi elaborada co consenso e elaborada co traballo dos axentes sociais. Polo tanto, é unha lei moi demandada e que está a ser un reflexo no resto das comunidades autónomas, e unha lei que outra cousa non quere dar máis que cobertura ás persoas máis vulnerables, posto que elas son para este Goberno as persoas prioritarias.

Evidentemente, isto, máis alá de darlle unha cobertura legal, témolo que reflectir onde os gobernos que temos a competencia para facelo o temos que facer, que é nos nosos presupostos. E do que vostede moi ben non fala é, evidentemente, do incremento que fixo este Goberno ao longo dos anos na partida vencellada directamente ás persoas máis vulnerables, é dicir, ás persoas que precisan da renda de integración social.

Sabe vostede moi ben que no ano 2009, porque foron uns presupostos elaborados pola súa formación política, eran 21 millóns de euros os dedicados á renda de integración social na nosa comunidade, e no ano 2015 –tamén sabe vostede moi ben, estou convencida– son 47,7 millóns de euros os destinados.

Evidentemente, isto é para darlles cobertura a todas aquelas persoas que non só o precisan, senón que ademais teñen o dereito. Nós facémolo porque temos a obriga moral e porque cremos firmemente niso. É dicir, cremos que temos que poñer á disposición destas persoas todo o financiamento que sexa necesario para atender a renda de integración social.

Incrementou –como sabe vostede moi ben, e non o digo con orgullo, evidentemente– o número de solicitudes da renda de integración social ao longo destes últimos anos. De feito, a media é dun 22 % de crecemento anual do número de solicitudes. Se ben é certo é que se no ano 2013 eran 7.700 as

solicitudes, no ano 2014 foron 6.500, o cal, evidentemente, é un dato esperanzador.

E a lei, señora Adán, non está paralizada, por moito que vostede queira, non só polo feito de que, evidentemente, estamos dando resposta ás persoas que así o precisan dándolles a renda de integración social, senón que tamén unha boa mostra disto é que xa hai contías que se incrementaron respecto da norma anterior. E pónolle un exemplo: os complementos por convivente subiron un 15 % na media para unha familia de catro membros. Do mesmo xeito, hai perceptores da Risga que xa están recibindo un novo complemento por aluguer, que evidentemente, está contemplado na nova lei, e isto é posible porque a lei estase aplicando.

E como sabe vostede moi ben, eses tramos aos que vostede apela dependen directamente dun decreto, dun decreto que xa está redactado, pero que, evidentemente, por lóxica e por coherencia, tiña que ir da man da Estratexia da inclusión social de Galicia, estratexia que foi presentada o pasado mes de decembro.

Isto facémolo non só por lóxica...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): ...senón para evitar contradicións.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, nós estamos moi acostumadas e acostumbrados a debater con muros sobre o dique flotante, sobre moitos aspectos, pero sobre o tema da Risga é que eu non acepto estar debatendo constantemente cun muro como é vostede. Non o acepto porque seguiremos traendo ao Parlamento en todos e cada un dos plenos e comisións o que faga falta sobre este tema.

Señora conselleira, ¿cúmprese ou non se cumpre a lei? Non. E non porque teña obriga moral, ten unha obriga lexislativa, está publicada esta lei. Esta lei reconece dereitos ás persoas que menos teñen, que non son vulnerables, son pobres, pobres, aínda que non lles guste a palabra, aínda que a queiran eliminar do dicionario, esas persoas non teñen recursos. Píden a Risga e tardan nove meses cando a conseguen, porque no último informe co que nos atopamos é que a un 41 % das persoas que solicitan a Risga lles é denegada, non lles dan a Risga, pois porque teñen internet, porque exerceron algún tipo de traballo, pero mínimo, dunha ou dúas horas, porque exercen a prostitución, porque son inmigrantes sen papeis, entón non teñen a Risga. Señora conselleira, ¿é certo ou non que hai nove meses de demora? ¿É certo ou non que as mulleres vítimas de violencia de xénero, como vén de ser denunciado neste Parlamento, non teñen unha tramitación exprés como a lei demanda e como é o xusto, non moral, o xusto, segundo recolle a lexislación?

Señora conselleira, por moito que lle pese traeremos o tema ata que se cumpra esta cativa lei, que non é espello para nada; esta cativa lei que non garante a vida en dignidade das persoas, pero alivia algo.

Os concellos axilizaron todos os trámites segundo nos informan, mais vostedes seguen sen cumprir o que aquí votamos todos, de que se cumpran os prazos que pon a lei, e se non que se resolvan por silencio administrativo.

Veñen de denunciar moitos colectivos que por moito que reclaman ese expediente administrativo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...non se está cumprindo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Pois alégrome ben, señora Adán, que traia este tema

ao Parlamento as veces que faga falta porque, evidentemente, o que fai este Goberno é dar resposta non no Parlamento, senón nas rúas, ás necesidades que teñen esas persoas.

E xa para informala: non é certo, señora Adán, que se estean a esperar agora nove meses. Fixemos un pulo moi importante, non só no financiamento, senón tamén nas persoas dedicadas a tramitar a renda de integración social, para dicirlle que, por exemplo, nas provincias de Lugo e de Ourense agora mesmo non hai lista de espera porque se está a dar resposta xa ás solicitudes do mes de xaneiro, e para dicirlle, evidentemente, que na Coruña e na provincia de Pontevedra estamos a facer todos as melloras posibles, non só de financiamento senón tamén de recursos, para acurtar esa media, que agora está arredor de catro meses de espera, e dar resposta a todas as persoas o máis áxil posible.

En ningún momento foron esta conselleira nin este Goberno os que negan a crise nin as súas consecuencias nin, por suposto, as dificultades que están a pasar moitos galegos, señora Adán.

E xa que vostede quere falar de pobreza, o que non podemos obviar, aínda que sabemos e coñecemos o mal que o están a pasar moitos galegos, é un informe que sae hoxe publicado de APN España, que sitúa a Galicia como unha das comunidades autónomas na que a crise tivo menos impacto na súa poboación. É máis, Galicia está por debaixo da media española en todos os indicadores analizados no informe. Somos a comunidade na que máis se reduciu a poboación en risco de pobreza entre o ano 2009 e 2013, é dicir, no ano 2013 hai menos persoas agora en situación de pobreza que no ano 2009. Sei que cando as enquisas dalgunha maneira poden amosar un dato positivo para Galicia, como é o Goberno actual, o que está, esas enquisas non valen; só valen as enquisas que amosan datos negativos, só a oposición utiliza enquisas que amosan datos negativos.

Miren, o máis importante para min non é falar de 1, 2, 3... 10.000, as persoas que sexan, que neste momento están en risco de pobreza, o máis importante para min é que este Goberno lles estea dando resposta. E dáa co cumprimento fehaciente dunha lei que foi aprobada pioneiramente por este Goberno, aprobada efectivamente por este Partido Popular única e exclusivamente, a formación popular que está neste Parlamento, pero que conta co apoio e a elaboración dos

axentes sociais, que foron os que a demandaron e os que realmente axudaron a contribuír para esta lexislación, que dá prioridade ao emprego. E non só o facemos na lexislación, non só o facemos dando as axudas da renda de integración social; sabe vostede moi ben que foi este Goberno o primeiro que puxo unha orde á disposición da axuda á contratación das persoas da renda de integración social, que no ano 2014 foron 5 millóns de euros os destinados para que 600 persoas beneficiarias da renda de integración social tiveran polo menos a oportunidade de ter un traballo longo de sete meses, e que este ano dobramos o noso esforzo para que con 10 millóns de euros sexan preto de máis de mil persoas, 1.200 persoas, as que teñan a oportunidade laboral.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): A lei cúmprese e, evidentemente, as...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(Aplausos.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar o peche do centro especial de emprego para persoas con discapacidade de Aspanas Termal de Ourense

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Adán para formular a súa pregunta.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: De novo, conselleira.

Pero esta pregunta non lla formula o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pois están aquí os traballadores e as traballadoras de Aspanas Termal, están aquí dentro no Parlamento e tamén están ás portas, porque non podían entrar todas e todos, e nós hoxe queremos traer dúas preguntas claras que formulan estes traballadores e traballadoras.

Sei que vostede coñece este centro especial de emprego de Ourense; aquí hai deputadas e deputados de Ourense, incluso un candidato de Ourense. Sabe vostede que este centro é de utilidade pública polo seu carácter de imprescindible

socialmente, porque as persoas que traballan neste centro non poderían atopar seguramente un traballo noutro tipo de empresa. Porque é fundamental para estas persoas todos os días iren traballar a este centro, porque fai un labor, efectivamente, imprescindible socialmente. Traio aquí un bolso que seguramente vostede coñece, pero é un dos moitos que realizan, que está catalogado como artesanía de Galiza, que fan con interese, con empeño todos os días.

Vostede sabe que esta é unha situación moi complicada e vostede hoxe ten que responderlles a dúas cuestións fundamentais:

¿Vai vostede, vai o Goberno galego deixar que este centro entre en concurso de acredores ou vai poñer os medios para que non o faga, traballando conxuntamente co comité de empresa, cos traballadores e traballadoras para buscar unha solución? Este centro, que ata hai tres meses estaba nunha situación de viabilidade, necesita máis ou menos unha cantidade entre 300.000 e 400.000 euros. ¿Lembra vostede un contrato con Enrique Iglesias? Para nada imprescindible socialmente dende a miña óptica, e permítame que faga esta comparación porque nos sitúa no lugar de se hai ou non hai orzamento. Non é unha cuestión meramente publicitaria, aquí xa non hai medios de comunicación, señora conselleira. Estamos falando se o Goberno galego pode rescatar un videoclip de Enrique Iglesias, ¿pode o Goberno galego ter 300.000, 400.000 euros, o que neste momento faga falta, e a vontade política e administrativa para salvar este centro especial de emprego, para buscar esa vía de solución?

Eu hoxe demándolle que vostede aquí no nome do Goberno galego se comprometa cos traballadores e as traballadoras a buscar unha forma para que non entre en concurso de acredores, e estas máis de setenta persoas, mañá, pasado e o mes que vén, teñan un espazo onde ir traballar con dignidade.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Grazas, presidenta.

Señorías, señora Adán, sabe vostede moi ben e, efectivamente, dio na súa intervención que coñezo perfectamente a situación na que se atopa esta entidade Aspanas Termal. E sabe vostede tamén moi ben que o contacto e a colaboración que temos dende a Consellería de Traballo con esa entidade e cos traballadores, cos representantes do padroado, é —eu diría— diaria, se non é por visitas, é por chamadas telefónicas, é absolutamente diaria. Pero non estou aquí para dar resposta a cales son as conversas que mantemos dende a Consellería cos traballadores e cos representantes do padroado, senón para xustificar cal foi a nosa xestión para axudar ao longo de todos estes anos a que a esta entidade, evidentemente, sobrevivira e, sobre todo, todo o que fixemos nos últimos meses.

Coñece vostede moi ben que é un centro de referencia como dicía vostede en Ourense, pero é que ademais ten unha cualificación na que está declarado de utilidade pública, o cal significa que Aspanas Termal, dalgún xeito, está consagrado en exclusiva a integrar sociolaboralmente as persoas con discapacidade. Tendo en conta isto non lle sorprenderá que dende esta consellería, non de agora, de sempre, colaboráramos estreitamente con esta entidade; unha colaboración que, se cabe, se intensifica nestes últimos meses.

Aspanas Termal sabe vostede moi ben que é un centro especial de emprego, e como centro especial de emprego desenvolve unha actividade económica e empresarial, é dicir, ten que ter unha xestión empresarial que debe garantir a supervivencia do mesmo. Non estou dicindo que teñan un ánimo lucrativo, nin moitísimo menos, pero si que é verdade que é unha xestión privada de todos os centros especiais como Aspanas e, evidentemente, debe garantir tamén a súa sostibilidade financeira.

Para garantir esta sostibilidade financeira a Administración está, está porque é a nosa obriga, é dicir, contribuímos —como vostede sabe ben— co financiamento do 50 % das nóminas dos traballadores con discapacidade. Con distintas cifras económicas ao longo destes anos, dende o ano 2009, onde, por exemplo, recibiron 19.000 euros; pasando ao ano 2010, onde recibiron 153.000 euros; no ano 2011, 465.000 euros; no ano 2013, 329.000 euros; neste ano 2014, neste pasado ano, 254.000 euros. Só para coberturas do 50 % das nóminas. Ademais, a isto hai que engadirlle que nos anos 2011, 2012 e 2013, en concepto de equilibrio orzamentario

que precisaba a entidade, esta consellería tamén dedicou un total entre estes tres anos de 430.000 euros, precisamente para axudar ao equilibrio orzamentario.

Por non mencionar o compromiso de todo o Goberno, non só desta consellería, financeiro a través das axudas que o Igape lle ten avanzado a esta entidade con 600.000 euros de préstamos, máis 300.000, é dicir, preto de 900.000 euros de avais. É dicir, evidentemente, hai un compromiso orzamentario para que esta entidade teña a capacidade de saír adiante.

Ata chegar a este ano 2014 —como lle dicía— onde nos solicitan unha vez máis, a maiores de todo isto, a cantidade...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

(Aplausos.)

Moitas grazas.

Réplica da señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Señora conselleira, tería sido mellor que no tempo que tivera explicara aquí... respondera ás preguntas que lle facemos: ¿vai vostede deixar que esta entidade entre en concurso de acredores ou vai traballar man a man co comité de empresa, cos traballadores e coas traballadoras para que non se dea esa situación? Porque, claro, relatarnos as axudas que recibiron regradas por lei ou as axudas finalistas que veñen dende o Estado, pois ese coñecemento témolo aquí, tamén documentación onde coñecemos cal é a situación e que a Administración ten unha obrigaón de dar esas axudas regradas.

Pero a pregunta é outra, porque vostede sabe perfectamente que hai empresas que incluso roubaron a esgalla, como Pescanova ou como outras empresas, onde a Administración enseguida se comprometeu e enseguida puxo cartos enriba da mesa. E aquí o que se pregunta é: vostede, diante desta situación, ¿cal é a vontade?, ¿vai saír de aquí, reunirse cos traballadores e traballadoras, intentar buscar unha solución? Vostede non pode botarlle a culpa á xestión, vostede ten como Administración que asumir o problema e ver como se pode solucionar. Porque, de non facelo, deixa 70, máis de setenta persoas, neste momento con diversidade funcional, na rúa; 70 persoas con diversidade funcional na rúa, que non

van atopar outro emprego, que van estar realmente abocadas a unha pensión, á axuda das súas familias. E vostede o que vén aquí contarnos son as axudas regradas que levou esta entidade nos últimos anos.

Efectivamente, hai tres meses non estaba o problema onde está hoxe. Hoxe está moito máis agravado pola inoperancia da Administración galega. Pero, mire, que eu non lle fixen ningunha crítica na primeira intervención, porque só o que nos interesa hoxe desta intervención é un compromiso por parte do Goberno galego. ¿Vostedes a esta xente hoxe están en condicións de dicirlles que van salvar a situación de Aspanas Termal ou que os vai deixar caer?

Podía poñer tamén o exemplo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...da neve artificial, son moitos máis de 300.000 euros...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Réplica da conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Señora Adán, non vou... porque xa levo moito tempo, e levarei todo o que faga falla, falando coa institución e cos traballadores para tentar atopar a mellor solución para a viabilidade e sostibilidade desta entidade.

E cando falo do apoio da Administración a esta entidade, cando lle digo que son 3 millóns de euros o que recibiu só desta consellería esta entidade dende o ano 2009, queroo vincular co seguinte. E é que no ano 2011 esta entidade, por primeira vez, dá perdas en 100.000 euros; no ano 2012 esta entidade, por segunda vez, dá perdas en 300.000 euros, pese a todas estas axudas públicas das que estou falando; no ano 2013 dá perdas de 613.000 euros, pese a todas as axudas públicas das que estou falando.

Señora Adán, comprenderá vostede que no ano 2011, no ano 2012 e no ano 2013 a inoperancia da que vostede fala da Administración non existía, porque estabamos a cumprir con todos os nosos compromisos financeiros e de colaboración ao máximo, e, sen embargo, esta institución estaba a dar perdas. Perdas que volve dar outra vez no ano 2014, para o cal estamos a axudar non só para o seu saneamento con eses 250.000 euros, senón mesmo tamén para contribuír a elaborar un plan de viabilidade. Plan de viabilidade que, evidentemente, ten que cumprir esta entidade, neste caso de saneamento, precisamente para buscar e atopar unha solución que garanta a viabilidade desta entidade.

Así que non intente botar enriba desta Administración a inoperancia do burato que dende hai xa catro anos está xestándose dentro desta entidade. E o que é obvio, polo ben de todos, polo ben dos máis de setenta traballadores que están aí, cos que temos contacto –insisto– diario, e cando digo “diario” é diario dende hai moitísimos meses, polo ben de todos, o que é obvio é que hai que mellorar a xestión, hai que seguir un plan de viabilidade que garanta que van ter non só traballo, senón que ademais isto vai ser sostible.

Hoxe por hoxe, esta consellería non ten nada que responder porque nada me teñen pedido, é dicir, non hai ningunha solicitude de apoio financeiro no día de hoxe sen dar resposta por parte desta consellería. O que me pediron téñeno, e téñeno porque lles corresponde legalmente, porque cumpren con todas as características. O que pediron a esta consellería, cento por cento, téñeno, e no día de hoxe non teñen ningunha petición a expensas de que esta conselleira lles dea resposta. Iso non obvia que hoxe mesmo estiveramos falando con eles, que mañá mesmo volveremos falar con eles.

E outra apreciación, señora Adán: xa que vemos que temos o mesmo obxectivo, tanto vostede coma min, é importante tamén que o obxectivo fose o mesmo dos traballadores da entidade, é dicir, que remen todos xuntos, que non poñan paus nas rodas naqueles que agora se poñen en fronte...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): ...e que dalgunha maneira todos rememos na mesma dirección.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Pablo García García e tres deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o número de explotacións galegas que arrendaron cota láctea na última campaña

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor García para formular a súa pregunta.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señora conselleira.

Como ben sabe, outra cousa é xa se entrásemos a discutir o que ten feito vostede con respecto a isto, dentro de só un mes e medio remata un sistema de cotas no que vimos funcionando o sector lácteo neste país e en toda Europea nos últimos anos; como tamén sabe ou debería saber que este problema de déficit de cota con respecto á produción afecta o Estado español, pero afecta enormemente as explotacións galegas.

Señora conselleira, ¿vostede segue reafirmando o que ten dito aquí en sede parlamentaria e ten dito tamén a través dos medios de comunicación en numerosas ocasións, e, polo tanto, facendo manifestacións a prol dese informe, que só hai tres meses ou catro –creo recordar no último de agosto ou setembro– dicía que íamos ter un sobrepasamento de 300.000 toneladas cando rematara a campaña dentro de mes e medio, e hoxe xa fala só de 16.000 toneladas, e que dalgún xeito incluso se baralla que sexan menos, e vostede daquela cando dicía que ían ser 300.000 toneladas en lugar de corrixir eses informes pois dáballes a razón e dicía que, efectivamente, estaba ben? ¿Reafirmase vostede nesas manifestacións, onde lles dicía aos gandeiros que ía haber multa e, polo tanto, que tiñan que deixar de producir, como se fose tan sinxelo, que tiñan que sacrificar o seu gando porque ao deixar de producir hai dúas opcións: ou sacrificar o seu gando e vendelo ou malvendelo, ou tirar o leite, calquera das dúas bastante malas?

¿Que ten que dicir a eses miles de gandeiros que, polo tanto, fixeron unha desas dúas cousas, ou tamén moitos deles galegos –e é tamén nunha pregunta, a pregunta concreta que lle fago– que tiveron que alugar cota no último ano do sistema de cotas e pagala en moitos casos, que chegou a pagarse a 10 céntimos o quilo? ¿Que lles pode dicir a eses gandeiros, agora que parece ser tal e como calquera persoa normal diría que non vai haber tal sobrepasamento ou non vai haber tal sobrepasamento nas dimensións que vostede dicía, que xa pagou eses 10 céntimos de quilo de cota, é dicir, que xa pagou a supertaxa e non hai quen llela devolva? ¿Que lles tería que dicir a eses gandeiros que vían que cando vostede lles dicía que tiñan que alugar cotas, e as querían sobrepasar nun 5, nun 10, nun 15 ou nun 20 %, virían no programa do Ministerio explotacións –poño exemplo da aragonesa– onde se pasaban un millón e medio de quilos ao mes, sen que a súa conselleira lles dixera que tiñan que deixar de producir, nin que tiñan que vender vacas, nin que tiñan que alugar cota?

¿Como é posible que vostede e a responsable do Ministerio, con 2.500 cotas vivas hoxe arrendadas no último ano de sistemas sigan cobrándose alugueres...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben). (Aplausos.)

Moitas grazas. Moitas grazas, señor García

Ten a palabra a conselleira do medio Rural e do Mar dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor García, alongouse moito no tempo preguntando que eu sei ou o que non sei e non lle dou tempo a facerme a pregunta concreta que viña no documento. Entón, deixando de lado as disertacións, voulle contestar.

Vostede preguntábame cantas cotas se compraran, se cederan e se alugaran. E por ser concreta, cos datos a día onte, porque isto aínda non está pechado, hai 3.803 cesións de

cota ou alugueiros temporais, e isto representa unha cantidade global de 205.666 toneladas. E comparando esta cifra coa campaña do ano pasado, entre o 2013 e o 2014, vemos como na campaña actual a cantidade é moito maior, xa que no período precedente as cifras foron de 1.718 por unha cantidade de 105.583 toneladas, é dicir, un 121 % máis na cifra de solicitudes e un 95 % máis no volume de toneladas que levan aparelladas estas solicitudes.

Entendemos que estes datos son normais dentro da situación como a actual, dado que na campaña en curso, aínda sen rematar, o risco de supertaxa por sobrepasamento da cota é moi alto nas explotacións. Estas explotacións, responsablemente, adquiriron cota en aluguer para amortecer así a posible supertaxa nas súas explotacións.

Sen dúbida, esa era unha situación de ameaza certa, por moito que algúns lle queiran quitar ferro e traten de negalo ou de tildarnos de alarmistas, pero cremos que a postura de responsabilidade é falar do que pode pasar para evitar enganar e problemas posteriores. Por iso, advertimos nos últimos meses, tanto eu como os outros responsables do departamento que dirixo e do grupo parlamentario, da necesidade de moderar a produción leiteira e adecuala á cota dispoñible. Foron polo menos máis de media ducia nesta Cámara e sempre foron feitas dende a responsabilidade.

Aínda non saímos dese risco e debemos de seguir sendo cautos. Estar mellor non é estar a salvo, e creo que todos os datos falan diso. Con datos de novembro, o sobrepasamento da cota de España estaba entre o 0,4 e o 0,7, pero a nivel de gandeiro non se reparte igual, e son o 8,5 % os que en Galicia tiñan en decembro superada a súa cota. Sei de moitas voces que agora, como vostede poñía de manifesto, vendo este sobrepasamento que non acada o 1 %, amosan desdén e séguennos chamando alarmistas. Pero é evidente que de non terse tomado as medidas a tempo esta cifra non sería a mesma. Este Goberno só quere pois non sumar un novo lastre para o sector. Entendemos a quen lle resta perigo á situación, porque lle parece inexplicable e inaceptable, porque é o último ano e a finalización das cotas estaba decidida dende hai moitos anos. Mais, galeguizando un dito castelán, hai que dicir que “ata o rabo todo é touro”, e non vaia ser que agora cando nos quede moi pouquiño nos veña a última cornada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Réplica do señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Señora conselleira, a súa actitude neste tema e a súa xestión neste tema pódense cualificar de calquera maneira menos de responsables. Vostede é unha irresponsable. Vostede ten o tema arreglado, vostede non vai ter cota, vostede non vai ter cota cos gandeiros en vésperas de municipais. Este tema teno arreglado, e seguramente é para o que está vostede, señora conselleira. Pero o sector deixou de producir para non pagar a multa porque vostede llo dixó, e os gandeiros perderon cartos e están peor preparados do que estaban hai uns meses para día o día 1 de abril, que xa lle teño explicado: que non podo producir pouco o día 31 de marzo e o día 1 de abril producir a tope e estar menos preparados.

Polo tanto, vostede foi calquera cousa menos responsable, porque un responsable político responsable –valla a redundancia– o que non podería é ter deixado o sector chegar a esa situación, e vostedes deberían ter articulado medidas para que iso non chegase a ser. Pero o responsable non é sacarse o problema de encima, a tranquilidade é súa. Efectivamente, vostede evitará que haxa supertaxa e vostede evitará o lío da supertaxa, pero non evitou o dano que causou ás súas explotacións, porque vostede, efectivamente, ten o problema solucionado, pero o que alugou eses quilos de cota a 10 céntimos de pouco lle vale, señora conselleira, a súa responsabilidade; xa os pagou, ese xa os pagou. O que tivo que sacrificar animais para non pasarse da cota, porque llo dicía vostede, efectivamente, ese xa está pagando as consecuencias. E, efectivamente, vostede o día 31 de marzo non terá ningún problema e non haberá supertaxa.

Claro, se diagnosticamos que ese era o seu problema, pois, efectivamente, vostede resolveuno. Pero ese non é o problema do sector, e vostede está aquí –entendo– para arreglar e para axudar a arreglar os problemas do sector, non para arreglar o seu problema, porque entón para esa empresa non necesitabamos conselleira.

Señora conselleira, deixe xa de escudarse no sentido de que isto era así. Isto foi así porque se quixo que fose así, e foi así pola deixadez, e entendendo tamén esa deixadez se vostede ten a filosofía de que, efectivamente, non hai problema a pesar de ter feito todo iso e que esta...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

Moitas grazas.

(O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quinta-na Carballo): Grazas, señorías.

Señor García, mire, eu non veño aquí nin facer teatro nin eludir a miña responsabilidade, todo o contrario, asumo a responsabilidade toda desde o minuto un. E dentro desa responsabilidade téñolle que recordar ao sector que este, aínda a pesar de ser o último ano con cota, hai cota, e, polo tanto, este ano tiñamos que axustar. Outros vendéronlle ao sector a historia de que este ano, como era o último ano, xa non ía haber supertaxa e entón non había nada e podía producir sen límite. E iso foi enganar o sector e esa é unha forma irresponsable de traballar o sector. Eu fun sempre directa ao sector e díxenlle: este ano témonos que preparar para o ano que vén sen cotas, pero este ano hainas, e, polo tanto, este ano temos que axustarnos á nosa produción e temos que arbitrar as medidas para facer un bo balance do que son os gastos de explotación e o que son os custos de explotación e o que nós xa temos por esa produción que temos.

E sempre traballamos para defender o sector. E dixemos que o sector produtor ten que facer os seus deberes: organización; a Administración ten que facer os seus deberes: axudarlle a incrementar a base territorial das explotacións; a industria ten que facer o seu papel: tendo unha verdadeira industria aquí en Galicia, que nos falta aínda por ter; e a distribución ten que axudar a industria e tamén que ten que axudar aos produtores.

E tamén fixemos máis, e fomos dicir que había que sacar os nosos produtos fóra de Galicia tamén, porque en Galicia producimos máis do que somos capaces de consumir. E vos tede mesmo riuse nesta Cámara e insultou o noso presidente da Xunta cando dixemos que había posibilidades de mercado con México e con Cuba. E agora vostedes que se riron do noso presidente, vostedes que se rin seguido das actuacións que nós levamos a cabo para defender o noso sector,

resulta que agora piden que se abran mercados co norte de África e con Venezuela. Aí si que debemos de ter moitísimas facilidades para chegar ao mercado. *(Aplausos.)* Cando nós o dicíamos, non era lóxico plantexar esta saída de futuro para o noso sector.

Señor García, nin son irresponsable, nin abandono o sector, nin digo que só estou aquí para lavar a miña cara; estou aquí para defender o sector, para responder polas necesidades que ten o sector e para axudarlle a buscar solución ao seu futuro, que estou convencida de que o seguirá habendo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D.^a María Isabel García Pacín e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a busca dunha estrutura que asegure a viabilidade do sector lácteo galego no marco da desaparición das cotas do leite

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Pacín para formular a súa pregunta.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Rematamos a sesión falando do sector lácteo, xa que coincidimos co sector lácteo cando afirman que vai haber un antes e un despois da vindeira campaña ao desaparecer o sistema de continxencia.

Partimos dunha situación de incerteza para os produtores e compradores, onde se precisan medidas de reforzo para o sector máis feble da estrutura actual, as máis de 10.500 explotacións, que supoñen o 50 %, máis do 50 %, do sector a nivel nacional e máis do 40 % da produción total, onde hoxe os datos medios por explotación consolidan a súa viabilidade, tanto en cota de produción asinada como no número de efectivos, como en superficie da base territorial. Medias que se incrementaron substancialmente nas últimas dúas décadas, co esforzo de investimentos dos titulares e as

políticas de apoio seguidas polas administracións, decididas e eficaces, favorecéndose así a competitividade das explotacións lácteas galegas en comparativa coas doutras rexións ou países.

Cómpre facer unha reflexión seria e ver se as incidencias directas que as administracións tiveron na consecución destes obxectivos iniciais mediante normativas novidosas nos últimos anos, axudas e apoios económicos de diferentes convocatorias e, sobre todo, a incidencia e o papel da Administración no mercado lácteo, fundamentalmente, na consecución de transparencia, do equilibrio, da igualdade nas relacións dos diferentes axentes implicados, co fin de reducir a volatilidade e acadar prezos de leite en orixe que aseguren marxe de beneficios e as fagan máis rendibles.

Pero, señora conselleira, se nos axustamos, a xustificación desta cuestión que hoxe formulamos é a preocupación trasladada en recentes reunións por parte de representantes da produción, preocupación que fixeron súa os voceiros dos grupos da oposición no referente ás inminentes modificacións das normativas vixentes e novas normativas que se van publicar, e as demandas ao respecto trasladadas polo Goberno galego na defensa dos intereses do sector.

Fíxose evidente que non puido acadarse un consenso ou acordo, cando cuestións demandadas non son viables, porque as normativas europeas así o impiden. Mesmo se segue mirando cara a outros países como Francia e inténtanse copiar eses decretos. Eu pregunto: ¿é que en Francia son máis listos e teñen xeito de eivar ou deixar de lado os regulamentos europeos? Ou é que ao mellor no seu tempo, porque tiveron tempo e oportunidade, gobernos socialistas..., se en Francia, por exemplo, o mediador é unha figura que impón, que é unha obrigatoriedade, ¿por que non se trasladou daquela á normativa nacional? Son cuestións que hoxe demandan, pero que hai ben pouco non se falaba delas.

Señora conselleira, existindo cuestións de coincidencia de base, preguntamos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pacín.

(Aplausos.)

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quinta-na Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora García Pacín, como vostede ben sabe, a viabilidade das nosas explotacións lácteas vai vir dada por asegurar a competitividade en dúas vías: a que afecta os medios de produción en termos de custo e a que nos leva a plantear a produción en termos económicos, que debe atinxir os ingresos.

No relativo aos medios de produción, un dos factores clave vén dado pola superficie das explotacións. Neste senso, eu supoño que a próxima aprobación da lei que se debateu onte, a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, formará xunto coa Lei de mobilidade de terras, aprobada no ano 2011, e a Lei de montes de Galicia, aprobada no 2012, un corpo legal único e coherente para promover este aumento.

Amais de todo isto, xunto a outro conxunto de medidas que se veñen desenvolvendo, foron quen de dar resposta á nosa maneira de ver, positiva, pero curta, o problema, e déixanos cifras como un aumento na base territorial por explotación láctea nun 248 % entre o 2001 e o 2011.

Pero isto non estaría completo se nos cinguimos aos propios medios de traballo. E niso tamén fixemos un importante transvase de fondos, xa que son máis de 36,4 millóns de euros os achegados ás explotacións nestes dous anos a través de 1.131 expedientes tramitados con base na realización de plans de mellora nas mesmas.

Pero amais das cuestións relativas aos medios empregados, cremos que a outra vía debe de vir dada pola consideración da produción en termos económicos, para mellorar os ingresos das explotacións. ¿Deben vender moito? Si, pero deben vender mellor. Para iso ten relevo fundamental o contido do Real decreto 1363/2012, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, e o Decreto 112/2011, do 3 de xuño, polo que se regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores de leite.

É necesario, en virtude do aproveitamento das posibilidades destas normas, que as organizacións de produtores lácteas

comecen a traballar na liña que marca a normativa legal, co obxectivo de conseguir unhas condicións nos contratos xustas e de adoptar o papel fundamental para o que se constitúen: o de negociador e velar polos intereses do sector. Por iso a Xunta celebra que as organizacións de produtores, por fin, se decidiran a seguir as recomendacións da Administración autonómica e tiveran a ben convocar os compradores de leite para sentarse a negociar os termos da recollida.

Neste senso, cómpre lembrar que son os axentes do sector os que teñen que sentarse a negociar. Se non chegan a un acordo, a normativa contempla a figura do mediador, pero nada tería sentido nin aplicación se non se produce inicialmente a negociación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora García Pacín.

A señor GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, compartimos esa visión a pesar de que aquí hai grupos que pensan que debe ser a Administración quen obrigue a negociar e pacte prezos. Só pedimos que dende a Xunta sigan traballando para que o marco normativo e administrativo reforce aínda máis a capacidade de negociación do sector produtor, e dende as organizacións ou entidades agrarias poñan en marcha as ferramentas que lles outorga ese corpo normativo.

Por iso propuxemos diante das organizacións agrarias e do resto dos grupos, no relativo ás administracións, que se defina a figura do mediador e o Código de boas prácticas mercantís no vindeiro regulamento de desenvolvemento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, para que dende o carácter independente poida intervir en caso de conflito na negociación de produtores de leite e das súas asociacións coa industria, cousa que parece que vai ser; e que a modificación do real decreto, ao que fixo vostede referencia, e o regulamento de desenvolvemento da mesma lei antes mencionada sexan publicados de xeito que estean vixentes para o inicio da vindeira campaña láctea antes do día 1 de abril deste ano, cousa que tamén parece que vai ser.

E no relativo ás entidades do sector, instar a que as organizacións de produtores lácteos ou as súas asociacións, no ámbito de actuación autonómico galego, desenvolvan as funcións que a negociación colectiva permite ao sector lácteo como excepcionalidade, ao non verse afectadas pola normativa da competencia dun xeito activo e xeneralizado, co fin de lograr, entre outros aspectos, os referidos a tolerancias de volume, avais de solvencias dos primeiros compradores e outras cuestións concretas contempladas no contrato.

Vemos que vostedes van cumprindo, a outros cústalles máis. Esperemos que se habiliten as condicións para que non teñan excusas e acaben recoñecendo tamén que Galicia mantén o liderado nas accións en favor do lácteo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora García Pacín, que non lle caiba a menor dúbida de que nós imos seguir traballando en todos os campos necesarios para mellorar o noso sector lácteo, vímolos facendo así dende que chegamos ao Goberno e seguirémolos facendo. Hai quen vai cambiando o rumbo e hai quen cando lle pasan as cousas e están eles no Goberno non se enteran de que pasan. E, claro, a min faime fai moita graza cando din: ¡ui!, agora acábanse as cotas, hai que pedir que sigan as cotas. ¡Oia!, no ano 2006 parece que non era importante que seguisen as cotas, no ano 2009 parece que tampouco era importante que seguisen as cotas e, de repente, nos anos 2012, 2013 e 2014 agora si que é importante que sigan as cotas. Bueno, a iso xa estamos acostumados.

Como no caso da figura do mediador. ¿Que propuxo Galicia? Que teñamos a posibilidade de negociar todos igual ao longo da cadea alimentaria. E estanse facendo todas as posibilidades de xogo habidas e por haber. O que non se pode negar é que hai unha lei, que vén do Goberno do señor

Rodríguez Zapatero, onde se creaba a figura do mediador, e di que esa figura ten que ser en todo caso de voluntariedade, imparcialidade, neutralidade e confidencialidade, e ten que ser voluntariedade, é dicir, se se quere que exista a figura do mediador existirá. ¿Que levamos feito nós? A petición de Galicia, ¿que se leva feito no Ministerio, no Magrama? Poñer a figura do mediador, aí, a disposición do sector. E se o sector se senta a negociar e non chegan a un acordo, terán a posibilidade de acudir a ese mediador para que poida haber un acordo entre as dúas partes. Pero o primeiro que teñen que facer é sentarse a negociar.

O que nunca fará esta Administración, señora García Pacín, que non lle caiba a menor dúbida, é meter o sector nun callejón sen saída. Eu non me vou sentar a negociar os prezos, porque con iso o único que conseguirei é que o Tribunal da Competencia sancione o sector produtor, como ten pasado noutras ocasións, e por desgraza precisamente no sector pesqueiro, como consecuencia dunhas malas negociacións feitas no seu día.

Así é que quen ten que negociar é o sector, o sector ten a posibilidade, ten a ferramenta, e nós, dende logo, imos seguir traballando co Ministerio para que esa Lei da cadea alimentaria que se está desenvolvendo en reais decretos cada día lle dea máis forza ao sector produtor, que é o que máis necesidades ten de saír adiante.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Esgotada a orde do día, levantamos a sesión.

Boa tarde.

Remata a sesión ás cinco e cincuenta e sete minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25